# MEMORIA DE CALIDADE

## ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA

## Curso Académico: 20/21

**Aprobada en Comisión de Calidade da EPSE: 19 de Maio de 2022**

**Aprobada en Xunta de Escola da EPSE: 8 de Xuño de 2022**

## Índice

1. **Introdución** ... 2
2. **Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados** ... 6
   Directriz 1. Política e obxectivos de calidade ... 6
   Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos ... 15
   Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado ... 50
   Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos ... 86
   Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos ... 98
   Directriz 6. Información pública ... 108
3. **Plan de Melloras do centro e dos títulos** ... 110
4. **Modificacións nos diferentes títulos** ... 169
5. **Listaxe de evidencias e indicadores** ... 170

# 1. Introdución

De acordo co Procedemento de Medición, análise e mellora (Código: PE-02) a análise de funcionamento de cada un dos títulos e do SGC de **forma global** queda recompilada na Memoria de Calidade do Centro, que pecha o ciclo de calidade anual do centro.
A EPS de Enxeñaría é un centro que posúe a acreditación institucional ata o 2023 (Certificado de implantación do SGC na EPSE), introducida polo Real Decreto 420/2015 do 29 de maio, polo que a Memoria de Calidade do centro constitúe **o único documento** que recolle o seguimento dos títulos e do propio Sistema de Garantía de Calidade (SGC) tendo en conta a súa planificación estratéxica e os seus obxectivos, no marco da planificación da institución.

## 8.1. Estrutura do Centro

De acordo cos Estatutos da USC, os órganos de goberno da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (Fig. 1) unipersoais son: Director/a; secretario/a; subdirectores/as e os colexiados: a Xunta de Escola.
O Centro, de acordo co seu Regulamento de Réxime Interno (RRI) vixente (aprobado no Consello de Goberno do 9/11/2018), conta actualmente coas seguintes comisións:

1. Comisión Permanente e de Coordinación.
2. Comisión de Calidade do Centro.
3. Comisións de Título (1 por cada titulación adscrita ó Centro: GEC, GEAA, GEFMN, GEXT, GP, GR, MEM, MEA, MDP, MXSTT, MUOESANT, MUSANT).
4. Comisión de Docencia, Validacións e Intercambios.
5. Comisión das Fincas de Prácticas.
6. Comisión de Igualdade de Xénero.
7. Comisión de Normalización Lingüística.
8. Comisión de Biblioteca.

Os departamentos con encargo docente na Escola Politécnica Superior de Enxeñaría son 28, dos cales, dous teñen a súa sede no centro que son o departamento de Enxeñaría Agroforestal e de Produción Vexetal e Proxectos de Enxeñaría.




*Fig. 1 Estrutura dos órganos de goberno da EPS de Enxeñaría.*

## 1.2. Documentación de referencia do centro

- Regulamento de Réxime Interno da EPS (aprobado en Consello de Goberno do 9/11/2018)
- Manual do Sistema de Garantía de Calidade
- Manual de Procesos do Sistema de Garantía de Calidade
- Prórroga do Plano Estratéxico da EPS (PE20/22)
- Prórroga Programación Plurianual da EPS (PP20/22)
- Normativa de Traballos Fin de Grao e Máster
- Normativa de Prácticas Externas
- Plano de autoprotección da EPS
- Memorias dos grados e dos másters (no menú de estudos na Web do centro)

## 1.3. Estrutura da EPS de Enxeñaría para o desenvolvemento do SGC

As peculiaridades propias dun centro politécnico fan necesario que a estrutura de xestión da calidade sexa multinivel. O equipo directivo, dende o curso 2014-2015, apostou por unha Subdirección de Calidade que se ocupa do bo funcionamento do SGC e, adicionalmente, asume o cargo de Responsable de Calidade do Centro (RCC). A partir do curso 2017-2018, o centro conta cun Coordinador de Calidade (CdC) que reforza a área de Calidade do centro.

A gran diferenza de competencias a adquirir nas cinco titulacións de grao fan necesario que sexan as Comisións de Título (CT) as que desenvolvan a xestión de calidade específica de cada un. No actual Regulamento de Réxime Interno (RRI) do Centro especifícase unha composición das CT que quedan constituídas polo Director, un coordinador/a, o/a responsable de Calidade do Centro (RCC), ata cinco coordinadores/as de curso/mención ou especialidade, o/a responsable apoio á xestión do centro, dous estudantes do título. A Dirección, previa consulta do/a Coordinador/a do Título, será responsable de propoñer os membros da Comisión de Título. Na xestión da calidade dos títulos da EPS de Enxeñaría cobran unha especial relevancia os/as Coordinadores/as de Título que serán propostos pola dirección do Centro e ratificados pola Xunta de Escola. Estes cargos serán responsables de liderar e organizar a correspondente Comisión do Título coas seguintes funcións: a) analizar a información proporcionada polo/a Coordinador/a do Título e RCC para levar a cabo o seguimento do Título; e b) Realizar un informe dos resultados do título e as propostas de mellora e, cando sexa necesario, facer proposta de modificación ou suspensión deste.

A Comisión de Calidade do Centro (CCC) é o órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do SGC do Centro, actuando ademais como medio de difusión interna do Sistema e dos seus logros. Tamén é o espazo de coordinación e busca de directrices comúns das Comisións de Títulos. Na busca deste último obxectivo, todos os/as Coordinadores/as de Título son membros natos da Comisión, que completa o seu panel co Director, un coordinador/a de calidade (CdC), o/a responsable de Calidade do Centro (RCC), catro representantes do PDI, un representante de cada un dos departamentos con sede no Centro, o/a responsable apoio á xestión do centro e dous estudantes do centro. A coordinación desta Comisión está en mans do Responsable de Calidade. As súas funcións principais son: realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGC no Centro, así como a elaboración da Memoria de Calidade do Centro.




*Fig. 2 Estutura do SGC da EPS de Enxeñaría.*

### 1.4. Cambios na estrutura para o desenvolvemento do SGC

Non se precisaron realizar cambios na estrutura do SGC durante o curso 20/21.

### 1.5. Procedemento de elaboración da Memoria de Calidade

O procedemento que se sigue na EPS de Enxeñaría, non difire do xeral empregado para toda a USC, e queda reflectido no seguinte gráfico.




*Fig. 3 Proceso seguido para a elaboración da memoria de calidade.*

## 1.6. Títulos impartidos na actualidade

A EPS de Enxeñaría conta na actualidade con 6 titulacións de Grao (dúas delas coordinadas nun dobre grao: GEAA e GEFMN) e 6 titulacións de Máster:

- Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural (GEFMN)
- Grao en Enxeñaría Civil (GEC)
- Grao en Enxeñaría Xeomática e Topografía (GEXT)
- Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria (GEAA)
- Grao Interuniversitario da Paixase (GP)
- Grao en Robótica (GR)
- Máster Universitario en Enxeñaría de Montes (MEM)
- Máster Universitario en Enxeñaría Agronómica (MEA)
- Máster Universitario en Dirección de Proxectos (MDP)
- Máster Universitario en Xestión Sustentable da Terra e do Territorio (MXSTT)
- Máster Interuniversitario en Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos non Tripulados (MUOESANT)
- Máster en Sistemas Aéreos non Tripulados
- Máster Interuniversitario en Sistemas Aéreos non Tripulados (MUSANT)

## 1.7. Cambios na oferta de títulos impartidos no centro

- Títulos *en proceso de extinción*:
  - Grao en Enxeñaría de Topografía e Xeomática (calendario de extinción).
  - Dobre Grao en GEXT e GEC (iniciou a extinción no curso 2017-18).
  - Máster Universitario en Xestión Sustentable da Terra e do Territorio (en extinción no curso 2020-21).
  - Máster Interuniversitario en Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos non Tripulados (en extinción no curso 2020-21)

## 2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

**Directriz 1. Política e obxectivos de calidade**

**Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.**

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

### 1.- Vixencia da Política de Calidade

A Escola Politécnica Superior de Enxeñaría ten como misión formar os mellores profesionais posibles nos ámbitos das titulacións de enxeñaría que imparte, promover o desenvolvemento científico nestes ámbitos e preservar, crear e difundir coñecemento para axudar á sociedade en xeral, e a galega en particular, a conseguir os seus obxectivos sociais, ambientais, económicos e de sustentabilidade.

### 2.- Seguimento do Plano Estratéxico (PE) e da Programación Plurianual (PP) do Centro

A continuación, resumimos os aspectos máis destacados respecto ao seguimento de cada unha das liñas estratéxicas nas que se estruturan na Prórroga do Plano Estretéxico do centro (PPE20/22) válido ata **2022**.

#### Liña Estratéxica 1: Oferta formativa do centro

Nesta liña, o centro mudou a súa oferta para lograr un catálogo de titulacións atractivo (Obxectivos Estratéxicas 1.1.). No curso 20/21, leváronse a cabo todos os traballos (comisións redactoras) para poder ofertar dous novos cursos de posgrao. Un deles no ámbiot das CC. Agrarias (Máster en Agricultura Ecolóxica) e outro para dar continuidade aos graduados de Robótica (Máster Interuniversitario en Vehículos Autómos coas tres universidades do SUG). Na Xunta de Escola, celebrada o 10/02/2022, fíxose a declaración de intencións para levar a cabo estes estudos que, están en distinta fases pero todos cos traballos moi adiantados para rematar as memorias de estudos en perídos moi breves de tempo..
Nesta liña, séguense coas accións para mellorar da empregabilidade dos estudantes egresados (Obxectivo Estratéxico 1.2) aumentando a difusión de ofertas de emprego (a través da redes sociais), realización de xornadas formativas de orientación laboral (no curso 20/21 organizouse en tres días e os alumnos participantes poden convalidar 1 ECTS), así como un traballo continuo para incrementar significativamente a bolsa de empresas para a realización de prácticas

externas.

**Liña Estratéxica 2: Fomento da cultura de calidade no centro**

Durante este curso, levaronse a cabo reunións informativas do sistema de garantía de calidade específicas para cada titulación, de xeito presencial, onde se lles expón aos alumnos/profesores o SGC (estrutura, finalizade, obxectivos...), os indicadores de calidade e o plan de melloras para a titulación para intentar mellorar a cultura de calidade e o coñecemento do SGC entre os distintos colectivos (Acción Estratéxicas 2.1 A-C).

Durante o curso 20/21, dentro da aposta do centro por mellorar a calidade dos seus títulos, o centro ostenta o selo EUR-ACE nos graos habilitantes de enxeñaría (Acción Estratéxica 2.2D). Tamén se renovou o selo ata o 24/05/2025, por un período adicional de 3 anos, ás titulacións de GEAA, MEM e GEC ao considerar ANECA que se subsanaran as prescrición impostas inicialmente (principalmente, aumento da docencia práctica, Acción Estratéxica 2.2C ). A día de hoxe, a EPSE é o **único centro da USC** que ten *todos os graos e másteres habilitantes en enxeñería* co selo de calidade EUR-ACE.

Segundo a accións estratéxica s 2.2A-C dende o centro se organizarón cursos propios transversais a todo o profesorado e se fomentou a participación do profesorado en cursos do PFID.

A Comisión de Calidade do Centro (CCC) reuniuse en 5 ocasións ao longo do curso 2020-2021. Todas as ordes do día (son publicadas con antelación nas pantallas electrónicas do centro), acordos adoptados e os procedementos internos aprobados/modificados están publicados na web (intranet do centro e acceso con chave).

**Liña Estratéxica 3: Internacionalización do centro**

A EPS de Enxeñaría organizaou charlas presenciais informativas sobre mobilidade específicas para os alumnos de grao, máster e profesorado, facendo fincapé nos programas que mellor se adapten á titulación cursada e os requirimentos idiomáticos precisos (Accións Estratéxicas 3.1A e 3.1.C). Non obstante, polas restriccións á mobilidade asistiu un alumnado moi reducido manifestando as altas preocupacións que nestes momentos os estudasntes teñen ao viaxar a un pais estranxeiro. Tamén se seguiu colaborando coa Vicerreitoría de Internacionalización e afondar na difusión dos programas de mobilidade entre o PDI, PAS e alumnado (Accións Estratéxicas 3.2A e 3.2.C). En canto aos índices de mobilidade en todos os colectivos do Centro son reducidos, por iso na prórroga aprobada do PPE20/22 séguense impulsando estas accións como prioritarias.

Aproveitando as prescrición do selo EUR-ACE, aproveitose para incluir actividades en lingua estranxeira e afondar na Acción Estratéxica 3.2.B.C.

**Liña Estratéxica 4: Xestión e Organización**

No curso 20/21, o uso da Aplicación de Axuda aos Sistemas de Xestión (AASX) é a única ferramenta que empregan as comisións do centro para ter centralizada toda a documentación e accesible para os procesos futuros de acreditación. Durante o curso 20/21, iniciaronse os traballos para facer a modificación das normativas (e elaborar novas para os graos en implantación) dos TFG/M, a revisión dos criterios dos horarios (a EPSE é un centro moi complexo con moitas titulacións) e a revisión do procedemento da revisión das guías docentes. Respecto da Acción Estratéxica 4.3, levaronse accións para establecer novas canles de comucación entre o alumnado e os seus representantes nos órganos de goberno. Despois de varias probas (aulas virtuais, canles propias de Teams), os propios alumnos concluiros que o mais efectivo eran crear canles de Telegram/Whatsapp propios e xestionados por eles mesmos.

Finalmente, na Acción Estratéxica 4.1 estanse avaliando que procedemento de xestión documental podemos axilizar sen ter que desenvolver novas ferramentar informáticas propias do Centro.

**Liña Estratéxica 5: Relacións coa sociedade**

Nesta liña, a EPS de Enxeñaría segue aumentando a súa presenza activa nas redes sociais (pasamos de 1383 seguidores en Facebook no curso 17/18 a 1558 no curso 18/19 a 1882 no curso 19/20 e a 2095 no curso 20/21, de 291 a 676, en Twitter e de 212 a 828 en Instagram no mesmo período) e o número de visitas aos centros de ensino medio para potenciar os títulos (programa A Ponte e Coordinadores de Título).

A relación cos empregadores e os colexios profesionais é estreita e fluída partillando en distintas actividades do centro como cursos especializados, procesos de acreditación **EUR-ACE** (entrevista específica dos empregadores coas comisións avaliadoras) e o Comité Consultivo externo (Accións Estratéxicas 5.1A-B, 5.2 A-B).

A pesar deste intenso esforzo para presentar as titulacións á sociedade (Accións Estratéxicas 5.1A e 5.1.B) aínda non conseguimos que todos os graos cubran as prazas ofertadas, excepto no dobre grao de GEAA-GEFMN e no grao de

Robótica.

### Liña Estratéxica 6: Infraestruturas e instalacións

Durante este curso, renovároNse os laboratorios de Automatización, Instrumentación para o novo grao de Robótica (dotación de equipamentos informáticos, instrumental de impresión 3D, corte láser e fresadoras mecánica e diverso tipo de ferramentas, etc.) e dotouse o laboratorio de Robótica 1 coa adquisición de novas plataformas (3 brazos robóticos e unha plataforma móbil dotada de braza), habilitación de espazo para unha nova aula de informátova (obra civil, mobiliadrio e 31 ordenadores). Continúase coa renovación do equipamento de proxección nas aulas.
Dadas as altas necesidades de renovación das infraestruturas na EPS de Enxeñería, completar esta liña estratéxica seguirá dependendo das capacidades futuras de financiamento (se inclúe de novo na PPE20/22).

## 3. Seguimento dos Planos de Melloras Anteriores

Neste apartado realízase unha análise dos aspectos máis destacados das Accións de Mellora programadas na memoria de calidade do curso 2020-2021, tanto no Centro como nas diferentes titulacións. O seu estado de execución é unha das fontes principais para as accións que posteriormente se propoñen.

### Evolución do Plan de Melloras do Centro

No curso 2020-21 desenvolvéronse ***9 accións de mellora*** incluídas no Plan de Melloras do Centro, das cales a maioría remataron en tempo e forma excepto AM4.2 (A Vicerreitoría de Titulacións non tomou a decisión de impulsar os convenios internacionales consguidos polo centro) e as subtarefas AM 5-1 e AM6-2 (metodoloxía de aprendizaxe por servizos). A continuación, estendemos os comentarios en cada unha das accións propostas:
A AM1, levaronse a cabo módulo de orientación laboral para o fomento da empregabilidade e emprendemento en colaboración Vicerreitoría de Igualdade, cultura e servizos. As datas de celebración foron os días 12 ao 23 de abril, en quenda de tarde. O éxito das xornadas foi aceptable dado que asistiron 18 do centro (cursos finais) e con enquisas de satisfacción elevadas. Respecto a ampliación e mellora dos programas formativos do centro de posgrao (AM-1.3), reamtaronse os traballos para facer a declaración de intencións (Xunta de Escola do 10/02/2022) da posta en marcha de dous máster: un que abordará a Agroecoloxía e Agricultura Ecolóxica (xa existe un borrador provisional do plan de estudos moi avanzado) e outro para dar saídas aos estudantes do Grao de Robótica titulado Vehículos Autónomos (interuniversitario coas tres universidades do SUG). A promición para aumentar o número de alumnos que realizan prácticas externas (AM1.2) se articularon nunha charlar para toda a EPSE (30 de novembro de 2021) impartida pola Subdirección de Prácticas Externas e Orientación Laboral, para informar a todos os estudantes dos pormenores para realizar as prácticas en empresa. Estas xornadas foron complementadas , por parte dos coordinadores de título, nor charlas informativas aos alumnos sobre o SGC (AM-2).
Coa AM3.1 queremos fomentar a participación do PDI en cursos do programa de formación do profesorado da USC (PFID) e facer unha programación propia do centro de cursos de innovación docente en tecnoloxíasaudiovisuais (docencia asíncrona), realidade virtual/aumentada e procedementos de avaliación, seguimento e motivación do alumnado. Aínda que estamos poñendo en marcha distintas cursos con recursos propios temos que institucionailza estes actividades formativas. Chegamos a conclusión que debemos poñer en marcha unha aula profesional (acción de boas prácticas de calidade 19/20 da USC) para logarar este fin (próxima acción de mellora). En canto a levar un rexistro fiable dos cursos que realiza cada profesor do centro non se consegiu debido a que o profesorado (que participa nestas actividades) non remite ao centro esta información (só temos información dos cursos realizados no programa PFID). Na AM 3.2, desenvolvemos unha ferramenta que nos permite facer un seguimento das viaxes de prácticas para comprobar que todas estas actividades están regladas en horarios e guías docentes. Adicionalmente, verificamos se cumplen unha serie de criterios fixados pola CCC para priorizar o finanzamento de todas (dispoñible na intranet da EPSE). A AM-4.1 levouse a cabo no mes de setembro do 2021, realizando as charlas sobre as competencias e requisitos linguísticos requiridos para a mobilidad, así como as bases das principais convocatorias para a mobiliade. Destacar o pouco éxito (7 e 5 persoas, respectivamente). Achacamos este desinterese ás restriccións existentes en distintos paises a mobilidade por causas da Covid 19. Respecto a AM-4.2, as iniciativas de colaborar coas Vicerreitorías na promoción dos títulos propios no estranxeiro, de momento non se conseguir arrancar por distintos factores (ano eleitoral na USC). Na actualidade, estamos a espera de asinar o convenio de campus internacional de excelencia (campus Terra) coa Xunta de Galicia posto que haberá financiación para accións de captación conxunta no campus Terra. Dende o centro pensamos que este tipo de acción coordinadas e profesionalizadas pode dar un resultado superior aos que vimos acadando os centro por separado (con titulacións duplicadas e baixa demanda no SUG). A

acción AM5.1 non se deu rematado neste curso académico. Na actualidade, aínda se están revisando os regulamentos TFG/M por parte da Subdirección de Organización Académica e as comisións de título para acadar a máxima armonización posible en todas as titulacións (aínda que cada grao ten as súas peculiaridades e necesidades diferenciadoras) e actualización (dispoñibilidade de novas ferramentas informáticas para as entregas). Tamén se está traballando en dous novos regulamentos para o grao en Paisaxe e Robótica.  Os traballos que se rematarán a mediados do ano 2022 polo que será preciso continuar con esta acción de mellora. A AM 5.2, referente a posta en marcha de novas canles de comunicación entre os alumnos e os seus representantes, levouse a cabo en tempo e forma. Coa AM-6.1 levamos accións de promoción e visibilización do centro e as súas titulación (medios de comunicación, redes sociais, programa a Ponte, colexios profesionais, etc.). O resultado final, en termos de captación, seguen sen dar resultados pero si que aumentau o recoñecemento do centro no seu entorno social(prensa local, telexornais, investigadores do centro e premios ao empredemento acadados polo alumnos e organizados polo Progreso). A AM-6.2 orientada a establecer a metodoloxía Aprendizaxe-Servizo non se logrou aumentar o número de profesores que practican a esta modalidade nas súas materias respecto do ano anterior. Débese seguir con accións de mellora nesta liña para lograr que sexa eficaz. A AM8, ten que ver coa renovación das instalacións e adecuación de novos espazos para as novas titulación, levouse a cabo exitosamente: mellora do laboratorio de Instrumentación, posta en marcha do laboratorio de automatización, robótica I e unha nova aula de informática con 30 postos (fondos para o novo grao de robótica). Así como adquisición de novo material para os laboratorios docentes (Física I e II, termotecnica, laboratorios múltiples A e B, vialidade, ecoloxía, novos espazos de mecanización, etc.) a través dun plan propio do centro onde se invertiron, aproximadamente, 20.000€.
A través da Comisión de Igualdade de Xénero (AM-8), o centro segue impulsando medidas para dar visibilidade e valorizar o seu capital docente e científico feminino e incrementar as vocacións femininas no eido das enxeñarías.Na acción AM-9, a Comisión de Normalización Lingüística segue impulsando actividades para a normalización plena do idioma galego no centro.

A análise detallada do desenvolvemento das Accións de Mellora da Memoria de Centro 2019-2020 pode ser consultada no ficheiro anexo AM_CENTRO_21_20.pdf.

### Evolución do Plan de Melloras do Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural

No curso 2020-2021 desenvolvesen as seguintes cinco accións de mellora específicas da titulación (coas súas tarefas correspondentes), ademais das xerais do centro que afectan a todas ou parte das titulacións impartidas na Escola Politécnica Superior de Enxeñaría.

- 2021-GEF-AM-1.1. Obxecto: reforzar a colaboración co Programa A Ponte nas actividades de difusión do Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural entre os estudantes da ensinanza secundaria mediante presentacións, vídeos promocionais, etc. Estado: Completada en tempo e forma. Xustificantes: Nova presentación da titulación, participación nos Encontros virtuais na Zona USC (martes, 23 de marzo, de 11:00 a 13:00 h. e de 16:00 a 18:00 h.;  xoves, 25 de marzo, de 11:00 a 13:00 h. e de 16:00 a 18:00 h.), etc. (consultar a páxina: https://www.usc.gal/gl/encontros-virtuais).
- 2021-GEF-AM-2.1. Obxecto: Realización de charlas informativas aos alumnos sobre os traballos fin de grao (TFG), promocionando a realización de proxectos de enxeñaría. Estado: Completada en tempo e forma. Xustificantes: e-mail enviado a alumnos dos dous últimos anos do grao e do dobre grao o 17/11/2021; Listado de alumnos que confirman a súa asistencia; Gravación da reunión celebrada o 19/11/2021 (asistiron 17 alumnos presencialmente e 9 por Teams).
- 2021-GEF-AM-2.2. Obxecto: Seguir ofrecendo aos alumnos a posibilidade de realizar o seu TFG utilizando de forma conxunta, secuencial e coordinada as actividades que se inclúen en certas materias (traballos, informes, recoñecementos de campo, etc.) como base do seu traballo fin de grao (segundo a análise realizada no curso 2019-20). Estado: Completada en tempo e forma. Xustificantes: Proposta de temas de TFGs derivados da acción de mellora AM_1 do curso 2019-20; e ver o indicado en 2021-GEF-AM-2.1.
- 2021-GEF-AM-3.1. Obxecto: Informar aos alumnos dos detalles da celebración do 8° Congreso Forestal Español (CFE) e promocionar a súa participación no mesmo (presencial ou on-line). Estado: Completada en tempo e forma. Xustificantes: e-mail enviado a alumnos 3° e 4° o 18/11/2021 e listado de alumnos interesados (tres).
- 2021-GEF-AM-3.2. Obxecto: Realización das xestións coa Sociedad Española de Ciencias Forestales (SECF) que lle permita aos alumnos a asistencia ao 8° CFE presencialmente ou on-line, de balde o cunha tarifa reducida. Estado: Completada en tempo e forma. Xustificantes: e-mail de resposta do 8° CFE á solicitude de información sobre axudas ou bolsas para alumnos (01/12/2021).

- 2021-GEF-AM-4.1. Obxecto: Solicitude de información aos profesores da titulación sobre as necesidades de coordinación respecto a temáticas ou ferramentas informáticas transversais entre as distintas materias e/ou niveis da titulación. Estado: Completada en tempo e forma. Xustificantes: e-mail enviado aos profesores da EPSE o 28/06/2021 coa enquisa sobre o uso de Phyton na docencia; Resultados da enquisa (20 respostas) e análise.
- 2021-GEF-AM-4.2. Obxecto: Implementación de propostas de coordinación respecto a temáticas ou ferramentas informáticas transversais entre as distintas materias e/ou niveis da titulación. Estado: Completada cunha prórroga de 3 meses no prazo previsto de execución para coordinar a implementación entre distintas titulacións da EPSE (ver acta da reunión 2021-6 CT GEFMN da comisión de título do 03/12/2021). Despois do análise das enquisas realizadas sobre Phyton (ver 2021-GEF-AM-4.1), acórdase (xunto aos coordinadores doutras titulacións da EPSE) non realizar ningunha acción para a súa promoción ante a falta xeral de interese/utilidade na ferramenta polos profesores da titulación e da EPSE (ver acta da reunión 2022-1 CT GEFMN da comisión de título do 01/02/2022).
- 2021-GEF-AM-5.1. Obxecto: Incrementar e presentar de forma explícita nas guías docentes as actividades vinculadas ao manexo oral e escrito do inglés a realizar polos estudantes. Estado: Completada en tempo e forma. Xustificantes: guías docentes (consultar na web da EPSE).

A análise detallada do desenvolvemento das Accións de Mellora do Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural do curso 2020-2021 pode ser consultada no ficheiro anexo ANEXO_FORESTAL_AM_20_21.pdf

### Evolución do Plan de Melloras do Grao en Enxeñaría Civil

XX
A análise detallada do desenvolvemento das Accións de Mellora pode ser consultada no ficheiro anexo AM_CEC_10_20.pdf

### Evolución do Plan de Melloras do Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria

Para o curso 20-21 programáronse 6 accións de mellora de diferente índole, froito da reflexión no seo da comisión de título e que buscaban acadar a unificación das guías docentes, a mellora da comunicación co alumnado, a simplificación do proceso de entrega e defensa do TFG dos alumnos de doble grao, a obtención de información sobre alumnado egresado, a redución do abandono entre alumnado de primeiro curso e a coordinación entre profesorado para o emprego de ferramentas computacionais. Non todas as tarefas tiveron o éxito previsto se ben incluso éstas nos permitirán progresar na mellora do título a través de novas propostas.
A primeira (GEAA_AM-1) tiña por obxecto que as guías docentes das materias ofreceran unha información completa aos interesados. Revisáronse todas as guías e e corrixíronse todas aquelas que contiñan erros ou información deficiente. A revisión e corrección levouse a cabo por parte dos coordinadores de curso en colaboración cos coordinadores das materias, redactando, ademais, un informe da cada materia. Neste intre, todas as guías docentes das materias están correctamente actualizadas.
A GEAA_AM-2 é unha acción de mellora encamiñada a facilitar a comunicación co alumnado e profesorado a través da aula virtual de coordinación. Con esta finalidade deseñouse unha única aula virtual para todos os cursos do grao máis os TFG, establecendo grupos distintos por curso así como un grupo de profesorado, todos eles separados, co fin de reducir a confusión debido a existencia de numerosas aulas virtuais (ata agora había unha por curso) e evitar saturación de correos ao profesorado que figura como propietario. A aula virtual foi implementada correctamente coa axuda dos técnicos do CETA. Creáronse diferentes caixas separadas para profesorado e alumnado, foro de anuncios exclusivo para alumnado con grupos separados por curso incluíndo o alumnado de TFG, caixas de novas, actividades, cursos e mencións e comisión de título. Púsoxe en marcha en setembro de 2021. Aínda que se logrou implementar e utilizarase durante a totalidade do curso 2021-2, calificouse esta acción como non exitosa debido a unha serie de cuestións que pasamos a detallar: a administración da aula virtual é complexa e non resulta operativa; a aula virtual exclúe aos estudantes de dobre grado, polo que hai que duplicar todas as accións, subindo a información tamén a aula de Dobre Grao; a información que se envía ao alumnado a través do foro creado ao efecto con grupos separados segue chegando a todo o profesorado por figurar como administradores; a aula virtual vólvese visual e operativamente moi complexa ao pretender atender dende unha mesma aplicación a todos os grupos de interese (alumnos de diferentes cursos, profesorado, membros da comisión, etc); hai caixas que non se utilizaron, como a de coordinación e as de varios cursos; as estatísticas mostran un número moi baixo de visitas, sendo as actividades máis

consultadas os horarios o calendario de exámenes e os anuncios, mentras que as “actividades” recibiron entre unha e dúas visitas, as “novas” entre unha e catro e as caixas de “alumnado” entre unha e sete. Para o curso seguinte consideramos máis operativo comunicarnos cos diferentes grupos de interese a través de correo electrónico formando grupos de correo e manter a aula virtual como repositorio de información (horarios, calendarios, etc).

A GEAA_AM-3 buscaba establecer un protocolo de actuación no proceso de presentación de propostas, titorías, elaboración e presentación dos TFG do dobre grao. Debido á dificultade xurídica e administrativa que conleva a modificación das memorias verificadas ou a posibilidade dun TFG único que cubra as competencias de ambos graos, chegouse a un acordo entre as comisións de título creando un protocolo interno que pasamos a expoñer: haberá un fluxo de comunicación continuo entre ambas comisións a través dos coordinadores de TFG e o/s titor/es; o estudante presentará unha proposta en cada titulación, que se aprobarán de maneira consensuada, asegurando que se cumplan os requisitos de cada un dos graos; os tribunais de ambas titulacións faranse nun acto de defensa único; estudiarase a posibilidade de que os dous traballos se presenten nun mesmo documento físico; o tribunal constará de dous presidentes e os membros dos tribunais de ambas titulacións que decidan as Comisións de forma coordinada; recoméndase establecer unha única nota para o TFG completo, aínda que dependerá das peculiaridades de cada TFG. Esta acción poñerase na práctica dependendo dos alumnos interesados en presentar un TFG único en ambos graos.

A GEAA_AM-4 consistiu na elaboración de enquisas destinadas aos recén titulados e a egresados de anos anteriores co obxectivo principal de coñecer a satisfacción do alumnado e permitirnos coñecer aspectos profesionais e carencias formativas. Entre maio e decembro deseñáronse dúas enquisas, unha destinada a alumnado egresado e outra a alumnado que acadara o título no ano 2021. As enquisas introducíronse na aplicación informática FORMS e foron enviadas o 10 de decembro a un total de 134 egresados e a 34 recén titulados. O número de respostas foron reducidas: 20 no primeiro grupo e 5 no segundo, o que supuxo unha participación do 15% en ambos casos. A pesar do número limitado de respostas, éstas arroxaron unha boa información que está en proceso de análise neste momento e que permitirá establecer algunhas accións. Foron especialmente útiles os comentarios persoais dos enquisados respecto aspectos a mellorar no grao ou as carencias formativas que atoparon no seu exercicio profesional.

A GEAA_AM-5 resultou unha acción exitosa no seu conxunto pero que non chegou a acadar toda a utilidade que a comisión esperaba. A través desta acción estableceuse un plan de detección temperá de estudantes de primeiro curso con altas posibilidades de abandono e elaborar un plan de actuación. Este plan consistiu no seguimento temperá da asistencia a clase dos alumnos de primeiro curso. O primeiro obstáculo foi que, debido ao elevado número de alumnos, hai profesores que non fan control de asistencia pero, como son alumnos matriculados na totalidade de materias de primeiro, basta con un que o faga para poder acadar a información precisa. Durante as primeiras semanas detectouse a ausencia reiterada de 6 alumnos. Tras comprobar o estado de matrícula dos alumnos, se soubo que unha alumna tiña aprobada a convalidación polo que non asistía a clase, dous eran do grao de forestais e tres do grao de agrícolas. Comunicouse ao coordinador do grao de forestais o nome dos alumnos que non asistían a clase para que dende a comisión tomaran as accións que consideraran oportunas. Respecto aos tres alumnos de GEAA, tras debater o mellor xeito de actuar, xa que son cuestións persoais e por tanto delicadas, decidiuse non comunicarse de modo directo cos tres alumnos para non inmiscuirnos na súa vida privada, de modo que se tomou una acción dirixida conxuntamente á totalidade do alumnado de 1º curso para obrar con delicadeza e non ferir sensibilidades, así que se enviou un correo a través do campus virtual animando a asistir a clase e mostrando a nosa predisposición axudar a todos os alumnos que tiveran dificultades. Non houbo resposta. A segunda parte da acción, a consistente en actuar directamente sobre os alumnos afectados é a que enturbia a efectividade desta acción. Estamos, neste intre, a espera dos resultados do primeiro semestre para avaliar o % de éxito do alumnado de primeiro curso.

A GEAA_AM-6 consistiu en introducir de forma coordinada ferramentas computacionais nas materias de modo transversal. Fíxose un traballo conxunto entre varios profesores e coordinadores de título. Elaborouse unha enquisa en FORMS que se centrou no interese de implantar Python nas materias, así como outras aplicacións informáticas. Ao término do prazo recolléronse un total de 20 respostas e procedeuse a súa análise. Debido o escaso interese suscitado hacia o Python e a dificultade da súa implantación nas materias decidiuse abandonar a idea. A pesar de todo, a comisión pensa que é de gran interese facilitar ao alumnado o aprendizaxe de ferramentas computacionais polo que se idearán outras accións para a súa consecución.

A análise detallada do desenvolvemento das Accións de Mellora pode ser consultada no ficheiro anexo ANEXO_GEAA_AM_20-21.pdf.

### Evolución do Plan de Melloras do Grao en Enxeñaría Civil

No curso 2020-2021 desenvolvéronse oito accións de mellora incluídas no informe de seguimento. Todas foron rematadas en tempo e forma durante o curso, aínda que vai a ser preciso manter algunha das tarefas tamén nos vindeiros cursos, reformuladas como accións de mellora ou incorporadas como boas prácticas na organización do SGC.
A acción de mellora GEC-AM1 consistiu en desenrolar tarefas que axuden o incremento do número de alumnos no primeiro curso, a través de accións de promoción e visibilización do título. Contaba con dúas tarefas ligadas a presentación da titulación en relación co Programa A Ponte, tanto na Escola Politécnica Superior de Enxeñaría, como nos Centros de Educación Secundaria, así como o emprego das redes sociais e medios de comunicación, con vídeos promocionais e difusión de novas relacionadas co Grao en Enxeñaría Civil, todas elas realizáronse axeitadamente.
A acción GEC-AM2 refírese a accións de mellora para a incorporación dos egresados o mercado laboral, para o cal se levaron a cabo dúas tarefas, destacando as Xornadas de Orientación Laboral, a cal foi suspendida debido a situación sanitaria. Nesta acción realizouse a difusión das ofertas de emprego e de prácticas para os alumnos e egresados.
A acción GEC-AM3 abordou accións para mellorar a mobilidade saínte dos nosos alumnos a través da transmisión e divulgación das diferentes convocatorias e requisitos das mesmas, a acción levouse a cabo axeitadamente, a pesar da situación sanitaria.
A acción GEC-AM4 centrouse na mellora da xestión e a docencia relacionada cos TFG no título: rúbrica, formatos, charla de orientación, publicación das propostas presentadas e as datas de aprobación, a cal realizouse axeitadamente.
A acción GEC-AM5 está ligada a planificación de actividades e tarefas docentes para distribuír a carga docente de maneira máis homoxénea en cada semana do semestre, a acción levouse a cabo parcialmente, posto que tiveron que realizarse axuste nas planificacións docentes durante o curso, para adaptarse a situación sanitaria.
A acción GEC-AM6 atópase ligada o selo EUR-ACE con que conta o título, subdivida en catro tarefas. Nas tarefas GEC-AM6.1 e 6.2 estableceuse a revisión das actividades de docencia práctica das materias, intentando fomentar o seu número e a multidisciplinariedade en relación os resultados de Coñecemento e Comprensión, Análise de Enxeñaría e Investigación e Innovación, coa inclusión de actividades nas Programacións Docentes das materias, atópase en marcha de xeito correcto. A tarefa GEC-AM6.3 relacionase coa corrección de deficiencias na sinalización e actualización de materiais e equipamentos de seguridade e protección fronte a riscos nos laboratorios empregados na docencia práctica do título en colaboración co Centro. Por último a tarefa GEC-AM6.4 refírese á mellora da internacionalización do título, tamén mencionado como aspecto de mellora no Informe EUR-ACE, incorporando novas actividades nas Programacións Docentes das materias nas que se emprega unha lingua estranxeira, o cal levouse a cabo de forma axeitada.
A acción GEC-AM7 abordou o deseño de accións para a mellora da docencia práctica na titulación, revisando as accións levadas a cabo, na que se acadou unha liña de acción que será completada nunha nova AM no próximo curso. Por último a acción GEC-AM8 perseguiu o deseño de accións para mellorar o indicador relativo a porcentaxe de abandono de alumnos de primeiro, accións a continuar coa súa execución nos próximos cursos. En xeral, a análise detallada do desenvolvemento das Accións de Mellora pode ser consultada no ficheiro anexo: ANEXO_GEC_AM_20-21.pdf.

### Evolución do Plan de Melloras do Grao en Robótica

Non curso 2019-2020 desenvolvéronse cinco accións de mellora específicas para a titulación, derivadas todas elas do informe de seguimento do curso 2019-2020. Varias das cinco accións de mellora levadas a cabo durante o curso 2019/20 volverán propoñerse para o curso 2020/21 debido a que é necesario dar continuidade ás actuacións para reforzar e incrementar a súa eficiencia. Durante o curso académico 2020-2021 a Comisión de Título reuniuse para analizar o desenvolvemento do curso e das actuacións de mellora propostas, de xeito que se puideran realizar modificacións para adaptarse ás diferentes circunstancias. Aprobado en acta do día 08/10/21.
De forma resumida as acción de mellora implicaron reunións de coordinación a nivel de profesorado. Creación de grupos de Teams para a coordinación entre profesores do mesmo curso á hora de pedir traballos. Creación de 2 convenios Erasmus con universidades Francesas, e faise fincapé na necesidade de que se hai alumnos interesados en novos convenios deben indicar a que universidade queren ir co fin de poder acelerar os trámites e contactos. Creación dun convenio SiCUE. Considérase que existe unha boa comunicación entre representantes de alumnos e delegados de curso, aínda que se lembra a necesidade de incentivar a elección de representantes en primeiro. Polo momento non se considera que sexa necesaria a creación de novas ferramentas de comunicación. Incluíronse actuacións para tratar de mellorar a motivación dos alumnos cara a materias (principalmente de primeiro curso) nas que adoitan

presentar baixo rendemento. Os representantes de alumnos estarán en contacto cos alumnos para ver se estas accións están a funcionar. Para a captación de máis estudantes de xénero feminino no grao foméntase a participación de alumnas nas actividades de difusión e comisións relacionadas co grado.
A análise detallada do desenvolvemento das Accións de Mellora pode ser consultada no ficheiro anexo ANEXO_GR_AM_20-21.pdf.

### Evolución do Plan de Melloras do Máster Universitario en Enxeñaría de Montes

No curso académico 2020-2021 desenvolvéronse cinco accións de mellora específicas para a titulación, á marxe das desenvoltas para a totalidade das titulacións da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría, que derivaron do informe de seguimento do curso 2019-2020 ou da revisión externa do mesmo por parte da Comisión de Acreditación do selo internacional de calidade EUR-ACE de data 11/22/2021. Non houbo accións propostas polo Comité Consultivo da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría para esta titulación.
Varias das cinco accións de mellora realizadas no curso 2020-2021 volverán propoñerse para o curso 2021-2022 debido a que é necesario dar continuidade ás actuacións para difundir a titulación, para coordinar as materias, para favorecer a mobilidade do alumnado e para mellorar a información achegada aos estudantes, entre outras cousas. Durante o curso 2020-2021 a Comisión de Título reuniuse seis veces para analizar o desenvolvemento do curso e das actuacións de mellora propostas, de xeito que se puidesen realizar modificacións para adaptarse ás diferentes circunstancias.

A análise detallada do desenvolvemento das Accións de Mellora do Máster en Enxeñaría de Montes 2020-2021 pode consultarse no enlace **AM_MEM_20_21.pdf.**

### Evolución do Plan do Melloras Máster Universitario en Enxeñaría Agronómica

A Xunta de Galicia publicou una convocatoria de Másteres de Excelencia do Sistema Universitario Galego, polo que planeouse presentar o MEA para a súa avaliación como Máster de Excelencia do Sistema Universitario Galego (MEA_AM-1). Sen embargo, non se realizou a avaliación por decisión reitoral de non presentar ningún máster da USC. A proposta foi executada e non efectiva.
A partir dunha prescrición da avaliación EURACE 2019, foi necesario revisar os Programas das materias para que coincidiran ca Memoria Verificada, polo que propúxose a MEA_AM-2, a cal foi rematada con éxito (ver guías docentes). Unha prescrición da avaliación EURACE 2019 foi a necesidade de aumentar as competencias en lingua estranxeira. Planeouse una revisión das evidencias do incremento de competencias en lingua estranxeira no MEA (MEA MEA_AM-3). Solicitouse información ao profesorado sobre as actividades en lingua estranxeira. Un total de 7 materias presentaron evidencias do uso de línguas estranxeiras no MEA:

- P4161109 Obtención e produción de material vexetal
- P4161102 Xestión de recursos hídricos
- P4161111 Sistemas de protección integrada
- P4161106 Sistemas de Riego y Drenaje
- P4161107 Alimentación animal
- P4161210 Morfoloxía e fisioloxía da vaca de leite
- P4161117 Xestión loxística no sector agroalimentario

As actividades en lingua estranxeira incluíron revisións de artigos, realización de traballos, material docente, e a oferta dunha materia obrigatoria en inglés. A oferta de materias en inglés está limitada pola esixencia do nivel C1 aos profesores. A proposta foi executada e foi efectiva relativamente, pois compre aumentar a oferta do uso de linguas estranxeiras en outras materias do máster.
A análise detallada do desenvolvemento das Accións de Mellora da Memoria de Centro 2020-2021 pode ser consultada no ficheiro **ANEXO_MEA_AM_20_21.pdf**.

### Evolución do Plan do Máster Universitario en Dirección de Proxectos

No curso 2020-2021 desenvolvéronse as dúas accións de mellora incluídas no informe de seguimento en tempo e forma durante o curso, se ben o resultado final foi moi desigual. A acción de mellora 1 xestionouse de xeito adecuado, se ben o Servizo de Oferta Académica non aceptou a solicitude formulada, argumentando que no Consello de Goberno se aprobara que o nivel B1 era suficiente para o acceso a tódolos títulos, agás o de Filoloxía Hispánica. En relación á acción de mellora 2 discurríu con éxito, sen incidencias destacables.

A análise detallada do desenvolvemento das Accións de Mellora da Memoria de Centro 2020-2021 pode ser consultada no ficheiro **anexo** **ANEXO_MDP_AM_20_21.pdf**

## 4. Os procesos, procedementos e documentación do SGC: necesidade de efectuar cambios na xestión do Sistema de Garantía Interna de Calidade.

Durante o curso 2020-2021, non se realizou ningún cambio documental nin procedural no Sistema de Garantía de Calidade.

## 5. A información relativa á satisfacción dos grupos de interese, queixas ou reclamacións, así como das súas necesidades e expectativas.

Durante o curso 20/21, só houbo 1 reclamación (a través da Oficina de Análise das Reclamacións , AOR). Non se recibiron queixas para ningún dos títulos a través da Oficina do Valedor do estudante.
A reclamación existente ten que ver cun desacordo na aplicación dos criterios de avaliación na materia de Proxectos. No ficheiro axunto, pódense consultar a resolución do caso e as datas correspondentes.
Asemade, a traveso do sistema establecido na Conserxería do centro, non se rexistrou ningunha incidencia.

**Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos**

**Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
    - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
    - cumprimento de guías docentes;
    - procedementos de coordinación,
    - análise do perfil real de ingreso/egreso,
    - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
    - Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

## 1. Análise dos indicadores para o Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural

### 1.1. Cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire

O Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural pola USC habilita para o exercicio da profesión de Enxeñeiro Técnico Forestal segundo se dispón na Orde CIN/324/2009, de 9 de febreiro (BOE de 19 febreiro de 2009), a cal indica os requisitos dos plans de estudos, incluíndo as competencias que os estudantes deben adquirir e a planificación das ensinanzas.
Na memoria do título, a oferta de módulos e materias correspóndese co plan de estudos verificado o 29/07/2010. En 2016 renovouse a acreditación do título e no informe final de avaliación da devandita acreditación indicouse a necesidade de modificar a memoria de título para incluír todos os cambios que se viñeran realizando nos cursos anteriores e que foron reflectidos nos correspondentes informes de seguimento anuais. A memoria modificada da titulación rematouse en outubro de 2017 e foi sometida a verificación perante o órgano correspondente.
Por último, durante o curso 2017/18 a titulación foi avaliada para a obtención do selo internacional de calidade EUR-ACE (European Accreditation of Engineering Programmes). O informe final sobre a obtención do selo, de 24/05/2019, foi favorable e incluía varias recomendacións, que tivéronse en conta á hora de propoñer accións de mellora para o título, que foron executadas nos cursos 2018-2019, 2019-2020 e 2020-21. O 11/11/2021 recibiuse informe positivo da comisión de acreditación do selo EUR-ACE sobre o cumprimento das prescricións establecidas no informe final: as prescricións cumprisen e concedese o selo para o período 25/05/2021-25/05/2024.
En relación co Grao en Enxeñería Forestal e do Medio Natural, a Memoria de Calidade fundaméntase nos indicadores e evidencias dispoñibles, elaborados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) da Universidade de Santiago de Compostela. Non se conta con enquisas formuladas desde a propia titulación, xa que se está elaborando un modelo de enquisa unificado para todas as titulacións da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría.

### 1.2. Cumprimento de guías docentes

As guías docentes de todas as materias do grao foron revisadas e melloradas con vistas á súa aplicación no curso 2021-2022. As guías da titulación xa eran documentos de calidade debido ás sucesivas revisións a que foran sometidas en cursos anteriores. Con todo, a evolución do perfil do alumnado, as directrices que proceden dos procesos de acreditación máis recentes, a necesidade dalgúns reaxustes que só se detectan durante o funcionamento da titulación, e de maneira

moi importante a situación derivada da pandemia os cursos pasados, fixeron necesario introducir para o curso 2021-2022 importantes cambios nas guías docentes, que se centraron nos seguintes aspectos:

- Adecuación das guías docentes do último curso á Memoria modificada da titulación (principalmente en canto a obxectivos, competencias e criterios de avaliación). A memoria do título verificada en 2011 foi modificada en 2016, polo que a adaptación das guías docentes á Memoria modificada realizouse progresivamente, comezando polas materias do primeiro ano do grao no curso académico 2017-2018, as do segundo ano no curso 2018-2019, as do terceiro ano no curso 2019-2020 e, finalmente, as do cuarto ano adaptáronse para o curso 2020-2021.
- Adaptación ao indicado no "Plan de continxencia para o desenvolvemento da docencia no curso 2021-22" elaborado pola USC e aprobado no Consello de Goberno do 30 de abril de 2021), debido á incerteza sobre a evolución da situación sanitaria debida á pandemia. Nestas directrices recóllese, entre outras cosas, a necesidade de manter información referente aos tres escenarios posibles: 1 Normalidade adaptada, 2 distanciamento, e 3 peche das instalacións. Especialmente relevante resulta a inclusión dun plan de continxencia que reflicta as adaptacións necesarias nos apartados de metodoloxía do ensino e sistemas de avaliación previstas para os escenarios 2 e 3.
- Adaptación ao indicado na acción de mellora 2021-GEF-AM-5, relacionada coas recomendacións do selo EUR-ACE, e que consiste en "ampliar as actividades docentes en inglés para conseguir maior internacionalidade do título". Para iso aprobouse a seguinte tarefa: "Incrementar e presentar de forma explícita nas guías docentes as actividades vinculadas ao manexo oral e escrito do inglés a realizar polos estudantes". Solicitouse que de forma voluntaria se incluíse explicitamente nas programacións docentes calquera actividade que inclúa o manexo do inglés (clases, charlas, vídeos, presentacións, elaboración de traballos a partir de bibliografía en inglés, etc.). Dun total de 51 materias, un 31% (16) incluíron actividades en inglés a maiores do uso da bibliografía.

### 1.3. Procedementos de coordinación

A Comisión de Título encárgase da coordinación vertical (entre cursos) e horizontal (entre materias do mesmo curso ou mencións), para o que hai unha persoa que coordina cada curso. A Comisión de Título reúnese con asiduidade para avaliar o devandito desenvolvemento e para realizar as seguintes tarefas:

- Elaboración e execución do Plan de Accións de Mellora do título para o curso 2020-2021.
- Elaboración do Informe de Seguimento do título para a súa inclusión na Memoria de Calidade da EPSE.
- Revisión e informe sobre as guías docentes do seguinte curso académico.
- Análise de horarios de clases e de calendarios de exames para o seguinte curso académico.
- Xestión de Traballos Fin de Grao (aprobación de criterios de avaliación de TFG, avaliación de propostas de TFG, constitución de comisións avaliadoras de TFG, aprobación de actas consolidadas de TFG).
- Asignación de titores académicos para alumnos que realizan prácticas externas.
- Revisión da Programación Docente Anual (PDA).
- Análise da evolución do título.
- Propostas de cambios futuros na memoria modificada do grao.

Para ofertar un valor adicional á formación que reciben os estudantes do grao está a tramitarse a implantación dunha dobre titulación de ámbito forestal entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Turín.

### 1.4. Resultados da aprendizaxe

Para o análise dos resultados das materias existen diferentes procedementos de control a diversos niveis. Os valores globais dos resultados obtidos polos estudantes en cada materia e as taxas de rendemento, éxito e avaliación recompílanse e procésanse pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, que emite informe anual para o seu análise pola Comisión de Título no proceso de seguimento. No centro existe un procedemento de recollida de información centralizado na xestora académica, que recibe copia das listaxes provisionais e as actas definitivas de cada unha das oportunidades de avaliación de cada materia que se imparte na Escola Politécnica Superior de Enxeñaría. Ademais, a Comisión de Calidade do Centro analiza e revisa os informes que presentan nela os coordinadores de cada título coa información recollida en cada Comisión de Título.
As seguintes tres táboas recollen os valores das taxas de rendemento, de éxito e de avaliación para cada curso do Grao desde que se implantou a titulación. Os resultados indican valores case sempre por baixo dos obtidos no conxunto da USC, como é lóxico, pola maior dificultade das titulacións de enxeñería. Pero, con todo, os resultados indican unha clara tendencia á mellora nestes valores nos anos anteriores, aínda que o último curso obsérvase un empeoramento nos

valores (tamén nas medias da USC), que pode deberse ás dificultades asociadas á pandemia e que se espera sexa conxuntural.

| **Taxa de rendemento** | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1º curso | 44,42 | 33,89 | 46,96 | 32,10 | 56,55 | 64,13 | 51,49 |
| 2º curso | 41,86 | 48,21 | 49,08 | 53,12 | 58,85 | 77,96 | 60,04 |
| 3º curso | 81,53 | 89,53 | 89,31 | 84,97 | 88,58 | 91,68 | 86.49 |
| 4º curso | 78,00 | 74,64 | 74,72 | 77,23 | 75,89 | 70,58 | 69,09 |
| Sen asignación a curso | 59,78 | 40,34 | 66,96 | 64,29 | 44,44 | 83,33 | 50,00 |
| Total (%) | 56,56 | 50,68 | 59,74 | 58,18 | 68,66 | 74,30 | 65,48 |
| Media USC | 76,57 | 76,79 | 78,31 | 78,48 | 79,49 | 88,71 | 80,97 |

| **Taxa de éxito** | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1º curso | 54,90 | 55,54 | 67,85 | 64,50 | 71,81 | 82,08 | 69,48 |
| 2º curso | 59,33 | 70,60 | 62,22 | 67,70 | 72,96 | 89,07 | 76,31 |
| 3º curso | 91,13 | 95,26 | 96,45 | 96,29 | 93,57 | 99,29 | 98,35 |
| 4º curso | 95,47 | 95,64 | 96,43 | 96,72 | 93,33 | 94,85 | 94,27 |
| Sen asignación a curso | 96,49 | 100,00 | 91,46 | 100,00 | 100,00 | 100,00 | 100,00 |
| Total (%) | 72,29 | 73,90 | 77,15 | 80,81 | 82,84 | 90,96 | 84,51 |
| Media USC | 85,70 | 86,20 | 87,35 | 87,21 | 87,78 | 94,17 | 87,92 |

| **Taxa de avaliación** | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1º curso | 80,91 | 61,02 | 69,21 | 49,76 | 78,75 | 78,13 | 74,11 |
| 2º curso | 70,56 | 68,29 | 78,88 | 78,47 | 80,66 | 87,52 | 78,67 |
| 3º curso | 89,47 | 93,99 | 92,60 | 88,24 | 94,66 | 92,34 | 87,94 |
| 4º curso | 81,71 | 78,04 | 77,49 | 79,84 | 81,31 | 74,41 | 73,29 |
| Sen asignación a curso | 61,96 | 40,34 | 73,21 | 64,29 | 44,44 | 83,33 | 50,00 |
| Total (%) | 78,23 | 68,58 | 77,43 | 72,00 | 82,88 | 81,69 | 77,48 |
| Media USC | 89,35 | 89,08 | 89,66 | 89,99 | 90,55 | 94,21 | 92,09 |

Cómpre sinalar que os resultados son mellores nos cursos 3º e 4º do Grao, xa que os alumnos se atopan con materias máis específicas da disciplina e teñen pasado xa as dificultades propias das materias de formación básica. A presenza de materias optativas que os estudantes elixen segundo a mención que queren cursar tamén fai que eses resultados melloren nos cursos máis avanzados. En primeiro curso os indicadores teñen en xeral os valores máis baixos, probablemente pola diferencia no grao de esixencia dos estudos universitarios con respecto ao bacharelato.

### 1.5. Análise do perfil de ingreso

Para realizar a análise do perfil de ingreso no Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural durante o curso 2020/2021 utilízanse, entre outros, os indicadores da seguinte táboa e informes específicos que permiten identificar a procedencia dos estudantes, tanto académica (bacharelato ou formación profesional) como xeográfica.

| Código | Nome | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| IN01G | Prazas ofertadas | 80 | 45 | 45 | 45 | 45 | 45 | 45 |
| IN02G | Matrículados | 164 | 156 | 127 | 115 | 100 | 86 | 85 |
| IN03G | Matrícula de acceso a 1º curso | 63 | 38 | 18 | 16 | 17 | 16 | 14 |
| IN04G | Matrícula de novo ingreso por preinscrición | 35 | 30 | 16 | 15 | 14 | 15 | 14 |
| IN06G | Nota media de acceso por preinscrición | 6,88 | 6,30 | 6,35 | 7,27 | 8,53 | 8,45 | 8,07 |
| IN07G | Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis | 77,14 | 58,62 | 68,75 | 92,31 | 91,67 | 85,71 | 85,71 |
| IN08G | Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre | 1,22 | 0,64 | 1,57 | 1,74 | 2,00 | 2,33 | 1,18 |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | matriculados | | | | | | | |
| IN09G | Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados | 6,71 | 7,05 | 5,51 | 6,96 | 6,00 | 5,81 | 3,53 |

O número de matriculados é inferior ao desexado, destacando que nos últimos cinco cursos a práctica totalidade da matrícula foi de novo ingreso por preinscrición, sendo moi poucos os estudantes que se incorporaron procedentes doutras titulacións universitarias. De todos modos, é preciso sinalar que nos seis últimos cursos analizados hai que sumar preto de 10 alumnos cada ano (matrícula de acceso) do Dobre Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria e en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural (14 no curso 2020-21). É importante indicar que a existencia de graos de enxeñaría deste ámbito ou similares nas provincias limítrofes fai que a captación de estudantes sexa máis complexa.

A mellora dos datos de alumnos matriculados en primeiro curso pasa pola promoción da importancia da titulación entre a sociedade. Nesa liña, desde a Comisión de Título traballouse nos últimos anos mediante a organización de actos de difusión na Escola, colaborando tamén co Campus Científico de Verán Xuvenciencia que se celebra no Campus Terra e co Programa A Ponte entre a Universidade e o ensino medio, que organiza desde charlas temáticas nos centros de educación secundaria ata xornadas de portas abertas nos propios centros do campus (estes últimos anos por vía telemática). É preciso continuar a traballar nesa liña e explorar a posibilidade de novas estratexias de captación de estudantes para os vindeiros cursos.

Tamén é importante facer unha labor de difusión doutras características dos estudos que poidan animar a máis persoas a matricularse no Grao, como a posibilidade de matrícula a tempo parcial, a de dispensa de asistencia a clase por motivos laborais ou outras causas xustificadas, a organización de horarios que permitan compatibilizar os estudos con outras actividades, así como as validacións por outros estudos universitarios ou por experiencia laboral.

Na seguinte táboa móstrase a procedencia xeográfica dos estudantes de novo ingreso por preinscrición no curso 2020-21 e pódese observar que practicamente todos proceden de Galicia, e maioritariamente da provincia onde se atopa o centro que imparte a titulación. Este curso non hai novos estudantes estranxeiros (sen contar aos alumnos adscritos a programas de mobilidade), que aínda que son moi escasos aumentaron nos últimos anos, pero no actual influíron as restricións de mobilidade debido á pandemia. É tamén relevante facer mención a que a porcentaxe de mulleres matriculadas nos estudos segue sendo baixa (33 %), probablemente debido a que se trata dun sector que se percibe maioritariamente como masculino. Formúlase a posibilidade de iniciar campañas específicas para mellorar todos estes aspectos.

| Lugar | Matrícula | Lugar | Matrícula | Lugar | Matrícula |
|---|---|---|---|---|---|
| España | 15 | Galicia | 14 | A Coruña | 2 |
| | | | | Lugo | 7 |
| | | | | Ourense | 1 |
| | | | | Pontevedra | 4 |
| | | Outras comunidades | 1 | | |
| Estranxeiro | | Paises Unión Europea ou con acordo | | | |
| | | Paises sen acordo | | | |

### 1.6. Análise do perfil de egreso

Para a análise do perfil de egresado do Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural disponse de diversas fontes de información, xa que ademais do Informe de resultados de información laboral proporcionado polo SIIU do Ministerio de Educación, a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC realiza enquisas aos egresados transcorridos seis meses desde a finalización de estudos.

O primeiro indicador a destacar é que o número de alumnos egresados desta titulación matriculados nos Másteres do centro é baixo, optando a maioría dos que deciden continuar na EPS de Enxeñaría polo Máster en Enxeñaría de Montes, ideado como ampliación dos estudos forestais do Grao.

Os datos do último informe SIIU que están dispoñibles (táboa seguinte) refírense á cohorte de egresados do curso 2013/2014.

| Nombre título | Graduado o Graduada en Ingeniería Forestal y del Medio Natural por la Universidad de Santiago de Compostela |
|---|---|

**Cohorte de egresados: 2013-2014**

| Egresados curso 2013/2014 | 1 año(s) después de egresar (23 de marzo de 2015) | | | | 2 año(s) después de egresar (23 de marzo de 2016) | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Tasa de afiliación | Porcentaje de autónomos | Porcentaje de indefinidos | Grupo de cotización: Titulados | Tasa de afiliación | Porcentaje de autónomos | Porcentaje de indefinidos | Grupo de cotización: Titulados |
| | 75,0% | 0,0% | 33,3% | 44,4% | 83,3% | 0,0% | 60,0% | 50,0% |

| Egresados curso 2013/2014 | 3 año(s) después de egresar (23 de marzo de 2017) | | | | 4 año(s) después de egresar (23 de marzo de 2018) | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Tasa de afiliación | Porcentaje de autónomos | Porcentaje de indefinidos | Grupo de cotización: Titulados | Tasa de afiliación | Porcentaje de autónomos | Porcentaje de indefinidos | Grupo de cotización: Titulados |
| | 83,3% | 0,0% | 57,1% | 90,0% | 83,3% | 10,0% | 66,7% | 80,0% |

Fuente: Variables e indicadores de Seguridad Social. Análisis transversal. SIIU (Ministerio de Educación)

Como pode observarse, eses últimos pero non actualizados resultados sobre inserción laboral dos egresados da titulación son favorables: un ano despois de finalizar os estudos o 75 % dos graduados atópase afiliado á Seguridade Social, porcentaxe que aumenta ao 83,3 % ao ano seguinte. Ademais, en poucos anos os egresados traballan nunha alta porcentaxe como titulados.

No que respecta ás enquisas realizadas aos egresados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, sinálanse a continuación algúns aspectos destacables. En primeiro lugar, a taxa de resposta dos estudantes nos últimos cursos e moi baixa, o que fai que os resultados non sexan significativos. Para o curso 2016/2017 foi do 23,81 % baixando desde entón ata o 13,33 % no curso 2019/2020 (soamente 2 cuestionarios cubertos), con pequenas oscilacións nos anos anteriores. Do curso 2020/21 soamente coñécese que hai 2 enquisas cubertas, pero sen máis datos. É preciso incidir en sinalarlle aos egresados a importancia da súa opinión para o ciclo de revisión e mellora da calidade do grao.

| | Curso 15/16 | Curso 16/17 | Curso 17/18 | Curso 18/19 | Curso 19/20 |
|---|---|---|---|---|---|
| Número cuestionarios cubertos: | 3 | 5 | 3 | 1 | 2 |
| Taxa de resposta: | 17,65% | 23,81% | 15,79% | 8,33% | 13,33% |

No que respecta ao grao de satisfacción coa formación recibida, móstranse a continuación os datos sobre unha valoración máxima de 5, nos que percíbese unha boa puntuación próxima a 3,5 e mantida nos últimos anos (os datos de 2019-2020 non teñen representatividade debido a unha moi escasa participación, como se comentou anteriormente).

| | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Grao | 2,57 | 3,61 | 3,58 | 3,46 | 3,60 | - | 3,39 |

Na seguintes dúas táboas preséntanse os resultados pormenorizados das últimas enquisas realizadas a egresados no que respecta á formación recibida no Grao, correspondentes ao curso 2019/20 (non hai datos do curso 2020/21).

| Valora os seguintes aspectos da formación recibida. | Curso 19/20 | |
|---|---|---|
| | Media título | Media USC |
| Formación teórica | 3,00 | 3,73 |

| | | |
|---|---|---|
| Formación práctica | 2,50 | 2,66 |
| Docentes | 2,00 | 3,08 |

Escala de valoración desde 1(Nada) ata 5(Moito)

| En que medida a titulación contribuíu a que adquiriras ou potenciaras os seguintes aspectos da túa formación? | Curso 19/20 | |
|---|---|---|
| | Media título | Media USC |
| Capacidade de análise | 2,50 | 3,59 |
| Traballo en equipo | 2,00 | 3,36 |
| Capacidade de planificación, coordinación e organización | 2,00 | 3,45 |
| Creatividade | 1,50 | 2,53 |

Escala de valoración desde 1(Nada) ata 5(Moito)

Os resultados son moi inferiores aos acadados como media para a USC, pero recórdase a comentada falta de representatividade das enquisas no curso 2019-2020 debido a unha moi escasa participación. De todas maneiras, formúlase na Comisión de Título a necesidade de fomentar actividades e metodoloxías docentes que traballen os aspectos recollidos nas enquisas.

### 1.7. Análise de se os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria

A comprobación de se os alumnos alcanzan os resultados da aprendizaxe faise en base ás seguintes consideracións: a asistencia a clase, a realización de probas orais e/ou escritas, a realización de exercicios prácticos, o aproveitamento das prácticas, os traballos entregados e/ou expostos, e a participación do alumnado nas actividades da aula. Na guía docente de cada materia indícase o peso que se lle outorga a cada unha destas actividades, nun proceso de avaliación continua que depende da natureza de cada materia. Así mesmo, no caso de optarse pola realización dun exame final, tamén se fixa na guía docente a súa importancia relativa na superación da materia.
Como xa se comentou, durante os últimos cursos levouse a cabo unha revisión anual das guías docentes para garantir que as competencias establecidas pola memoria verificada e pola memoria modificada sexan traballadas e avaliadas.
A comprobación da adquisición de resultados de aprendizaxe realízase tamén a través do Traballo Fin de Grao, que permite comprobar a adquisición de parte das competencias profesionais para as que acredita o título, tal e como neste caso se establece na Orde CIN/324/2009 que regula os estudos habilitantes para a profesión de Enxeñeiro Técnico Forestal. Os resultados da avaliación de Traballo Fin de Grao nesta titulación no curso 2020-2021 foron os seguintes:

- Convocatoria de febreiro de 2021: nesta convocatoria presentáronse 3 TFG, que obtiveron as seguintes cualificacións: 1 sobresaínte, 1 notable e 1 aprobado.
- Convocatoria de xuño de 2021: nesta convocatoria presentáronse 6 TFG, que obtiveron as seguintes cualificacións: 6 sobresaíntes.
- Convocatoria de setembro de 2021: nesta convocatoria presentáronse 7 TFG, que obtiveron as seguintes cualificacións: 1 sobresaínte, 3 notables e 3 aprobados.

Todos os traballos presentados cumpriron cos requisitos esixidos, adaptándose o contido as propostas presentadas, e tendo xustificado o seguimento dos titores correspondentes, os cales emitiron o informe de cada un dos traballos. Tódolos traballos contaron con polo menos un titor, tendo emitido todos eles o correspondente informe sobre cada un dos traballos titorados.

## 2. Análise dos indicadores para o Grao en Enxeñaría Civil

- **cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire;**

O título de Grao en Enxeñaría Civil impártese na Escola Politécnica Superior desde o curso 2011/2012 seguindo a memoria de título verificada en 11/2010 e publicada no BOE (16/04/2011).

No curso 2015/2016 procedeuse á renovación da acreditación para a impartición do título, acadada segundo consta na resolución do 20/07/2016 na que se indicaban diferentes áreas susceptibles de mellora. Establecéronse nese momento unha serie de propostas de mellora que deron lugar á modificación da memoria de título que se realizou durante o curso 2016/2017.
En paralelo a este procedemento, e para cumprir os requisitos establecidos polo decreto 222/2011 elaborouse un Plan de Viabilidade baseado fundamentalmente en tres aspectos: compartir 90 ECTS con outros dous graos que se imparten no Campus Terra, establecer itinerarios de dobres graos con esas titulacións e a internacionalización do Campus Terra. Do Plan de Viabilidade tamén derivan accións de mellora que se desenvolveron no curso 2016/2017.
Esta nova memoria de título (2017) recolle todos os cambios relativos a actividades docentes, actividades de avaliación e competencias transversais, así como modifica a distribución temporal das materias, axusta a carga docente e os contidos para poder compartir 90 ECTS tal e como se establece no Plan de Viabilidade.
Nesa memoria de título (2017) incorpóranse tamén as modificacións e as recomendacións do Informe para a renovación da acreditación do Grao en Enxeñaría Civil emitido pola ACSUG (favorable en data 20/07/2016), no que se refire á inclusión das competencias transversais traballadas e avaliadas nas materias segundo as actividades formativas e de avaliación que se establecen na ficha de cada materia.
A implantación da modificación do plan de estudos foi secuencial, do mesmo modo que se recolle na Memoria de Título para a implantación dun novo grao, de xeito que no curso 2017/2018 implantase o primeiro curso modificado e extínguense as materias do anterior plan de estudos, pero garantindo os dereitos do alumnado. Cando a materia non ten cambios na planificación temporal, na carga docente ou nos contidos o estudante pode cursar a materia equivalente no novo plan de estudos, e no caso de que presente algunha modificación mantense durante un ano a docencia da materia a extinguir e dous anos adicionais o dereito a exame.
Para o curso 2017/2018, planificáronse as materias do plan de estudos modificado en primeiro curso, e as 4 materias de primeiro do plan en extinción que tiveron modificacións substanciais.
No curso 2018/19 impartíronse as materias de primeiro e segundo curso da versión v02 do Grao, namentres que durante o curso 2019/2020 impartíronse as materias de primeiro, segundo e terceiro curso da versión v02 do Grao, cumprindo co calendario previsto de implantación recollido na Memoria modificada de título (2017). Ademais, tamén segue vixente a versión v01, se ven nas materias do primeiro e segundo curso os estudantes desta versión soamente teñen dereito a exame, aínda que poden asistir ás materias equivalentes na versión v02 no caso de que existan. No segundo curso todas as materias da versión v01, excepto unha, teñen equivalencia na nova versión polo que para garantir o dereito dos estudantes á docencia programouse nesta de xeito adicional, de xeito similar ocorreu en terceiro curso, onde se mantivo a docencia dunha materia, a cal se traslada na versión v02 a cuarto.
No curso académico 2019/20 producíronse a maior parte dos cambios de versión por parte de estudantes, aínda que no curso académico 2020/21 contábase con algo máis do 35% dos alumnos vencellados a versión v01, destacando que a maioría eran alumnos do Traballo Fin de Grao, non observándose incidencias no proceso final de adaptación da vella versión a nova.
Por outro lado, dentro do ciclo de mellora continua da calidade do Grao, cabe destacar que durante o curso 2017/2018 se iniciaron os traballos para a obtención do Selo Internacional EUR-ACE coa elaboración da documentación a presentar diante da ANECA e a ENAEE e a recepción da visita do panel de expertos os días 18 e 19 de xullo de 2018. Durante o curso 2018/2019 chegaron os informes de valoración das actividades docentes que se realizan no Grao, inicialmente un informe provisional ao que se presentaron certas alegacións e un informe definitivo que motivou a elaboración dun Plan de Melloras que se incorporou xa durante o curso 2018/19 no plan de actuación anual do título. Con posterioridade, nun informe datado o 30 de xullo de 2019 a Comisión de Acreditación do Selo Internacional de Calidade EUR-ACE confirma a obtención do mesmo polo Grao en Enxeñaría Civil impartido na Escola Politécnica Superior de Enxeñaría da Universidade de Santiago de Compostela. Nos cursos 19/20 e 20/21 leváronse acabo diversas accións, recollidas no Plan de Melloras prevista na Memoria de Calidade do Centro, respecto a titulación, no tocante o cumprimento das dúas Prescricións e a Recomendación que a ANECA tiña subliñado, no documento final relativo a obtención do Selo Int. De Calidade EUR-ACE.

Con data 11 de novembro de 2021 emitiuse a concesión da renovación do selo EURACE sen prescripcións dende o 25 de maio de 2021 ao 25 de maio de 2024, debido a que se considerou axeitado o cumprimento que se fixo do plan de melloras.

- **Cumprimento das guías docentes:**

Durante os últimos cursos académicos estableceuse un procedemento de revisión das programacións docentes das materias por parte da Comisión de Título, e tamén de seguimento do seu cumprimento. Os coordinadores de cada materia envíanas ao coordinador de curso que revisa que sexan coherentes coa memoria de título, que cumpran os requisitos establecidos en contidos, actividades docentes e actividades de avaliación, e que as ponderacións de cada unha desas actividades na avaliación final cumpran o acordo previo que é o establecido na memoria de título (2017). Esa revisión analizase nunha reunión da Comisión de Título e as conclusións transmítense de novo aos profesores da titulación que son os encargados da publicación das programacións docentes na plataforma institucional.

Esas programacións docentes que se atopan públicas na web antes do período ordinario de matrícula dos estudantes, están verificadas e aprobadas tanto polos Consellos dos Departamentos responsables da docencia coma da Xunta de Escola da EPS de Enxeñaría.

Para garantir o cumprimento dos contidos das Guías Docentes, dende a Comisión de Calidade do Centro elaborouse unha plantilla para axudar na súa revisión por parte das Comisións de Título. O proceso finalizou coa emisión do informe de revisión para cada curso do GEC, aprobado na CT do 01 de xuño de 2021, os informes de cumprimento das guías docentes tralas revisións efectuadas das Guías Docentes, atópase no seguinte enlace: CURSO21_22.

O seguimento do cumprimento das guías docentes, ademais da dispoñibilidade dos coordinadores de curso e do coordinador de título para que os estudantes realicen as queixas ou suxestións que consideren oportunas, conta con dous procedementos de control.

-Por un lado, ao finalizar a docencia de cada semestre, cada coordinador de curso convoca aos coordinadores das materias a unha reunión na que se analizan as incidencias que se puideran producir na docencia xa impartida, se intentan detectar duplicidades e incumprimentos, e se comentan as actividades e metodoloxías docentes empregadas. A planificación destas reunións queda tamén recollida nas actas da Comisión de Título.

-Por outro lado, ao finalizar a docencia de cada curso académico realizase unha charla informativa impartida pola Comisión de Título á que se convoca a todos os estudantes da titulación, ademais de tratar temas relacionados coa matrícula do curso seguinte, proporcionar información específica sobre prácticas externas, programas de mobilidade e normativa específica de Traballos Fin de Grao, ábrese unha rolda de intervencións para que os estudantes indiquen as incidencias que se puideran producir na docencia. Nos cursos 2019/20 e 2020/21 non foi posible levar a cabo esta charla por motivos sanitarios pero que se substituíron polo contacto continuo cos representantes de estudantes na Comisión de Título.

No curso 2020/21 debido a situación sanitaria foi preciso abordar cambios nas programacións docentes, en particular nas materias do segundo semestre, en relación o tipo de docencia, maioritariamente virtual, empregando MS Teams, así como preparando novos materias docentes dispoñible para a docencia asíncrona. Estas accións foron necesarias naquelas actividades a desenrolar nas dúas semanas que indicou a Consellería nas clase non se podían impartir de xeito presencial (febreiro de 2021), polo que ou ben as clases foron telemáticas, ou ben reprogramadas de xeito presencial no resto do semestre.

- **Procedementos de coordinación:**

Ademais dos procedementos de coordinación comentados no apartado anterior, dedicados á verificar o cumprimento das guías docentes, que permiten detectar incidencias na docencia e incumprimentos ou solape de contidos nas distintas materias da titulación, tamén se realizan contactos frecuentes entre os coordinadores das materias e o coordinador de curso correspondente para a elaboración dos horarios do curso seguinte.

A elaboración dos horarios realízase atendendo á necesidade de que se produzan os menores solapes posibles entre cursos consecutivos, á dispoñibilidade do profesorado e das aulas e laboratorios específicos e tamén á planificación das actividades docentes durante cada semestre, de maneira que se poida repartir de maneira homoxénea a carga docente

entre todas as semanas do semestre. Tívose en conta asemade, os tres escenarios de docencia que estableceu a Universidade, para impartir a docencia no curso 2020/21, a hora de establecer estes horarios, debido a limitación nos espazos.
A planificación deses contactos e o resultado final dos horarios recóllese nas actas das reunións da Comisión de Título.
Tamén se elabora co mesmo procedemento o calendario de exames para todas as materias do título, para distribuír as probas de avaliación no período establecido pola USC. Sempre que sexa posible, transcorren máis de 48h entre probas de materias do mesmo curso académico, ou da mesma mención, distribuíndoas tamén atendendo ao número de alumnos matriculados en cada materia. O calendario de exames tamén se aproba nunha reunión da Comisión de Título, polo que os representantes dos estudantes poden participar no seguimento desde procedemento.
Desenrolouse a acción GEC_AM5, relativa a mellora da planificación de actividades e tarefas docentes, perseguindo a distribución equilibrada da carga docente entre as diferentes semanas de cada semestre. Asemade para a aprobación dos calendarios de exames tivéronse en conta as suxestión dos estudantes para separar materias tradicionalmente máis difíciles, este aspecto foi abordado na reunión da CT do 6 de xullo de 2020.

- **Resultado de materias:**

Para o análise dos resultados das materias existen diferentes procedementos de control a diversos niveis.
Os valores globais dos resultados obtidos polos estudantes en cada materia e as taxas de rendemento, éxito e avaliación recompílanse e procésanse pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, que emite informe anual para o seu análise pola Comisión de Título no proceso de seguimento.
A nivel de centro, existe un procedemento de recollida de información centralizado na xestora académica, que recibe copia das listaxes provisionais e as actas definitivas de cada unha das oportunidades de avaliación de cada materia que se imparte no centro. Ademais, a Comisión de Calidade do Centro analiza e revisa os informes que presentan nela os coordinadores de cada título coa información recollida en cada Comisión de Título.
Por último, a nivel de Comisión de Título analízanse os indicadores globais no momento da realización do seguimento anual, pero tamén mediante as reunións de coordinación que se realizan por cada semestre e cada curso, á que están convocados todos os coordinadores de materias e o coordinador de curso. Os informes desas reunións, recollidos nas actas das reunións das Comisión de Título recollen os datos proporcionados en cada oportunidade de avaliación para cada materia, así como a percepción que ten cada profesor sobre a docencia impartida e o grao de coñecemento adquirido polos estudantes.
As seguintes táboas recollen os valores das taxas de rendemento, de éxito e de avaliación para cada curso do Grao nos anos desde que se implantou a docencia. En todos os casos, os valores están por debaixo dos obxectivos inicialmente fixados na memoria verificada, pero se atopan nos valores habituais para os estudos desta rama de Enxeñaría e Arquitectura, lixeiramente por debaixo da media da rama na USC.

| **Taxa de rendemento** | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1º curso | 45,38 | 43,11 | 29,70 | 43,32 | 39,12 | 37,14 | 37,36 |
| 2º curso | 48,72 | 62,13 | 51,61 | 51,22 | 48,87 | 61,90 | 45,00 |
| 3º curso | 52,33 | 51,82 | 54,80 | 56,16 | 56,74 | 75,70 | 60,55 |
| 4º curso | 69,08 | 76,16 | 77,26 | 74,55 | 75,52 | 76,97 | 64,83 |
| Sen asignación a curso | 70,08 | 76,50 | 65,22 | 89,74 | 78,95 | 91,37 | 50,00 |
| **Total (%)** | **54,73** | **59,45** | **55,25** | **57,25** | **57,04** | **66,11** | **51,31** |
| **Media Area Enxeñaría e Arquitectura** | **66,22** | **66,96** | **67,32** | **68,93** | **70,73** | **78,58** | - |

| **Taxa de éxito** | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1º curso | 64,88 | 65,51 | 49,74 | 57,63 | 65,31 | 61,90 | 55,28 |
| 2º curso | 65,29 | 79,17 | 75,39 | 73,04 | 68,42 | 81,25 | 62,79 |
| 3º curso | 64,95 | 65,24 | 68,24 | 72,42 | 75,37 | 91,10 | 76,55 |
| 4º curso | 98,50 | 99,68 | 98,83 | 98,21 | 97,8 | 98,48 | 98,88 |
| Sen asignación a curso | 94,64 | 100,00 | 100,00 | 100,00 | 100,00 | 91,37 | 100,00 |
| **Total (%)** | **73,63** | **78,78** | **75,77** | **75,95** | **79,38** | **87,01** | **73,12** |
| **Media Area Enxeñaría e Arquitectura** | **80,69** | **82,32** | **81,57** | **82,89** | **83,49** | **88,59** | - |

| **Taxa de avaliación** | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1º curso | 69,94 | 65,80 | 59,71 | 75,17 | 59,90 | 60,00 | 67,58 |
| 2º curso | 74,62 | 78,47 | 68,46 | 70,12 | 71,43 | 76,19 | 71,67 |
| 3º curso | 80,56 | 79,43 | 80,30 | 77,54 | 75,28 | 83,10 | 79,10 |
| 4º curso | 70,14 | 76,41 | 78,17 | 75,92 | 77,21 | 78,16 | 65,56 |
| Sen asignación a curso | 74,05 | 76,50 | 65,22 | 89,74 | 78,95 | 100,00 | 50,00 |
| **Total (%)** | **74,33** | **75,46** | **72,92** | **75,39** | **71,86** | **75,98** | **70,17** |
| **Media Area Enxeñaría e Arquitectura** | **82,06** | **81,34** | **82,53** | **83,16** | **84,71** | **88,69** | - |

Hai que destacar a baixada da taxa de rendemento do primeiro curso que pode estar relacionada cos indicadores IN06G (7,63) e IN07G (76,92 %) que indican o mantemento da nota media de ingreso, e uns valores medios no número de estudantes que acceden con notas superiores a 6, con respecto a análise de datos históricos. Tamén hai que destacar a volta a valores habituais da taxa de rendemento nos cursos 2º e 3º no curso 2020-21 con respecto dos correspondentes aos cursos académicos anteriores.

Cómpre sinalar que en xeral os resultados dos alumnos son mellores no cursos 3º e 4º do Grao, xa que os alumnos se atopan con materias máis específicas da disciplina e teñen pasado xa as dificultades que formulan as materias de formación básica ou do módulo común. A presenza de materias optativas que os estudantes elixen segundo a mención que queren cursar tamén fai que eses resultados melloren nos cursos máis avanzados. No curso 2020-21, os resultados de 2º curso foron lixeiramente superiores os de 1º curso, ainda que voltando a valores do curso 2014/15.

En primeiro curso os indicadores teñen os valores máis baixos, probablemente pola diferencia no grao de esixencia dos estudos universitarios con respecto ao bacharelato e tamén a que unha porcentaxe significativa de alumnos proceden dos ciclos superiores de formación profesional nos que estiveron dous anos sen apenas contacto con materias técnicas e científicas de carácter xeralista, se ben neste último curso teñen descendidos as taxas de éxito para o primeiro curso.

En cursos anteriores, analizando detalladamente os resultados por materias , tense detectado que os resultados máis baixos se atopaban nos segundos semestres. Esta situación explicouse pola distribución de contidos entre materias, pola presencia de materias anuais que liberan a carga de traballo na primeira oportunidade de avaliación do primeiro semestre e a concentran na primeira oportunidade das materias do segundo semestre e tamén a un maior cansancio por parte dos alumnos no final do curso académico. Os exames da primeira oportunidade do primeiro semestre veñen despois dun período non lectivo no nadal, mentres que no segundo semestre comezan practicamente a semana seguinte á

finalización da docencia das materias. En xeral produciuse un retroceso nos indicadores de rendemento, avaliación e éxito, especialmente nos alumnos de segundo, terceiro e cuarto curso, o que supuxo obter os valores totais máis baixos da serie histórica analizada. Estes resultados están vencellados o proceso de reincorporación as aulas, tras a situación extraordinaria do curso 2019-20, debido a COVID-19, xunto coa situación cambiante en relación a aplicación dos diversos escenarios plantexados na USC, agárdase que nos vindeiros cursos o rendemento nas materias acade os valores previos a pandemia.

- **Análise perfil de ingreso:**

Para realizar a análise do perfil de ingreso no Grao en Enxeñaría Civil durante o curso 2020/2021 analízanse, entre outros, os indicadores da seguinte táboa e informes específicos que permiten identificar a procedencia dos estudantes, tanto académica (bacharelato ou formación profesional) como xeográfica.

| Código | Nome | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| IN01G-PC-05 | Prazas ofertadas | 50,00 | 45,00 | 45,00 | 45,00 | 45,00 | 45,00 | 45,00 |
| IN02G-PC-05 | Matrícula | 245,00 | 218,00 | 176,00 | 134,00 | 106,00 | 87,00 | 78,00 |
| IN03G-PC-05 | Matrícula de novo ingreso | 59,00 | 33,00 | 14,00 | 14,00 | 10,00 | 10,00 | 19,00 |
| IN04G-PC-05 | Matrícula de inicio de estudos | 31,00 | 20,00 | 14,00 | 12,00 | 8,00 | 9,00 | 16,00 |
| IN06G-PC-05 | Nota media de acceso por preinscrición | 6,83 | 6,92 | 7,04 | 7,73 | 8,86 | 7,36 | 7,63 |
| IN07G-PC-05 | Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis | 80,00 | 72,22 | 61,54 | 75,00 | 100,00 | 57,14 | 76,92 |
| IN08G-PC-05 | Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados | 0,41 | 1,83 | 2,84 | 3,73 | 6,60 | 4,60 | 5,13 |
| IN09G-PC-05 | Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados | 3,27 | 3,21 | 2,84 | 2,99 | 2,83 | 1,15 | 2,56 |

Respecto á matrícula, o número de matriculados de novo ingreso case duplica os valores do curso anterior, ainda así é inferior ao desexado, destacando que no curso 2020/2021 a práctica totalidade da matrícula foi de inicio de estudos. A maioría proceden do Bacharelato (16), e 2 de Formación Profesional.

<table>
<tr><th>Lugar</th><th>Matrícula</th><th>Lugar</th><th>Matrícula</th><th>Lugar</th><th>Matrícula</th></tr>
<tr><td rowspan="5">España</td><td rowspan="5">11</td><td rowspan="4">Galicia</td><td rowspan="4">11</td><td>A Coruña</td><td>4</td></tr>
<tr><td>Lugo</td><td>6</td></tr>
<tr><td>Ourense</td><td></td></tr>
<tr><td>Pontevedra</td><td>1</td></tr>
<tr><td>Outras comunidades</td><td></td></tr>
<tr><td rowspan="2">Estranxeiro</td><td rowspan="2">7</td><td>Paises Unión Europea ou con acordo</td><td>7</td></tr>
<tr><td>Paises sen acordo</td><td></td></tr>
</table>

No que se refire ao ámbito xeográfico, no curso 2020-21 non se matriculou ningún alumno da provincia de Ourense, e o alumnado procedente de outras comunidades foi nulo. Por outra banda, a porcentaxe de estudantes estranxeiros que inician estudos neste ámbito no Campus Terra respecto dos nacionais é dun 38,8%, unha porcentaxe considerable respecto ó total.

O baixo número de matriculados pode deberse a que, ao seguir inmersos na crise, este sector continúa a pasar por unha situación difícil, xa que non se está invertendo en obra pública. Isto é algo que sen dúbida teñen en conta os posibles alumnos á hora de elixir os estudos nos que despois basearán a súa vida profesional. Tamén inflúe que existen Graos similares nas provincias limítrofes. Isto unido á crise que comentábamos con anterioridade, fai que as familias opten por que os seus fillos estuden máis preto da casa e así reducir gastos, facendo a captación de alumnos realmente difícil.

Segue a ser moi importante a promoción da titulación entre a sociedade. Dende a Comisión de Título traballouse nos últimos anos neste sentido facendo distintas actividades como a organización de charlas de temáticas interesantes para o desenrolo da actividade profesional dos futuros enxeñeiros, colaborando co Campus Científico Xuvenciencia que se celebra no verán no Campus Terra, StemBach, e co Programa A Ponte entre a Universidade e o Ensino Medio. Hai que seguir traballando neste sentido para mellorar a captación do alumnado nos cursos seguintes, na liña da acción GEC_AM1.

Hai unha serie de posibilidades, unha vez que o alumno estea matriculado, que deben darse a coñecer cando comezan as clases ou previamente á matrícula, como por exemplo a dispensa de asistencia por motivos de traballo, a matrícula a tempo parcial, así como as validacións por outros estudos universitarios ou por experiencia laboral.

- **Análise perfil de egreso:**

Para a análise do perfil de egresado do Grao en Enxeñaría Civil disponse de diversas fontes de información, xa que ademais do Informe de resultados de información laboral proporcionado polo SIIU do Ministerio de Educación, a Comisión de Título dispón dunha enquisa de valoración xeral e do procedemento de elaboración do TFG que se lles entrega aos estudantes no momento da defensa deste e tamén porque desde a área de calidade e mellora dos procedementos se realizan enquisas aos egresados en diversos momentos trala finalización de estudos.

O primeiro indicador a destacar é que o número de alumnos egresados matriculados nos Máster do centro é moi baixo, debido a que non existe una oferta directa de continuación de estudos, optando os alumnos que deciden continuar na EPS de Enxeñaría polo Máster en Dirección de Proxectos ou o Máster de Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos non Tripulados. Sen embargo, si se ten detectado unha porcentaxe significativa de alumnos continúan estudos en másters desta ou doutras universidades.
Moitos dos alumnos que se decantan pola opción de seguir estudando dentro do mesmo ámbito elixen o Máster de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos, en todos os casos en universidades fóra do Sistema Universitario de Galicia. Tamén optan por outros títulos de máster non habilitantes deste sector ou tamén polo Máster de profesorado de educación secundaria.
Tamén hai unha porcentaxe significativa que se atopan preparando as oposicións da profesión de Enxeñería Técnica de Obras Públicas que teñen convocatorias abertas na administración autonómica e estatal.

Os datos do último informe SIIU (figura seguinte) que están dispoñibles, refírense á cohorte de egresados do curso 2013/2014, que se corresponden na súa totalidade con estudantes que se adaptaron da anterior titulación de enxeñería técnica de Obras Públicas e que remataron na primeira promoción de Grao, aínda que sen cursar os catro cursos destes estudos.

## I14. Resultados de inserción laboral

| Nombre título | Graduado o Graduada en Ingeniería Civil por la Universidad de Santiago de Compostela |
|---|---|

**Cohorte de egresados: 2013-2014**

| Egresados curso 2013/2014 | 1 año(s) después de egresar (23 de marzo de 2015) | | | | 2 año(s) después de egresar (23 de marzo de 2016) | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Tasa de afiliación | Porcentaje de autónomos | Porcentaje de indefinidos | Grupo de cotización: Titulados | Tasa de afiliación | Porcentaje de autónomos | Porcentaje de indefinidos | Grupo de cotización: Titulados |
| | 33,3% | 0,0% | 66,7% | 50,0% | 50,0% | 0,0% | 50,0% | 50,0% |

| Egresados curso 2013/2014 | 3 año(s) después de egresar (23 de marzo de 2017) | | | | 4 año(s) después de egresar (23 de marzo de 2018) | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Tasa de afiliación | Porcentaje de autónomos | Porcentaje de indefinidos | Grupo de cotización: Titulados | Tasa de afiliación | Porcentaje de autónomos | Porcentaje de indefinidos | Grupo de cotización: Titulados |
| | 50,0% | 0,0% | 40,0% | 50,0% | 66,7% | 0,0% | 50,0% | 50,0% |

Fuente: Variables e indicadores de Seguridad Social. Análisis transversal. SIIU (Ministerio de Educación)

Estes datos non foron actualizados desde a última memoria de calidade do centro, polo que se mantén a mesma análise de cursos anteriores. É importante destacar que é preciso crear un observatorio de empregabilidade e facer un seguimento máis exhaustivo dos egresados para afondar nas posibles melloras do grao.

As taxas de afiliación deses egresados son baixas, aínda que na maior parte con contratos de grupo de cotización Universitario. De todos modos, debe terse en conta que a duración dos estudos de Máster habilitante que dan atribucións profesionais no mesmo sector e de dous anos, polo que o prazo estudado neste informe non é suficiente para acadar unha inserción laboral plena.

No que respecta ás enquisas realizadas aos egresados pola Area de Calidade e Mellora dos Procedementos ACMP (Informe 9), empréganse os últimos datos dispoñibles, relativos as enquisas do curso previo, posto que só están disponibles os resultados conxuntos para os egresados na USC a nivel de Grao, e agrupados por semestres (INF.09_1ºS_2020-2021 e INF.09_2ºS_2020-2021).

Sinálanse a continuación algúns aspectos destacables, dos resultados de anos anteriores, en primeiro lugar, a taxa de resposta dos estudantes nos últimos cursos e moi baixa e segue decrecendo., o que fai que os resultados poidan ser non significativos. Para o curso 15/16 era do 30,77% baixando no curso 16/17 ao 20,51% con valores similares aos obtidos entre os egresados do 17/18. Estes valores tiñan subido ata preto do 43% no curso 18/19, pero neste último curso acadáronse

taxas de resposta similares o curso 14/15. É preciso incidir en sinalarlle aos egresados a importancia da súa opinión para o ciclo de revisión e mellora da calidade do grao.

| | Curso 15/16 | Curso 16/17 | Curso 17/18 | Curso 18/19 | Curso 19/20 |
|---|---|---|---|---|---|
| Número cuestionarios cubertos: | 8 | 8 | 7 | 9 | 2 |
| Taxa de resposta: | 30,77% | 20,51% | 21,88% | 42,86% | 16,67% |

No que respecta ao grao de satisfacción coa formación recibida, a formación teórica percíbese como boa, puntuación de 3,50 na escala de 1-5, lixeiramente por debaixo da media da USC. Sen embargo a puntuación outorgada á formación práctica e sensiblemente baixa 2,00 o que tamén queda por debaixo da media da USC. Destaca tamén a boa valoración dos Docentes: 3,50, por enriba da media da USC.

Indica o teu grao de satisfacción coa formación recibida na titulación:

| | Curso 14/15 | | Curso 15/16 | | Curso 16/17 | | Curso 17/18 | | Curso 18/19 | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Media título | Media USC | Media título | Media USC | Media título | Media USC | Media título | Media USC | Media título | Media USC |
| Formación Teórica | 3,50 | 3,53 | 3,25 | 3,56 | 3,38 | 3,56 | 3,29 | 3,61 | 3,56 | 3,54 |
| Formación Práctica | 2,50 | 2,46 | 2,38 | 2,67 | 2,25 | 3,64 | 1,86 | 2,74 | 2,56 | 2,74 |

*Escala de valoración desde 1(Nada) ata 5(Moito)*

| Valora os seguintes aspectos da formación recibida. | Curso 19/20 | |
|---|---|---|
| | Media título | Media USC |
| Formación teórica | 3,50 | 3,73 |
| Formación práctica | 2,00 | 2,66 |
| Docentes | 3,50 | 3,08 |

Escala de valoración desde 1(Nada) ata 5(Moito)

Sen embargo, a valoración xeral do título é boa, bastante superior á media da USC.

| Satisfacción xeral: | Curso 19/20 | |
|---|---|---|
| | Media título | Media USC |
| Cal é a túa satisfacción xeral coa titulación? | 4,00 | 3,43 |

Escala de valoración desde 1(Nada) ata 5(Moito)

Na seguinte táboa preséntanse os resultados pormenorizados das enquisas realizadas a egresados no que respecta ás competencias que adquiriron e traballaron no Grao, na primeira figura os valores de anos anteriores e a continuación os da última enquisa dispoñible, no que se reduciu o número de preguntas que se lles realizaron.

Valora o grao en que a titulación contribuíu a que adquiriras ou potenciaras os seguintes aspectos da túa formación:

| | Curso 14/15 | | Curso 15/16 | | Curso 16/17 | | Curso 17/18 | | Curso 18/19 | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Media título | Media USC | Media título | Media USC | Media título | Media USC | Media título | Media USC | Media título | Media USC |
| Capacidade para a aprendizaxe autónoma | 4,00 | 3,64 | 3,13 | 3,68 | 4,13 | 3,79 | 3,57 | 3,81 | 4,00 | 3,72 |
| Pensamento crítico | 3,00 | 3,33 | 3,25 | 3,41 | 3,63 | 3,42 | 2,71 | 3,50 | 3,44 | 3,36 |
| Capacidade de comunicación oral/escrita | 2,50 | 3,20 | 3,00 | 3,31 | 3,25 | 3,35 | 2,71 | 3,35 | 3,67 | 3,32 |
| Capacidade de traballo en equipo | 3,00 | 3,27 | 3,38 | 3,44 | 3,63 | 3,50 | 2,57 | 3,48 | 3,56 | 3,36 |
| Capacidade de análise | 3,50 | 3,30 | 2,88 | 3,37 | 3,50 | 3,37 | 2,86 | 3,44 | 3,78 | 3,38 |
| Capacidade de transmitir información, ideas, problemas e solucions dentro do meu ámbito de estudo | 3,50 | 3,27 | 2,88 | 3,36 | 3,13 | 3,36 | 2,29 | 3,40 | 3,89 | 3,33 |
| Capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos e resolver problemas dun xeito creativo ou orixinal dentro do meu ámbito de estudo | 3,50 | 2,90 | 2,63 | 2,97 | 2,63 | 3,01 | 2,29 | 3,05 | 3,22 | 2,92 |

*Escala de valoración desde 1(Nada) ata 5(Moito)*

| En que medida a titulación contribuíu a que adquiriras ou potenciaras os seguintes aspectos da túa formación? | Curso 19/20 | |
|---|---|---|
| | Media título | Media USC |
| Capacidade de análise | 4,00 | 3,59 |
| Traballo en equipo | 3,50 | 3,36 |
| Capacidade de planificación, coordinación e organización | 3,50 | 3,45 |
| Creatividade | 2,50 | 2,53 |

Escala de valoración desde 1(Nada) ata 5(Moito)

Os valores son altos para a capacidade da análise, o traballo en equipo e a capacidade de planificación, coordinación e organización, pero quedan por baixo da media da USC en creatividade, probablemente polo tipo de disciplinas e contidos que se tratan nunha titulación de enxeñaría.
A valoración xeral que fan os egresados do título é boa e o recomendarían a outras persoas e tamén valoran positivamente á universidade no seu conxunto.

| | Curso 19/20 | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Media título | | Media USC | |
| | Si | Non | Si | Non |
| Recomendarías a USC a alguén que quixera cursar a túa titulación? | 100,00% | 0,00% | 72,96% | 27,04% |

| | Curso 19/20 | |
|---|---|---|
| | Media título | Media USC |
| Cal é a túa satisfacción xeral coa USC? | 4,00 | 3,16 |
| En que medida dirías que a USC é unha universidade de prestixio | 4,00 | 3,25 |

Escala de valoración desde 1(Nada) ata 5(Moito)

| | Curso 19/20 | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Media título | | Media USC | |
| | Si | Non | Si | Non |
| Gustaríache participar como egresado/a da USC en actos organizados pola universidade? (reunións de antigos alumnos/as, impartir, charlas contando a túa experiencia, etc.) | 100,00% | 0,00% | 54,28% | 45,72% |

De todos modos, para o curso 2021/2022 formúlase a necesidade de seguir planificando actividades e metodoloxías docentes que traballen esas competencias transversais.
Nos egresados do curso académico 2019/21 redúcese lixeiramente a participación en prácticas externas (47,37 % o 36,36 %) o que indica o mantemento dunha interese neste aspecto. E tamén permanecen á alza as valoracións de estudantes coa docencia recibida (4,33) e do profesorado coa docencia impartida (4,39).

- **Análise de que os titulados adquiren os resultados propostos na memoria:**

A docencia do Grao en Enxeñaría Civil cumpre en todo o relativo aos resultados da aprendizaxe o establecido na memoria verificada da titulación e, polo tanto, tamén da Orden CIN que regula os estudos habilitantes para a profesión de Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas.
Aínda que nas primeiras enquisas que se realizan aos egresados, estes teñen unha baixa percepción da súa formación práctica, e boa da teórica, en contactos posteriores esta percepción mellora, decatándose de que os fundamentos teóricos que teñen asentados lles facilitan o seu desenvolvemento persoal e profesional no mercado laboral, mentres que no caso inverso non sería posible.

Os resultados da avaliación de TFG no curso 2019-20 foron os seguintes:
a) Convocatoria de Febreiro de 2021
Nesta convocatoria presentáronse 3 TFG para o que se constituíu un Tribunal examinador, que actuou na sesión de tarde do día 18 de Febreiro de 2021. Nel participaron, como membros titulares, 4 profesores da titulación.
Tódolos traballos presentados cumpriron cos requisitos exixidos, adaptándose o contido as propostas presentadas e tendo xustificado o seguimento dos mesmos polos titores correspondentes. Asemade, cada un deles contou con dous

profesores titores, tendo emitido todos eles o informe correspondente sobre cada traballo titorizado. Os alumnos obtiveron as seguinte cualificacións: 1 sobresaínte, 1 notable e 1 aprobado.

b) Convocatoria de Xullo de 2021
Nesta convocatoria presentáronse 9 TFG para o cal foi preciso constituír tres tribunais, que actuaron en tres sesións, tarde do día 12/07/2021, mañá do día 13/07/2021 e tarde do 13/07/2021. Neles participaron, como membros titulares, 9 profesores da titulación. Tódolos traballos presentados cumpriron cos requisitos exixidos, adaptándose o contido as propostas presentadas, e tendo xustificado o seguimento dos titores correspondentes, os cales emitiron o informe de cada un dos traballos. Os alumnos obtiveron as seguintes cualificacións: 3 sobresaintes, 4 notables e 2 aprobados.

c) Convocatoria de Setembro de 2021
Nesta convocatoria presentouse 1 TFG para o cal foi preciso constituír 1 tribunal, en unha única sesión, que tivo lugar na tarde do día 13/09/2021. Nel participaron, como membros titulares, 3 profesores da titulación. O traballo presentado cumpriu cos requisitos exixidos, adaptándose o contido á proposta presentada, e tendo xustificado o seguimento dos titores correspondentes, os cales emitiron o informe do traballo. O alumno obtivo a cualificación de aprobado.

En resumen, cabe indicar que no curso académico 2020 – 2021 avaliáronse un total de 13 TFGs e que todos eles puideron superar esta materia, obtendo 4 sobresaíntes, 5 notables e 4 aprobados.
Formáronse 5 tribunais de 3 membros, nos que participaron 12 profesores da titulación.

## 3. Análise dos indicadores para o Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria

### 3.1. Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, e a mellora dos programas formativos

O título de Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría cumpre os requisitos da orde CIN/323/2009, para formar enxeñeiros técnicos agrícolas nas catro especialidades posibles. Posto en funcionamento no curso 2014-2015 a partires dos graos previos en Enxeñaría Agrícola e do Medio Rural e en Enxeñaría das Industrias Agroalimentarias, estes extinguíronse no curso 2019-20 quedando un único alumno procedente do primeiro deles.
No curso 16-17 verificouse a modificación da memoria do título encamiñada a compartir a organización docente de 90 ECTS nos dous primeiros cursos co grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural (GEFMN), derivado do plan de viabilidade deste. Se trata dunha modificación leve que se empezou a implantar no curso 17-18 e obrigou a facer pequenos cambios en varias materias e na organización docente. No 19-20 chegou a 2° curso a segunda promoción dende a implantación do cambio, sen incidencias, polo que consideramos implantadas con normalidade estas modificacións.
Por outra banda no curso 15-16 comezou a ofertarse o dobre grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria (EAA) e en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural (EFMN), que no 19-20 chegou a quinto curso, momento en que os alumnos teñen que abordar o TFG. Debido a pandemia do COVID-19, alumnos que tiñan previsto presentar os TFG nas convocatorias de xullo ou setembro, tiveron que aplazalo a finais de ano. O seguimento feito ao alumnado indícanos que sería aconsellable pensar en melloras para facilitar ao alumnado a presentación dos dous TFG.
As campañas de información feitas en anos anteriores entre o profesorado e o alumnado respecto a modificacións do título foron exitosas transcorrido o curso sen incidencias reseñables.

### 3.2. Cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire

Atópase plenamente implantado o Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria e extinguidos os graos previos a partir do curso 19-20.
O dobre grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria (EAA) e en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural (EFMN) chegou no 19-20 a quinto curso, momento no que os alumnos teñen que abordar o TFG. Debido a crise da COVID-19 retrasouse a

presentación de TFG a finais do 2020.
No curso 18-19 o título solicitou o selo EUR-ACE, e tras recibir o informe provisional de concesión do selo con prescricións e realizar as oportunas alegacións, o selo foi obtido finalmente no 19-20. O Selo EUR-ACE® de Enxeñaría é o certificado que concede a axencia autorizada por European Network for the Accreditation of Engineering Education (ENAEE) a un título de Enxeñaría de Grao ou Máster avaliado segundo unha serie de estándares definidos, de acordo cos principios de calidade, relevancia, transparencia, recoñecemento e mobilidade contemplados no Espacio Europeo de Educación Superior.

### 3.3. Cumprimento de guías docentes

A revisión das guías docentes vense realizando anualmente. Nela compróbase que cada unha individualmente se axusta ao previsto nas fichas das materias da memoria verificada da titulación en canto a contidos, sistemas de avaliación, competencias traballadas, etc. e a información que conteñen é completa e comprensible sen ambigüidades que poderían dar lugar a reclamacións. Xa para o conxunto de tódalas materias do título avalíase a adquisición de competencias e os contidos tratando de evitar solapes entre materias ou lagoas.
Neste curso, ademais das revisión habituais, fíxose unha revisión profunda das guías docentes incluída nas accións de mellora GEAA_AM-1.1, Análise de distribución de competencias entre materias e correlación entre memoria e guías docentes, GEAA_AM-1.2, Redistribución de competencias e modificación de guías docentes respectivamente, e GEAA_AM-2.1, Incremento de actividades formativas noutros idiomas. Ademais, debido a pandemia do COVID-19, revisáronse especialmente as modificacións realizadas o amparo da Resolución Reitoral do 23 de marzo.
Nas actas do 21 de abril, 2 de xullo e 5 de novembro das reunións da comisión de título e nos informes sobre as accións de mellora, aparecen detallados as diferentes etapas de modificación e revisión das guías docentes.
Nas enquisas a alumnos sobre a satisfacción da docencia recibida se valora con 4.25 sobre 5 o cumprimento do programa e o plan de traballo previsto, e con 4.23 que os contidos se desenvolven de acordo ao cronograma previsto antes da crise da COVID-19.

### 3.4. Procedementos de coordinación

A Comisión de Título reúnese periodicamente para tratar diversos asuntos da titulación e propiciar a coordinación vertical e horizontal, ademais de para a xestión de asuntos académicos encomendados como a elaboración de normativas propias do título, toda a xestión dos TFG (aprobación de propostas e asignación de titores, aprobación de tribunais,… ), a asignación de titores de prácticas en empresa, os informes para a validación de estudos ou experiencia profesional, a aprobación do PDA… Ademais, para temas concretos nos que se detectan necesidades especiais, articúlanse os mecanismos de coordinación que se consideran máis eficaces.
A propia revisión das guía docentes é un instrumento de coordinación entre materias do título ao asegurar a adquisición progresiva das competencias previstas, evitando solapes e lagoas. Tamén dende o curso 17-18, e como resultado da execución dunha acción de mellora se elabora un calendario de carga de traballo por curso para tentar organizalo e evitar picos de traballo. A táboa de distribución constrúese ao principio de cada semestre coa información que cada profesor aporta do traballo previsto na súa materia, se analiza na comisión de título e, se é necesario, se negocia o cambio de programación de actividades cando se detectan picos de traballo. A táboa xa aprobada déixase ao dispor de profesores e alumnos nunha aula virtual de coordinación habilitada no Campus Virtual da USC. No curso 2019-20 este calendario tivo especial importancia a partir da crise da COVID-19. Durante o período de confinamento os coordinadores de curso solicitaron aos coordinadores das materias informes semanais sobre a evolución da docencia, a carga de traballo, metodoloxía utilizada na docencia e outras incidencias. Estes informes de coordinación eran enviados puntualmente a dirección da EPS de Enxeñaría. A pesar deste acontecemento tan inesperado e excepcional, tanto a dirección da escola, como a comisión de título, o profesorado e o alumnado responderon coordinadamente e dun xeito adecuado, valorándose, na enquisa do profesorado, con 3.91 a coordinación entre as distintas materias do título, e con valores por encima de 3 a satisfacción respecto a diferentes aspectos a partir da declaración do estado de alarma pola crise sanitaria.
A realización do informe anual de seguimento é o momento onde se aproveita para facer unha avaliación da marcha da titulación á vista dos datos achegados pola área de Calidade da USC xunto cos recollidos mediante enquisas propias e por outras vías. A partir desa reflexión formúlanse unhas accións de mellora que se poñen en marcha ao longo do seguinte curso
Como parte da súa actividade de coordinación os coordinadores do título, dos cursos e de TFG fan reunións con alumnos e profesores tanto para darlles información como para recollela, e dan conta diso á Comisión de Título. Como regra xeral

mantense polo menos unha reunión anual cos profesores e alumnos de cada un dos cursos.
O traballo da Comisión de Calidade o contacto coa dirección da escola e a súa participación nas comisións de título permite tamén ter accións coordinadas con outros graos da EPSE.
A nivel de centro o órgano de coordinación para todos os títulos que se imparten nela é a Comisión de Calidade do centro. Ela foi a responsable da elaboración, actualización e posta en marcha do SGIC do centro. Por outra banda, encárgase de dirixir todas as accións que se realizan a nivel de centro superando a cada título individual. O traballo da Comisión de Calidade o contacto coa dirección da escola e a súa participación nas comisións de título permite tamén ter accións coordinadas con outros graos da EPSE.
Os profesores valoran a organización da titulación cun 4.25 sobre 5, mentres que a coordinación docente se valora en 3.91 , e a distribución da carga de traballo cun 3.86, sendo a valoración máis baixa dos aspectos académicos. Este último aspecto é probable que fora influído pola crise da COVID-19 e o traballo engadido que supuxo ao profesorado a súa adaptación a nova metodoloxía docente. Pola súa parte os alumnos valoran a organización da titulación cun 2.62, e a distribución da carga de traballo so cun 2.31.

## 3.5. Análise do perfil real de ingreso/egreso

### 3.5.1. Estudantes de novo ingreso

Segundo os datos proporcionados pola CiUG, o número de estudantes de novo ingreso na titulación de Enxeñería Agrícola e Agroalimentaria no curso 2019-2020 foi de 16 alumnos, todos na cota xeral; sobre un total 45 de prazas ofertadas cubriuse, polo tanto, o 36% da oferta. Así, mantense a tendencia a baixa dos últimos anos (35, 29, 26, 22 alumnos). A meirande parte dos novos alumnos son homes (81%), na liña da proporción dos anos anteriores, xa que dende 16-17 non baixa do 80 %.
O alumnado de novo ingreso procedía nun 69% de Bacharelato e nun 31% de Formación Profesional, chegando a valores similares ao 2014-15. Esta situación contrasta co ocorrido en 2018-19 no que o reparto fora do 50% / 50%, aínda que se pode considerar un ano excepcional xa que en anos anteriores os alumnos de FP supoñían unha % baixa e só excepcionalmente foran 1/3 do total no curso 14-15.
O 81,5% dos alumnos matriculouse no 1º prazo de matrícula. O 87,5% dos matriculados (14) elixiron esta carreira como primeira opción, so 2 a elixiron de 2ª. Polo tanto, os estudantes presentan unha aptitude académica media e boa preferencia pola titulación. As solicitudes totais chegaron a 95 sendo admitidos un total de 26, polo que 10 non chegaron a matricularse.
O alumnado ingresado, procedente de Bacharelato, accedeu cunha nota media de 6.817, e o que viña da Formación Profesional o fixo cunha cualificación media de 6.619, notas lixeiramente máis baixas que o ano anterior (7.635 e 6.933 respectivamente). Un total de 12 alumnos entraron cunha nota igual ou superior a 6 o que equivale ao 75%. A nota de corte foi de 5.314, lixeiramente superior a do ano anterior (5.06).
Polo que se refire a procedencia xeográfica dos 16 alumnos novos, 14 son galegos, principalmente das provincia de Coruña (7) e Lugo (4). Accederon, unicamente, dous alumnos procedentes doutras comunidades e ningún de países fora de UE. O grao no seu conxunto contou no curso 2019-2020 con 139 alumnos, 15 menos que o curso anterior, que nun 91.4% proceden de Galicia, 7.2% do resto de España e o 1.4% do estranxeiro.

### 3.5.2. Estudantes egresados e inserción laboral

No curso 19-20 egresaron 24 alumnos, sendo 19 do grao regular, 2 deles do dobre grao, e 5 do curso ponte. A distribución por especialidades: 9 de Explotacións Agropecuarias, 3 de Hortofruticultura e Xardinería, 2 de Mecanización e Construcións Rurais e 5 de Industrias Agrarias e Alimentarias. Ademais, dos 4 egresados do curso ponte , 2 eran da especialidade de Industrias Agrarias e Alimentarias, 2 de Hortofruticultura e Xardinería e 1 de Industrias Agrarias e Alimentarias.
Dos 24 egresados totais do grao, 10 se matricularon no máster en Enxeñaría Agronómica da escola. Esta transición do grao ao máster segue a liña dos dous cursos anteriores. Ningún egresado do curso ponte continuou estudios no máster. Dado o recente desta titulación non hai datos de inserción laboral dos egresados deste grao. O máis relacionado son os datos referentes á inserción dos titulados dos dous graos previos, nunha enquisa realizada pola ACSUG a titulados no curso 2014 que estiveran matriculados no curso 2013-2014. Para o grao en Enxeñaría das Industrias Agroalimentarias hai unha mostra de 6 titulados (1 home e 5 mulleres) sobre unha poboación de 7. Todos están traballando agora; ademais 2 (1/3) están cursando estudios de máster e 1 (1/6) prepara oposicións. Dos 6, 2 buscaron e atoparon emprego relacionado coa súa titulación, outro o buscou pero non o atopou e o último xa non o buscou. O tempo medio para atopar emprego relacionado coa súa titulación foi de 8.25 meses. Todos traballan por conta allea, a metade con contrato eventual, 2 con

contrato indefinido e 1 en práctica; o salario neto mensual medio é de 1250 €. Consideran que fan traballo de nivel universitario 5 dos 6 (83 %), pero só o 40 % considera que fai tarefas específicas da titulación. A práctica totalidade volvería cursar estudios universitarios e escollerían a USC, pero só o 20 % volvería á titulación.
Na mesma enquisa, para o grao de Enxeñaría Agrícola e do Medio Rural tamén hai 6 enquisados (4 homes e 2 mulleres), que supón toda a poboación. Deles 5 están traballando, 2 cursan estudios de máster e 1 está preparando oposicións. Dos 6 só 3 buscaron emprego relacionado coa titulación ao rematar, 2 atopárono e 1 non. Para os que atoparon emprego relacionado coa súa titulación o tempo medio de busca foi de 3.5 meses. Dos 5 que traballan 2 o fan por conta propia e 3 por conta allea, 2 deles con contrato indefinido e 1 temporal. O salario neto mensual medio é de 1350 € e todos consideran que están desempeñando funcións de titulado universitario, aínda que só 3 en tarefas específicas da titulación. Todos os enquisados volverían a realizar estudios universitarios e na USC, pero só a metade volvería a coller a titulación.
O informe de inserción laboral da ACSUG (2015) para a titulación de Enxeñaría Técnica Agrícola, a partir dunha enquisa a 44 titulados do curso 2010-2011 indicaba que algo máis da metade atopara emprego nos 3 primeiros meses trala titulación, pero os restantes tardaron máis dun ano, cun tempo medio de 9 meses, máis longo no caso dos homes que das mulleres. No ano 2015 estaban traballando só o 55,6 %, sendo os da especialidade de Mecanización e Construcións Rurais os que menos. Sobre o 90 % dos que traballan o fan en algo relacionado coa titulación.
Pola súa banda o estudio "Variables e Indicadores de Seguridade Social. Análises transversal. SIIU (Ministerio de Educación)" para la titulación de Enxeñeiro Técnico Agrícola, indica que para os egresados do curso 2013-2014, un ano despois de egresar (datos de 23 de marzo de 2015) a taxa de afiliación a Seguridade Social oscilou entre o 12,5 % da especialidade de Industrias Agroalimentarias e o 71.4 % da de Explotacións Agropecuarias; e ós dous anos oscilaba entre o 37.5% da especialidade de Industrias Agroalimentarias e o 77.8 % da de Explotacións Agropecuarias. Os contratos se reparten bastante regularmente entre temporais e indefinidos, dominando os de tempo completo. Entorno ó 40 % están cotizando no grupo de universitario, mentres o resto se reparte entre os grupos medio e baixo.
Estes datos son mellores que os de promocións anteriores. As taxas de inserción laboral a dou anos eran claramente máis baixas para os egresados no curso 2009-2010, salvo na especialidade de Industrias Agroalimentarias que se manteñen. Hai tamén unha maior tendencia ós contratos indefinidos e de tempo completo. Sen embargo o grupo de cotización non mellora moito.

### 3.7. Análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria

Na memoria da titulación a previsión de resultados da aprendizaxe se fixo en base a uns valores das taxas de eficiencia (>85 %) de gradación (>40 %) e abandono (<25 %) que deberían ser acadados. A taxa de abandono durante o primeiro curso foi do 30,43%, moi por encima das taxas de anos anteriores, 0% nos dous anos anteriores e 4% no 2016-17. A taxa de gradación foi do 37.50%, algo por debaixo da prevista na memoria e por debaixo da súa área de coñecemento (55.50%).
A duración media dos estudos está en 5.0, algo por debaixo da área de coñecemento e da media da universidade (5.19 e 5.05 respectivamente).
Nas enquisas realizadas aos egresados, estes valoran a formación teórica en 3.67 sobre 5 pero a práctica só en 2.33. A adquisición de competencias transversais se valora cunha media de 3.1, sendo a capacidade de análise a mellor valorada, cun 3.67, seguida da capacidade de planificación, coordinación e organización cun 3.33, mentres que a creatividade e o traballo en equipo acadan o mínimo de 2.67. O profesorado da titulación valora cun 4.11 a formación en competencias profesionais que recibe o alumnado.

### 3.8. Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3)

O profesorado valora a súa satisfacción coa titulación en 4.11 e valora ben, por riba de 4 os aspectos académicos da titulación, incluíndo os horarios, o calendario de exames, a coordinación entre docentes, etc. A distribución da carga de traballo é o menos valorado (3.86). Tamén valora razoablemente ben (3.54-3.81) a resposta do alumnado.
A satisfacción dos alumnos co curso en aspectos formativos en xeral foi de 3.31, sendo os horarios o máis valorado (3.31) e o que menos (2.31) a distribución da carga de traballo e o equilibrio entre contidos prácticos e teóricos (2.31), seguido do calendario de probas de avaliación (2.92).
Os egresados valoran a titulación en xeral cun 3.33 e o 100% dos enquisados recomendarían cursar esta titulación. Estes datos non teñen moita fiabilidade dado que a enquisa de satisfacción dos egresados foron cubertas por un número reducido de estudantes.

## 4. Análise dos indicadores para o Grao en Robótica

### 4.1. Cumprimento das guías docentes

En relación ao Grao de Robótica, a Memoria de Calidade fundaméntase nos indicadores e evidencias dispoñibles, elaborados pola área de Calidade e Mellora dos Procedementos da Universidade de Santiago de Compostela. As guías docentes de todas as materias do grao foron revisadas e melloradas con vistas á súa aplicación no curso 2021-2022. Estableceuse un proceso de revisión das programacións docentes por parte das materias da Comisión de Título, e tamén de seguimento do seu cumprimento. En particular comprobáronse os seguintes elementos:

1. Adecuación das guías docentes das materias á Memoria da titulación (principalmente en canto a obxectivos, competencias e criterios de avaliación)
2. Deben figurar de xeito literal as competencias e os contidos.
3. Comprobación de que a metodoloxía docente está ligada ás competencias traballadas en cada materia
4. Os criterios de avaliación deben ser claros, con Indicación, no seu caso, da existencia de criterios de avaliación diferenciados para o alumnado repetidor. Tamén debe haber Indicación, no seu caso, da existencia de criterios de avaliación diferenciados para o alumnado ao que se lle conceda dispensa de asistencia. Débese indicar como se avalían as competencias.
5. Inclusión de bibliografía en inglés nas guías docentes das materias, cando estea xustificado facelo
6. Debe haber unha temporización, é recomendable asignar a cada tema ou bloque temático unha distribución de horas ou créditos.
7. Os viaxes de campo deben figurar de xeito explícito na programación.

O procedemento consistiu no seguinte proceso: Os coordinadores de cada materia envían as guías ao coordinador de grao e de curso, que revisa que sexan compatibles co recollido na memoria de título. Os fallos detectados notifícanselle ao coordinador da materia co fin de que as corrixa antes da reunión da Comisión de Título. Finalmente a Comisión de Título reúnese de novo, analiza os resultados desta revisión no seu conxunto e revisa os criterios seguidos. No caso de detectarse algunha materia que non cumprise coas directrices da memoria ou non especificase a información requirida, transmitiríaselle o requirimento de novo ao profesor e informaríase o departamento para que non se aprobe ata que ditos cambios sexan efectivos. Estas programacións que se atopan públicas na Web antes do período ordinario de matrícula dos estudantes, están verificadas e aprobadas tanto polos Consellos dos departamentos responsables da docencia como por parte da Xunta de Escola da EPS de Enxeñaría.

Parar realizar este proceso de revisión, apoiámonos nun documento Excel que nos permite analizar punto por punto o cumprimento das guías. No caso de materias que se impartiron en máis dunha ocasión (cursos primeiro e segundo) pediuse una maior concreción na temporización dos contidos, actividades a realizar, avaliación de competencias, etc. No caso das materias de terceiro curso, o ser de primeira implantación, deuse a situación da existencia de materias asignadas a áreas para as cales non había profesor encargado. Nalgúns casos contratouse novo profesorado para impartir algunhas destas materias. Nestes casos permitiuse unha redacción non demasiado detallada, respectando en todo caso o que aparecía na memoria, pero dándolle certo marxe ao profesor que finalmente impartía a materia en certos detalles como por exemplo o tempo adicado a cada tema. Evidentemente isto é unha situación excepcional asociada soamente ao primeiro ano que se imparten algunhas das materias.

### 4.2. Procedementos de coordinación

A necesidade de efectuar traballos de coordinación levou ás reunións da Comisión de Título as seguintes tarefas:
- Revisión da Programación Docente Anual (PDA)
- Análise de horarios de clases e de calendarios de exames para o seguinte curso académico. A elaboración dos horarios realízase atendendo a necesidade de que se produzan o menor número de solapes posibles entre cursos consecutivos. De feito a meirande parte da docencia presencial de primeiro ten lugar en quenda de mañá, mentres que no caso de segundo é en quenda de tarde, e terceiro en quenda de mañá. Tamén se elabora o calendario de exames tratando de maximizar o tempo entre exames (se é posible 48 horas entre probas de materias para o mesmo curso académico, o intercálanse algunha materia que ten menos carga no exame final ao ter maior porcentaxe de avaliación continua)
- Revisión e informe sobre as guías docentes do seguinte curso académico
- Avaliación das solicitudes de validación de materias doutras titulacións

### 4.3. Análise do perfil real de ingreso/egreso

O perfil de ingreso no Grao en Robótica durante o curso 2020/2021 analízase en función dos indicadores da seguinte

táboa e de informes específicos que permiten identificar a procedencia dos estudantes, tanto académica (bacharelato ou formación profesional) como xeográfica.

| Código | Nome | 2019-20 | 2020-21 |
|---|---|---|---|
| IN01G | Prazas ofertadas | 50,00 | 50 |
| IN02G | Matrícula | 49 (254 solicitudes segundo os datos CIUG) | 52 matriculados (323 solicitudes) |
| IN03G | Matrícula de novo ingreso por preinscripción | 49 | 52 |
| IN05G | Nota media de acceso por preinscrición | 9,65 | 9,74 |
| IN07G | Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis | 100% | 100% |
| IN08G | Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados | 4,08% | 1,05% |
| IN09G | Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados | 10,20% | 13.68% |
| IN10G | Relación de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas | 86% | 76% |

Polo momento obsérvase unha tendencia crecente do número de solicitudes, un incremento da nota media de acceso por preinscripción, porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia. Soamente se reduce a porcentaxe de estudantes estranxeiros (o cal e relativamente razoable, se temos en conta que neste momento non se imparten grupos noutro idioma diferente o galego/castelán, inglés por exemplo)

Segundo os datos proporcionados pola CiUG, as características dos alumnos matriculados no curso 20/21 son:

| Cota | Prazas | Solicitudes | Admitidos | Matriculados | | | | Nota corte |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | Alumnos | % matric. | % mulleres | % ordinaria | |
| Xeral | 41 | 312 | 89 | 51 | 124% | 12% | 100% | O 07,804 P |
| Titulados universitarios | 1 | 5 | 2 | 1 | 100% | 0% | 100% | O 07,131 NP |
| Maiores de 25 anos | 1 | | | | 0% | | | |
| Maiores de 40 anos | 1 | | | | 0% | | | |
| Maiores de 45 anos | 1 | | | | 0% | | | |
| Deportistas | 2 | 3 | | | 0% | | | |
| Discapacitados | 3 | 3 | | | 0% | | | |
| **Total** | **50** | **323** | **91** | **52** | **104%** | **12%** | **100%** | |

Datos preliminares 21/22

| Cota | Prazas | Solicitudes | Admitidos | Matriculados | | | | Nota corte |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | Alumnos | % matric. | % mulleres | % ordinaria | |
| Xeral | 41 | 302 | 70 | 51 | 124% | 6% | 100% | O 07,080 NP |
| Titulados universitarios | 1 | 3 | 1 | 1 | 100% | 100% | 100% | O 05,615 NP |
| Maiores de 25 anos | 1 | | | | 0% | | | |
| Maiores de 40 anos | 1 | | | | 0% | | | |
| Maiores de 45 anos | 1 | | | | 0% | | | |
| **Total** | **45** | **305** | **71** | **52** | **116%** | **8%** | **100%** | |

**Evolución da nota de corte:**
A nota de corte foi de 6,750 (curso 2019/20), mentres que no curso 2020/21 a nota do último matriculado foi de 7,804 (en xuño), e practicamente idéntica no curso 21/22 (7.080).

**Porcentaxe de mulleres no grado:**
Por temas de igualdade de xénero, e dado que unha das liñas de mellora que se incluíron na análise anterior foi intentar captar a un maior número de mulleres no grado, analízase a evolución do número de mulleres matriculadas. No curso 19/20 un 21% do alumnado matriculado eran mulleres, sen embargo, no curso 20/21 este porcentaxe baixou o 12%, e a situación semella moito pero no curso 21/22 con soamente o 6%. O cal reflicte que as medidas tomadas non foron suficientes. É relevante facer mención a que a porcentaxe de mulleres matriculadas nos estudos é moi baixa (20%), probablemente debido a que se trata dun sector que se percibe maioritariamente como masculino, polo que convén algún tipo de política activa que axude a modificar este factor.

**Procedencia xeográfica.**
No curso 2021 houbo un incremento do porcentaxe de alumnos procedentes de fora de Galicia (dos 95 alumnos totais matriculados no grado 82 son de Galicia, e 13 doutras comunidades, no caso dos alumnos de primeira matrícula 51, 9 son doutras comunidades). No caso dos alumnos de fora a súa procedencia é: 1 de Andalucía, 2 son de Asturias, de Canarias 3, de Castilla y León 2, de Cataluña 1, de Navarra 1, Castilla la Mancha 2, e de Valencia 1. En comparación co curso 2019/20, o número de comunidades dos que proceden os nosos alumnos aumentou, en particular neste caso temos alumnos de Cataluña, Valencia, e Castilla y León. De feito no curso 2019/20, dos alumnos matriculados (49) había 5 doutras comunidades.

**Evolución do grado de motivación no momento de ingreso**
No curso 20/21 o 73,1% dos matriculados (38) elixiron esta carreira como primeira opción, e 4 (7,7%) a elixiron de 2ª. No curso 19/20 os números eran semellantes pero un pouco mellores, o 87,8% dos matriculados (43) elixiran esta carreira como primeira opción, e 4 a elixiron de 2ª (8,2%).
Polo tanto, os estudantes seguen a presentar un elevado grado de motivación no momento de ingreso, ainda que o porcentaxe diminuíu lixeiramente.

**Evolución da procedencia dende o punto de vista formativo**
*No curso 19/20* o alumnado ingresado, procedente de Bacharelato, representa o 89% (238 solicitudes e 42 alumnos matriculados), que accedeu cunha nota media de 9.868. O alumnado ingresado da Formación Profesional o fixo cunha cualificación media de 7.782 (16 solicitudes e 5 alumnos matriculados, 11%).
No curso 20/21 o alumnado ingresado, procedente de Bacharelato, representa o 84% (284 solicitudes e 43 alumnos matriculados), que accedeu cunha nota media de 9.859. O alumnado ingresado da Formación Profesional o fixo cunha cualificación media de 9.088 (28 solicitudes e 8 alumnos matriculados, 16%).
No curso 21/22 o alumnado ingresado, procedente de Bacharelato, representa o 90% (267 solicitudes e 63 alumnos matriculados), que accedeu cunha nota media de 10.317. O alumnado ingresado da Formación Profesional o fixo cunha cualificación media de 8.776 (35 solicitudes e 5 alumnos matriculados, 10%).
*En xeral apréciase unha clara tendencia crecente da nota media de acceso con respecto o curso 19/20.*

A Comisión de Título de Robótica esforzouse na participación en actos de difusión/portas abertas, celebrados na propia Escola ou noutros puntos da comunidade (Programa "A Ponte" entre a Universidade e o ensino medio). Tamén se prepararon vídeos e presentación para facer difusión do grado. É preciso continuar a traballar nesa liña e explorar a posibilidade de novas estratexias de captación de estudantes para os vindeiros cursos. A modo de exemplo, destacar a participación na xornada de portas abertas (23/06/21), encontros virtuais (25/03/2021), mostra USC camiña levadas a cabo en Ribeira (7 abril 2022, 23 e 24 de maio en Lugo- EPSE e biblioteca intercentros, 29 de marzo de 2022 en Viveiro). G-Night (noite galega das persoas investigadoras), 2 24 de setembro 2021. Campus XuvenCiencia, proxecto " controla e constrúe robots!" ( 29/06/21), etc. En boa parte destas actividades participou o alumnado do grado de robótica.

### 4.4. Resultados de aprendizaxe

Os valores globais dos resultados obtidos polos estudantes en cada materia e as taxas de rendemento, éxito e avaliación recompílanse e procésanse pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, que emite informe anual para o seu análise pola Comisión de Título no proceso de seguimento.

A seguinte táboa recolle os valores das taxas de rendemento, éxito e avaliación para os cursos 19/20 e 20/21:

Taxa de rendemento, que representa a relación porcentual entre o número de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios en que se matricularon.

| | 2019-20 | 2020-21 |
|---|---|---|
| 1º curso | 73,89 | 53,67 |
| 2º curso | - | 82,62 |
| 3º curso | - | - |
| 4º curso | - | - |
| Sen asignación a curso | - | - |
| **Total (%)** | **73,89** | **65,53** |

Taxa de éxito: que representa a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron.

| | 2019-20 | 2020-21 |
|---|---|---|
| 1º curso | 81,63 | 62,02 |
| 2º curso | - | 89,62 |
| 3º curso | - | - |
| 4º curso | - | - |
| Sen asignación a curso | - | - |
| **Total (%)** | **81,63** | **73,75** |

E finalmente, na seguinte táboa podemos ver a taxa de avaliación que representa a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios as que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios matriculados.

| | 2019-20 | 2020-21 |
|---|---|---|
| 1º curso | 90,53 | 86,54 |
| 2º curso | - | 92,19 |
| 3º curso | - | - |
| 4º curso | - | - |
| Sen asignación a curso | - | - |
| **Total (%)** | **90,53** | **88,85** |

En xeral observa una baixada dos indicadores globais entre os cursos 2019/20 e o 20/21, estando ademais estes valores por debaixo da media na universidade. Se ben estes índices poden ter algún tipo de relación co impacto da pandemia (CoVID-19), será necesario algún tipo de acción de mellora orientada a incrementar estas taxas.

Na información deslousada por materias obsérvase que algunhas reflicten maior dificultade (menor taxa de éxito e rendemento), especialmente materias cubicadas no primeiro semestre do primeiro curso e con maior carga teórica e matemática. Isto pode ter relación coa diferencia no grao de esixencia dos estudios universitarios con respecto ao

bacharelato e ciclos superiores de formación profesional. É de agardar que o impacto de esta heteroxeneidade sexa maior precisamente no primeiro semestre. De feito, no resto das materias do primeiro curso (excluídas as matemáticas) a taxa de éxito e superior o 64% tanto no curso 19/20 como no 21/21, e a taxa de rendemento é superior o 53% en todos os casos. Nas materias de segundo curso do grado (20/21) a taxa de éxito é superior o 74% en tódolos casos, e a taxa de rendemento é superior o 55% en todos os casos e a meirande parte de materias presenta unha taxa de rendemento superior o 75%-80%. Así pois pódese concluír que en xeral a taxa de rendemento e éxito e superior no segundo curso que no primeiro, e en xeral os contidos matemáticos son os que lle xenaran maior dificultade no primeiro curso.

## 5. Análise dos indicadores para o Grao en Topografía e Xeomática

O grao de Enxeñería en Xeomática e Topografía, atópase en proceso de **extinción que rematará no curso 2022/23** (calendario de extinción publicado na web do centro). Neste caso, o SGC da USC, ten documentado o proceso institucional PI-01 (deseño, modificación e extinción de programas), segundo o cal é responsabilidade do centro garantir o desenvolvemento dos estudos, e da Comisión do título o seguimento da docencia, co obxectivo de garantir que os/as estudantes que iniciasen os correspondentes estudos van dispoñer dun adecuado desenvolvemento efectivo dos mesmos ata a súa finalización. Para dar cumprimento ao cal, a Comisión do Título de Grao en Enxeñería en Xeomática e Topografía e a EPS de Enxeñaría levarán a cabo a extinción do título dun xeito progresivo, e dicir, de acordo coa temporalidade prevista no correspondente plano de estudos, extinguirase un curso da titulación por ano académico a partir da comunicación oficial da extinción do título. De tal forma que, curso a curso, realizarase o seguimento do estado de extinción do título, analizando a calidade da docencia, os horarios, os calendarios de avaliación e os resultados da mesma, facendo os axustes necesarios para garantir que os alumnos matriculados poidan concluír os seus estudos nesta universidade.
Durante o proceso de extinción do plano de estudos os estudantes terán dereito aos exames e ás titorías correspondentes nas materias sen docencia pero con dereito a exame, podendo dispoñer de catro convocatorias de exame consecutivas, dúas por cada curso académico consecutivo e contadas a partir da data de extinción oficial da docencia da materia, estimándose así o curso 2022/23 como data de extinción total do título de grao, garantindo que os estudantes reciban a adecuada docencia e avaliación.

## 6. Análise dos indicadores para o Máster Universitario en Dirección de Proxectos

### 6.1. Cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire

No que respecta á memoria do título, a oferta de módulos e materias correspóndese co plan de estudos verificado e non houbo modificacións substanciais á memoria do título neste último curso académico.

### 6.2. Cumprimento de guías docentes

Acorde co establecido no manual de calidade do centro, estableceuse un procedemento de revisión das programacións docentes das materias por parte da Comisión de Título. Os coordinadores de cada materia as envían ao coordinación de título que revisa que sexan coherentes coa memoria de título, que cumpran os requisitos establecidos en contidos, actividades docentes e actividades de avaliación, e que as ponderacións de cada unha desas actividades na avaliación final cumpran o acordo previo que é o establecido na memoria de título.
Esa revisión analizase nunha reunión da Comisión de Título e as conclusións transmítense de novo aos profesores da titulación que son os encargados da publicación das programacións docentes na plataforma institucional.

### 6.3. Procedementos de coordinación

A Comisión de Título encárgase da coordinación. Na comisión de título están incorporados dous alumnos do máster, que dan conta de tódalas incidencias que puideran suceder no mesmo. Ademais, a comisión de título reúnese con asiduidade para avaliar o devandito desenvolvemento (realizáronse 6 reunións da comisión de título durante o curso 2020/21).

### 6.4. Resultados de materias

Da análise dos principais indicadores en relación coa satisfacción coa docencia tanto de egresados, como alumnos e

profesorado, os valores acadados son altos, manténdose en valores semellantes aos acadados en cursos anteriores.
O valor do indicador que reflicte a satisfacción do alumnado coa docencia recibida, que acada un valor de 4,39, volve aos valores similares aos acadados no curso 18/19, despois de que no curso 19/20 descendera lixeiramente, aínda que manténdose en valores moi aceptables. Non obstante, no curso académico 20/21, e a pesar da insistencia dos docentes para que os alumnos cubrisen a enquisa, o nivel de resposta unicamente acadou un 11,76 %, valor extremadamente baixo que pode poñer en cuestión a validez do resultado acadado. Mantéñense en valores axeitados a satisfacción do profesorado coa docencia impartida, de xeito semellante a cursos anteriores, acadando valores de 4,72 dun total de 5,0. Neste caso a % de participación baixa (44,44 %) xustifícase pola importante % de docentes de área externa, que teñen dificultades para acceder ás enquisas. As tasas de rendimento, éxito e avaliación acadan valores do 100 5 ou próximos, a pesar de que persisten os problemas con alumnos procedentes de China, debido ás súas dificultades lingüísticas, que non se puideron subsanar coa acción de mellora prevista no curso 19/20.
A continuación achégase un resumo dos principais indicadores do título:

- Taxa de rendemento (relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios en que se matricularon) foi do 96,14%.
- Taxa de éxito (relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron) foi do 96,14%.
- Taxa de gradación (relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis e a súa cohorte de ingreso): sen datos.
- Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación (valoración media das preguntas relativas á satisfacción coa titulación da enquisa de egresados): sen datos.
- Satisfacción do alumnado coa docencia recibida: 4,39.
- Satisfacción do profesorado coa docencia impartida: 4,72.

## 6.5. Análise da procedencia do alumnado e perfil de acceso/egreso

Examinando a procedencia dos alumnos do máster no curso 20/21, obsérvase como se mantén a tendencia de anos anteriores, de xeito que existen un elenco moi amplo de procedencias. Os datos proporcionados pola área de calidade e mellora dos procedementos da USC son enganosos, en tanto que cifran en 1 os alumnos procedentes de China e, en realidade, son 7, xa que todos os que figuran como procedentes de Madrid, son en realidade alumnos Chineses que acceden a través de consultoras establecidas na capital de España. Seguen a supoñer unha % moi significativa os alumnos procedentes de Latinoamérica, que nesta edición ascenderon a 4 alumnos (dun total de 19 matriculados). En canto as perfís de acceso, seguen a ser maioría os alumnos procedentes do ámbito da enxeñaría/arquitectura, aínda que se consolida a tendencia observada nos cursos anteriores, no senso de que cada vez son máis os alumnos que proceden de titulacións do ámbito das ciencias sociais, ciencias,....
En canto aos egresados, o último informe de inserción laboral proporcionado pola ACSUG (4310354_EIL_ACSUG_2020-2021.xlsx), sitúa nun 88,2 % aos egresados que traballan na actualidade, o que hai que sumar un 5,9 % de estudantes que non traballan na actualidade pero que traballaron algunha vez dende a finalización do máster. Destacar ademais a rapidez coa que se atopou o primeiro emprego dende a finalización do máster, que se sitúa en 3,83 meses, sendo máis dun 70 % o tempo adicado a un traballo nun emprego relacionado co máster, segúndo consta neste mesmo informe.

## 6.6. Análise de se os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria

A comprobación de se os alumnos alcanzan os resultados da aprendizaxe faise en base ás seguintes consideracións: a asistencia a clase, a realización de probas orais e/ou escritas, a realización de exercicios, o aproveitamento das prácticas, os traballos entregados e/ou expostos, e a participación do alumnado nas actividades da aula. Na guía docente de cada materia indicase o peso que se lle outorga a cada unha destas actividades, nun proceso de avaliación continua que depende da natureza de cada materia. Así mesmo, no caso de optarse pola realización dun exame final, tamén se fixa na guía docente a súa importancia relativa na superación da materia.
Como xa se comentou, durante os últimos anos realizouse un proceso continuo de revisión anual de guías docentes que garante que as competencias establecidas pola memoria verificada son traballadas e avaliadas. Ademais, o tamaño dos grupos permite unha ensinanza personalizada e adaptada ao tipo de alumnado en cada curso.
No tipo de estudos que estamos a analizar, as enxeñarías, a comprobación da adquisición de resultados de aprendizaxe realízase tamén, en último caso a través do TFM.

En relación cos resultados de aprendizaxe despréndese que as taxas de éxito, rendemento e avaliación sitúanse en valores moi elevados, se ben, como xa se comentou, o incremento de matrícula de alumnos procedentes de China, con dificultades idiomáticas, fai que estes indicadores se resintan lixeiramente. Tamén son moi elevados as taxas de satisfacción dos docentes do máster, así como os de satisfacción do alumnado coa titulación, tal e como se comentou en epígrafes precedentes.

## 7. Análise dos indicadores para o Máster en Enxeñaría de Montes

### 7.1 Cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire

O Máster en Enxeñaría de Montes pola USC xurdiu para dar continuidade aos egresados do Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural pola USC, así como a aqueles alumnos procedentes doutras universidades que reúnan os requisitos de admisión. Este máster habilita para o exercicio da profesión de Enxeñeiro de Montes segundo se dispón na Orde CIN/326/2009, de 9 de febreiro (BOE de 19 febreiro de 2009), a cal indica non seu apartado 4.2 as condicións de acceso ao máster.
No que respecta á memoria do título, a oferta de módulos e materias correspóndese co plan de estudos verificado. Durante o curso académico 2016/17 renovouse a acreditación do título (resolución do 11 de xullo de 2017, do Consello de Universidades) e no informe final de avaliación da devandita acreditación indicouse a necesidade de modificar a memoria de título para incluír todos os cambios que se viñeran realizando nos cursos anteriores e que foron reflectidos nos correspondentes informes de seguimento anuais. A memoria modificada da titulación rematouse en outubro de 2018 e foi sometida a verificación perante o órgano correspondente. Seguindo o calendario previsto, implantouse completamente no curso 2019/20.
Por último, durante o curso 2017/18 a titulación foi avaliada para a obtención do selo internacional de calidade EUR-ACE. O informe final sobre a obtención do selo, de 24/05/2019, foi favorable e incluía unicamente unha prescrición (corrixir deficiencias na sinalización e actualizar materiais e equipamento de seguridade e protección fronte a riscos en tódolos laboratorios, que correspondía ao centro) e unha recomendación (incrementar as actividades docentes en inglés de cara a conseguir unha maior internacionalización do título). A primeira foi realizada pola dirección do centro e a segunda tívose en conta como acción de mellora para o título. No curso 2020/21 iniciouse o procedemento para a renovación do selo EUR-ACE. No informe da Comisión de Acreditación de dito selo, de data 11/11/2021, considerouse que se cumprira coa prescrición e valorouse negativamente o cumprimento da recomendación, pois aínda que se aportaron evidencias que avalaban o aumento do número de referencias bibliográficas básicas en inglés e o seu uso docente, non se fixo o mesmo coa xustificación do fomento da realización de traballos polos estudantes vinculados ao manexo da lingua inglesa. Será preciso, por tanto, incluír unha acción de mellora relacionada con este tema para os vindeiros cursos académicos. Non obstante o anterior, concedeuse o selo para o período do 25/05/2021 ao 25/05/2022.

### 7.2 Cumprimento de guías docentes

Durante os últimos anos vense realizando un proceso continuo de revisión das guías docentes e de seguimento do seu cumprimento por parte da Comisión de Título. Para elo, realizáronse reunións cos alumnos de primeiro curso e das especialidades de segundo curso por parte dos respectivos coordinadores para detectar duplicidades e incumprimentos. É preciso continuar con este procedemento para artellar as medidas de corrección oportunas de observarse eivas, aínda que no último curso académico non foi necesario adoptar ningunha medida deste tipo.

### 7.3 Procedementos de coordinación

A Comisión de Título encárgase da coordinación vertical (entre cursos), horizontal (entre materias do mesmo curso ou especialidade) e dentro de cada materia. Dende xullo de 2019 o coordinador de título actúa tamén como coordinador de primeiro curso, e hai ademais un coordinador por cada unha das especialidades que se ofertan no segundo curso. Ao finalizar cada semestre, os coordinadores teñen reunións cos alumnos e informan á comisión sobre calquera incidencia relacionada co desenvolvemento da titulación. Por outra banda, a Comisión de Título reúnese con asiduidade para avaliar

o devandito desenvolvemento, téndose realizado seis reunións durante o curso 2020/21.

### 7.4 Resultados de materias e títulos

Os resultados das enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN46M) aumentaron notablemente respecto do curso académico previo (3,84 sobre 5 fronte a 2,48), no que se experimentara unha brusca baixada (dende 4,67) que se considerou estaba condicionada polo baixo número de respostas á enquisa (só un 13%). Aínda que os novos resultados parecen indicar que o sucedido o curso pasado foi algo anecdótico, é preciso seguir traballando e mellorando, así como fomentando a participación nas enquisas (neste curso respondeu un 35% do alumnado segundo o indicador IN48M). Para elo, cambiaranse as datas de realización das enquisas para que coincidan ao finalizar o período de exames de cada semestre. Respecto da satisfacción do profesorado coa docencia impartida (IN47M), obtívose unha valoración alta (4,17 sobre 5), similar á dos cursos pasados.

### 7.5 Análise do perfil real de ingreso/egreso

Respecto do perfil de ingreso, estabilizouse o cambio de tendencia observado nos últimos anos: se no momento de implantación do título a meirande parte dos alumnos procedía das antigas titulacións de Enxeñaría Técnica Forestal ou Enxeñaría de Montes, no curso 2020-2021 nove dos once alumnos de novo ingreso (IN03M) estudaron previamente un Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural nalgunha universidade española. A porcentaxe de matriculados que son egresados da USC (IN13M) foi similar á do ano anterior (pasou do 61,90% ao 61,54%), a de estudantes nacionais de fóra de Galicia (IN09M, 15,38% fronte a 23,81% do curso previo) viuse reducido nun terzo, e non houbo estudantes estranxeiros (IN08). É preciso continuar a facer un seguimento destes indicadores para avaliar os resultados das accións de mellora encamiñadas a promocionar o título entre os estudantes da USC, das rexións próximas e no estranxeiro.
A nota media de acceso por preinscrición (IN06M) foi similar á do curso pasado (6,89 fronte a 6,84), así como a porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis (IN07M, 90% en ámbolos dous cursos).
En canto aos egresados, o último informe de inserción laboral proporcionado pola ACSUG (4314244_EIL_ACSUG_2018-2019.xlsx), sitúa nun 50% aos egresados que traballan na actualidade, que ademais o seguen facendo no mesmo posto de traballo que ocupaban antes de rematar o Máster en Enxeñaría de Montes. Este último dato é coherente cos datos do SUG, que indica que case o 50% dos titulados de máster na rama de Enxeñaría e Arquitectura continuaron no mesmo emprego que tiñan antes de titularse.

### 7.6 Análise de se os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria

A comprobación de se os alumnos acadan os resultados da aprendizaxe faise en base ás seguintes consideracións: a asistencia a clase, a realización de probas orais e/ou escritas, a realización de exercicios, o aproveitamento das prácticas, os traballos entregados e/ou expostos, e a participación nas actividades da aula. Na guía docente de cada materia indícase o peso que se lle outorga a cada unha destas actividades, nun proceso de avaliación continua que depende da natureza de cada materia. No caso de optarse pola realización dun exame final, tamén se fixa na guía docente a súa importancia relativa na superación da materia.
Como xa se comentou, durante os últimos cursos levouse a cabo unha revisión anual das guías docentes para garantir que as competencias establecidas pola memoria verificada sexan traballadas e avaliadas. Ademais, o tamaño dos grupos permite unha ensinanza personalizada e adaptada ao tipo de alumnado en cada curso.
No tipo de estudos que estamos a analizar, as enxeñarías, a comprobación da adquisición de resultados de aprendizaxe realízase tamén, en último caso, a través do TFM, que debe permitir comprobar a adquisición de parte das competencias profesionais para as que acredita o título, tal e como se establece na Orde CIN/326/2009.

## 8. Análise dos indicadores para o Máster Universitario en Enxeñaría Agronómica

### 8.1. Cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire.

O Máster en Enxeñaría Enxeñaría Agronómica pola USC xurdiu para dar continuidade aos egresados do Grao en Enxeñaría Agrícola e do Medio Rural e do Grao en Enxeñaría das Industrias Agroalimentarias pola USC (así como os

graos doutras universidades españolas que outorguen as competencias establecidas na Orde Ministerial CIN /325/2009; p.e.: Grao en Enxeñaría Agraria pola UVIGO). Os egresados de Enxeñaría Técnica Agrícola deberán cursar complementos de formación, previamente ou simultaneamente ao 1° curso do máster. Os egresados da anterior titulación Enxeñeiro Agrónomo Terán convalidadas todas as materias agás o Practicum e o Traballo Fin de Máster.

Este máster habilita para o exercicio da profesión regulada de Enxeñeiro Agrónomo, ao cumprirse o estipulado na Orde CIN/325/2009.

No que respecta á memoria do título, a oferta de módulos e materias correspóndese co plan de estudos verificado e non houbo modificacións substanciais na memoria do título neste último curso académico. O máster cumpre o incluído na memoria verificada para a implantación de modificacións.

Evolución do Plan do Melloras Máster Universitario en Enxeñaría Agronómica:

A Xunta de Galicia publicou unha convocatoria de Másteres de Excelencia do Sistema Universitario Galego, polo que se presentou o MEA para a súa avaliación como Máster de Excelencia do Sistema Universitario Galego (MEA_AM-1). A proposta foi rexeitada e non efectiva.

A partir dunha prescrición da avaliación EURACE 2019, foi necesario revisar os Programas das materias para que coincidiran ca Memoria Verificada, polo que propúxose a MEA_AM-2, a cal foi rematada con éxito.

No curso 2020/2021 iniciaranse os traballos para a revisión da Memoria do Título, co obxectivo de incorporar todos aqueles cambios que se fixeron nas guías docentes para acadar a avaliación positiva do selo EURACE, maiormente as competencias, pero tamén a oferta de materias en inglés e a convalidación de créditos.

### 8.2. Cumprimento de guías docentes

Durante os últimos anos realizouse un proceso continuo de revisión das guías docentes e de seguimento do seu cumprimento por parte dá Comisión de Título. Para elo, realizáronse reunións cos alumnos por parte dos coordinadores de curso e especialidade para detectar duplicidades e incumprimentos, non sendo necesario realizar ningunha actuación durante o último curso académico. En principio se presupón o cumprimento das guías docentes. Non se recibiu ningunha queixa ao respecto.

Adicionalmente, de cara a avaliación da ANECA EUR-ACE, os programas das materias foron revisadas en canto as competencias e a súa avaliación, cumprindo en xeral agás das prescricións, as cales foron alegadas, completando aquelas competencias que a Comisión considerou que debían ser reforzadas, e incluíndo actividades en inglés no MEA para cumprir ca competencias do emprego doutras linguas.

Ademais, incorporáronse algunhas competencias en materias para reforzar os resultados do aprendizaxe despois da avaliación do panel de visita de ANECA para o selo EURACE.

### 8.3. Procedementos de coordinación

A Comisión de Título encárgase da coordinación vertical e horizontal. A Comisión do Título dispón de mecanismo de coordinación, cun Coordinador do Título, un Coordinador de Curso e un Coordinador por cada unha das especialidades. A coordinación faixe en reunións periódicas que quedan rexistradas en actas. No curso 2019-2020 realizáronse 8 reunións da comisión de título.

Unha vez detectado por parte do Coordinador do Primeiro Curso un problema relacionado coa dificultade dos alumnos coa presentación de traballos das materias, procedeuse a programar ás entregas empregando una Táboa excel onde aparecen os traballos requiridos nas distintas materias e os momentos requiridos de entrega, facendo unha distribución no tempo máis axeitada os requirimentos dos alumnos. No curso 2019-2020 faise un recordatorio da necesidade de modificala a principio de curso na páxina da USC Virtual, pedindo aos profesores que incluísen tódalas as actividades avaliadas (petición expresa dos alumnos).

A partir del análise del panel de visita de ANECA EUR-ACE constataron que:

> *"El Máster dispone de un sistema de coordinación adecuado de las actividades formativas, contenidos y sistemas de evaluación, en cada una de las materias/asignaturas que conforman el curso académico y el plan de estudios, de manera que se eviten la existencia de vacíos y duplicidades y se facilite, con una carga de trabajo adecuada para el estudiante, la adquisición de las competencias por parte del mismo."*

### 8.4. Resultados de materias e títulos

Das materias:

A análise dos resultados das enquisas de satisfacción do alumnado con cada unha das materias está condicionada polo baixo número de alumnos. A satisfacción do alumnado coa docencia recibida (valoración media da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida): 4,14 (un pouco menor que o curso anterior). Estes datos están acordes coa satisfacción do profesorado coa docencia impartida, tamén en aumento (valoración media da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida. Permite coñecer a opinión dese grupo de interese sobre a docencia que imparten): 4,36.

Do título:
El panel de visita ANECA EUR-ACE señala que, a partir del análisis de esta información se puede confirmar que:
"Los resultados de aprendizaje alcanzados por los egresados, una vez finalizado el título, satisfacen los objetivos del programa formativo y se adecúan a su nivel del CINE7, nivel de Máster. La redacción de las competencias y los resultados de aprendizaje presentan, en su mayoría, un verbo activo que requiere un elevado esfuerzo intelectual, como planificar, diseñar, proponer, o aplicar. Por ejemplo, la competencia CG3. "Capacidad para proponer, dirigir y realizar proyectos de investigación, desarrollo e innovación en productos, procesos y métodos empleados en las empresas y organizaciones vinculadas al sector agroalimentario". Por otro lado, la memoria verificada de este Máster cumple con los requisitos de la orden CIN/325/2009, de 9 de febrero, por la que se establecen los requisitos para la verificación de los títulos universitarios oficiales que habiliten para el ejercicio de la profesión de Ingeniero Agrónomo."

- Taxa de rendemento (relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios en que se matricularon) foi do 92,88%.
- Taxa de éxito (relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron) foi do 97,85%.
- Taxa de gradación (relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis e a súa cohorte de ingreso): 100%.
- Eficiencia dos titulados (relación porcentual entre o número total de créditos do plan de estudos nos que deberon matricularse ao longo dos seus estudos o conxunto de egresados dun determinado ano académico e o número total de créditos nos que realmente se matricularon): 100%.
- Taxa de abandono RD 1393/2007 (relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título no ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior): 0%.
- Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación (valoración media das preguntas relativas á satisfacción coa titulación da enquisa de egresados): sen datos.
- Satisfacción do alumnado coa docencia recibida: 4,14.
- Satisfacción do profesorado coa docencia impartida: 4,36.
- A satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible (valoración media da enquisa de satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible: sen datos.
- Grao de satisfacción dos egresados cos servizos (valoración media das preguntas relativas á satisfacción cos servizos da enquisa de egresados): sen datos.

### 8.5. Análise do perfil real de ingreso/egreso

Número de alumnos ingresados no ano 2018-2019 foi de 12 dos 25 totais potenciais (taxa de ocupación 72%).

### 8.6. Análise de se os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria

A nota media dos alumnos de novo ingreso no ano 2019-2020 foi de 6.95, do orde do ano anterior, todos eles por encima de 6. Ningún alumno foi estranxeiro ou de fóra de Galicia.

A porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións foi do 100% no ano 2018-2019.

Taxa de éxito dos egresados (Relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo

da titulación na que foi egresado e o número total de créditos aos que se presentou): 97,85%.
Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados. Relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que egresou e o número total de créditos nos que se matriculou): 96,27%.

No informe de acreditación a taxa de éxito das materias do plan de estudos (INF 17) foi do 97,85% en todas as materias para o curso 2018-2019.

No informe de acreditación a taxa de rendemento das materias do plan de estudos (INF 18) foi mais variable con cunha taxa mínima do 92,88%.

## 9. Análise dos indicadores para o Máster Universitario en Planificación e Xestión Territorial

### 10.1. Cumprimento do incluído nas memorias verificadas

O Mestrado en Planificación e Xestión Territorial (MPXT) impártese desde o curso 2020-21. O seu plan de estudos foi publicado no BOE do venres 7 de maio de 2021, nº 109, pp. 55527-55529, mediante Resolución do 23 de abril de 2021 da Universidade de Santiago de Compostela.
No curso 2020-21 a docencia desenvolveuse axeitadamente en todos as materias segundo a memoria.

### 10.2. Cumprimento das guías docentes

A Comisión Académica (CA) do MPXT tivo a súa primeira xuntanza o 2/9/2020, cando o curso 2020-21 xa comezara. Deste xeito, no curso 2020-21 as guías das materias non foran supervisadas previamente pola CA do MPXT, pois esta non existía. No entanto, a CA estableceu ao longo do curso 2020-21 un procedemento de revisión das programacións docentes aplicábel para o curso 2021-22, que non é obxecto deste informe, de acordo coas indicacións recibidas neste senso pola Subdirección de Calidade da Escola Politécnica Superior (EPS).
A supervisión previa que existiu das guías docentes do curso 2020-21 foi a dos Consellos dos Departamentos responsábeis da docencia, así como da Xunta de Escola da EPS e da Xunta de Facultade da Facultade de Xeografía e Historia (FXH).
As programacións docentes atopábanse públicas na web da USC antes do comezo das aulas, tanto en galego como en español.
A CA do MPXT debateu ao longo do curso 2020-21 as incidencias relacionadas coa docencia impartida, tentando detectar duplicidades e incumprimentos.
Como resultado do seguimento realizado, determinouse necesario realizar tres actuacións no curso 2020-21, algunha das cales, polos motivos que se explicarán deseguido, non entraron en vigor até o curso 2021-22:

1. O cambio dunha materia optativa inicialmente impartida no segundo semestre (Sistemas de Información Xeográfica) ao primeiro semestre, intercambiándoa con Avaliación de plans e programas (orixinalmente no primeiro semestre). Foi unha demanda do alumnado e considerouse que ten pleno sentido na programación do mestrado, na medida en que nivela os coñecementos/habilidades/competencias en SIX, imprescindíbeis en moitas outras materias do mestrado. Isto xa foi debatido na CA do 17/11/2020 e aprobado polo SXOPRA para o curso 2021-22.
2. A aprobación do Regulamento de TFM, inicialmente na CA do 4/11/2020 mais que, por trámites con varios niveis administrativos da USC, adiouse até a súa aprobación definitiva polo CG até o 27/1/2022. Isto implicou encher a guía da materia do TFM, inicialmente non existente, de forma provisoria nos cursos 2020-21 (a medio curso) e no 2021-22 (antes de que comezase o curso). A guía aprobouse na CA do 31/5/2021.
3. Tamén ao longo do curso 2020-21 tivo que se encher a guía da materia das prácticas curriculares, dado que non tiña coordinador/a atribuído/a inicialmente. No punto 3.7 (directriz 3) explícase esta cuestión detalladamente.

Na CA do MPXT do 31/5/2021 a coordinación levou a aprobación unha proposta de revisión das guías das materias para o curso 2021-22, que foi debatida a fondo, en función dos criterios estabelecidos pola Subdirección de Calidade da EPS. Mais iso atinxe sobre todo xa ao curso 2021-22 e, polo tanto, non é obxecto deste informe.

### 10.3. Procedementos de coordinación

O principal procedemento de coordinación do mestrado é a súa CA. Reuniuse dez veces no curso 2021-22, todas menos a última, o 15/7/2021, coa presenza do coordinador e do secretario (esta última, por baixa do coordinador, foi presidida polo secretario). Ao longo do curso a CA debateu temas diversos de coordinación do MPXT. No primeiro curso obviamente moitos tiveron que ver coa súa posta en funcionamento (TFM, prácticas académicas, etc.), mais tamén cos horarios e, logo, coas medidas de xestión da pandemia que foi necesario adoptar ao longo do curso; entre elas, e para o grupo do campus de Compostela, procurar unha aula axeitada na que coubese todo o alumnado matriculado e garantir nela o era preciso (sala de illamento adicional, hidroxel, etc.), dotación infraestrutural (ordenador, altofalantes, etc.), facilitar o acceso do profesorado e do alumnado á aula, etc. Tomouse a decisión de que fose no IDEGA, ante a falla de espazos na FXH no curso 2020-21. Isto implicou unha solicitude formal á Dirección do IDEGA (carta do 2/9/2020) e outras especificidades que se explican nos punto 3.10 (directriz 3), 4.5 (directriz 4) e 5.1 (directriz 5) deste informe.

A elaboración dos horarios para o curso 2020-21 levouse a cabo en xullo de 2020. Dados os problemas relacionados coa xestión da pandemia e experimentados ao longo da posta en marcha do mestrado (solapamentos entre campus, asignación de días, non contar inicialmente cos festivos privativos dos dous campus, etc.), os horarios rectificáronse até en nove ocasións, até a CA do 4/11/2020.

As actas das xuntanzas da CA ao longo do curso 2020-21 recollen os motivos precisos dos cambios de horarios. Para o curso 2021-22 o principal mecanismo de (re)elaboración dos horarios foi a rotación de materias e campus, tanto afectando as horas como os días da semana, para que o alumnado a tempo parcial con esixencias horarias concretas puidese cursar todas as materias, nomeadamente as obrigatorias.

A elaboración dos horarios realízase atendendo á necesidade de que non se produzan solapamentos entre campus (cada campus ten uns días asignados) e do profesorado con outras obrigas docentes, á dispoñibilidade das aulas e tamén á planificación das actividades docentes durante cada semestre, de maneira que se poida repartir de maneira homoxénea a carga docente entre todas as semanas do semestre.

Tamén se elabora co mesmo procedemento o calendario de exames para todas as materias do título, para distribuír as probas de avaliación no período establecido pola USC. Só é posíbel que transcorran 48h entre probas das materias do primeiro semestre; no segundo semestre, así como na segunda oportunidade, a gran cantidade de materias non permite deixar esas distancias entre exames. Porén, hai que ter en conta que non todas as materias contan cun exame deste tipo e varias delas xa previamente fixeron probas orais (por exemplo, exposicións) con anterioridade á data oficialmente estipulada.

O calendario de exames apróbase ao mesmo tempo que se aproban os horarios xerais. No curso 2020-21 non consta ningún cambio de data de exame ao longo do curso. No curso 2020-21 o alumnado non puido participar no seguimento do procedemento de elaboración do calendario de exames, dado que este foi establecido con anterioridade ao inicio do curso, a que existise unha CA do título e mesmo a que houbese alumnado matriculado no título (xullo de 2020).

O calendario do TFM foi aprobado no curso 2020-21 pola CA do 17/11/2020, a partir dos contidos provisorios do Regulamento aprobado inicialmente pola CA do 4/11/2020. Neste caso, si que o alumnado representado na CA si que tivo coñecemento directo dos prazos.

### 10.4. Análise do perfil real de ingreso/egreso

A análise dos indicadores da Aplicación de Control de Sistemas de Xestión (AASX) resulta problemática, ao tratarse da primeira vez que o sistema verte os resultados para este mestrado. Asemade, asúmese que os indicadores son sempre os do conxunto do mestrado, aínda que a aplicación indique que son exclusivos do campus de Lugo [L]. De feito, a xestión do MPXT está a resultar complexa en moitas ocasións por mor da presenza dos dous campus e cadanseus centros, en especial en termos burocráticos e administrativos; así, o que debese ser algo correcto e encomiábel (a cooperación entre centros e campus) comporta, no contexto da USC, desafíos e atrancos constantes.

Nas próximas páxinas os indicadores da AASX contrástanse con outros datos, por exemplo, os da Secretaría Virtual (acceso do coordinador en abril de 2022), que facilita a algúns datos para o conxunto do mestrado. Asemade, cando existe, achégase o dato obtido na enquisa realizada en maio de 2021 ao alumnado matriculado (para a que se obtiveron 11 respostas sen distinción de campus/centro) por parte do propio mestrado, no marco dun proceso de reflexión da FXH sobre o futuro dos mestrados ofrecidos actualmente (Comisión extraordinaria de traballo de titulacións creada por acordo da Xunta de Facultade o 25/2/2021).

### 2.4.1. Ingreso

Os indicadores da AASX relativos a ingresos son os seguintes:

| Código | Indicador | Data | Valor |
|---|---|---|---|
| IN01M | Prazas ofertadas | 15/12/2021 | 26 |
| IN02M | Matrícula | 15/12/2021 | 22 |
| IN03M | Matrícula de acceso | 15/12/2021 | 22 |
| INO4M | Matrícula de novo ingreso | 15/12/2021 | 21 |
| INO6M | Nota media de acceso | 15/12/2021 | 7,17 |
| INO7M | Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a 6 | 15/12/2021 | 92% |
| INO8M | Porcentaxe de estudantes estranxeiros | 15/12/2021 | 0% |
| IN09M | Porcentaxe de esp. doutras CCAA que non son Galiza | 15/12/2021 | 0% |
| IN12M | Taxa de ocupación | 15/12/2021 | 100%* |
| IN13M | Porcentaxe de matriculad@s que son titulad@s da USC | 15/12/2021 | 73% |

*IN12M está mal calculada ao referirse a 13 (o total dun dos campus), cando hai que referilo á matrícula (21), co cal é 21/21.

A matrícula de acordo coa AASX foi de 22 (21 de novo ingreso). No entanto, de acordo coa Secretaría Virtual foi de 23: 18 no campus compostelán e 5 no lugués; nesa fonte consta que 2 alumn@s proviñan do anterior mestrado e 1 estaba a realizar un Erasmus, co cal novo ingreso realmente sería 22.

Dada a presenza dun alumno Erasmus, a porcentaxe de estudantes estranxeir@s non pode ser 0% como estipula a AASX.

A preinscrición fora de 29 e 7, respectivamente, segundo a Secretaría Virtual, de xeito que se retivo unha porcentaxe significativa das preinscricións.

De acordo coa AASX, o alumnado egresado accedeu cunha nota media de 7,17, cun 92% de alumnado que accedeu á titulación con puntuación igual ou superior a 6.

De acordo coa AASX, o 73% d@s matriculad@s estudara previamente na USC o grao. Seguramente sería desexábel tentar depender menos da continuidade do alumnado propio.

De acordo coa enquisa realizada internamente polo mestrado en maio de 2021, d@s 11 estudantes/as que a responderon: 8 estudaran Xeografía, 1 Enxeñaría Civil, 1 Enxeñaría Forestal e 1 Arquitectura.

### 10.4.2. Egresad@s

De acordo cos datos da AASX explotados de forma indirecta (cocientes dos indicadores IN22M e IN38M), houbo 7 egresad@s.

Isto coincide con que a Secretaría Virtual dá un retorno de 7 egresad@s reais no sentido de que aprobaron o TFM (un 8° alumno presentouno mais suspendeuno). Matriculáranse do TFM 21 d@s 23 alumn@s segundo Secretaría Virtual (2 solicitaran tempo parcial, co cal non podían matricularse do TFM nese primeiro curso). @s 14 restantes suspenderon (1), non se presentaron, renunciaron á convocatoria ou non deron aprobado todas as materias, co cal non puideron presentarse.

Sexa como for, 7 de 21 de egresad@s implica un 33,33%, o cal é unha taxa moi baixa. Este debe ser un dos obxectivos do plan de melloras.

Non consta a existencia de datos de inserción laboral d@s egresad@s en ningunha das fontes consultábeis para a elaboración deste informe.

### 10.5. Análise de que @s titulad@s acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria

De acordo cos limiares estabelecidos pola EPS para outros títulos, cómpre acadar uns determinados limiares nas taxas de eficiencia (>8 %) de gradación (>40%) e abandono (<25%). A AASX só ofrece un dos valores (véxase máis abaixo), a taxa de eficiencia (IN53M), que é superior ao 100%, polo cal cumpre co limiar prefixado.
Tal e como se pode ver na seguinte táboa, hai máis indicadores de resultados de aprendizaxe, que tamén ofrecen valores moi altos.

| Código | Indicador | Data | Valor |
|---|---|---|---|
| IN34M | Taxa de rendemento | 15/12/2021 | 92% |
| IN35M | Taxa de éxito | 15/12/2021 | 99% |
| IN36M | Taxa de avaliación | 15/12/2021 | 93% |
| IN50M | Taxa de éxito dos egresad@s | 15/12/2021 | 100% |
| IN53M | Taxa de eficiencia (rendemento d@s egresad@s) | 15/12/2021 | 100% |

### 10.6. Análise da información sobre satisfacción, necesidades e expectativas

De acordo coa AASX, os indicadores numéricos aplicábeis son os seguintes:

| Código | Indicador | Data | Valor |
|---|---|---|---|
| IN46M | Satisfacción do alumnado coa docencia recibida | 15/12/2021 | 8,48 |
| IN47M | Satisfacción do profesorado coa docencia impartida | 15/12/2021 | 7,69 |
| IN48M | Taxa de resposta | | ** |

**O dato resultante non presenta 2º factor, co cal a porcentaxe (errónea) é superior a 100.
De acordo con estes datos, a satisfacción do alumnado sería superior á do profesorado.
A AASX non ofrece datos contextuais destes valores, de xeito que non se pode saber se son baixos ou altos en relación cos centros e/ou o conxunto da universidade.
Como resulta habitual nos sistemas de calidade da USC, estes datos da AASX son discrepantes cos datos que se poden obter a través da Secretaría Virtual da USC para o MPXT. Lamentabelmente, quen enche este documento só pode obter os do campus de Compostela. Exprésanse deseguido, comparándoos contextualmente, o que ten relevancia neste punto:
Resultados para o plan de estudos "Máster Universitario en Planificación e Xestión Territorial [S]" (P3431P01)
Data de cálculo: 14/9/2021
Data de publicación: 8/10/2021
Nº total de estudantes matriculados/as no plan de estudos: 19***
Nº total de enquisas cubertas no plan de estudos: 101
Porcentaxe de participación dos/as estudantes: 68,42%
Media da titulación (Máster Universitario en Planificación e Xestión Territorial [S] (P3431P01)) 4,22
Media da rama de coñecemento (Área de Ciencias Sociais e Xurídicas) 4,08
Media da universidade 4,09
***De acordo coa propia Secretaría Virtual, o nº de estudantes matriculad@s no plan de estudos no campus de Compostela é 18.
Deste xeito, de acordo cos datos dispoñíbeis na Secretaría Virtual, o grao de satisfacción do alumnado co mestrado (campus de Compostela) é ostensibelmente superior ao da rama de coñecemento (Ciencias Sociais e Xurídicas) e ao do conxunto da USC.
Por outra banda, na enquisa propia desenvolvida polo mestrado no seo do proceso xa comentado de revisión do mapa de titulacións da FXH, obtivéronse os seguintes resultados numéricos de satisfacción, necesidades e

expectativas en escala de Likert (é dicir, en relación coa acordo/desacordo por unha determinada frase, o cal non é o mesmo método có que emprega a USC nas súas enquisas de satisfacción docente).

| Frase formulada para Likert («En relación coa seguinte frase expresa o teu acordo ou desacordo», onde 1 é moi en desacordo; 2, en desacordo; 3, nin en acordo nin en desacordo; 4, de acordo; e 5, moi de acordo) | Valor Likert MPXT | Valor Likert másters FXH |
|---|---|---|
| Este é o mestrado que máis quería facer | 3,64 | 3,76 |
| Non se producen solapamentos entre a carreira que cursei e o mestrado que estou a cursar | 2,18 | 2,86 |
| No mestrado impártense os contidos adecuados no campo que trata | 3,18 | 3,10 |
| O mestrado achega as aplicacións e habilidades precisas do campo que trata | 3,36 | 3,24 |
| O mestrado capacítame para o exercicio dunha/s profesión/s | 2,54 | 2,59 |
| No mestrado dáseme información abonda sobre saídas profesionais | 1,91 | 2,00 |
| O mestrado apréndeme a investigar | 4,00 | 3,55 |
| Resulta preciso un mestrado logo do grao | 3,82 | 3,66 |

O dato máis significativo que derivamos desta táboa é que o MPXT é percibido como moi capacitante en investigación (4,00 implica en Likert un acordo total), mais, en cambio, o que ten que ver coa capacitación profesional está a medio camiño do desacordo e de nin en acordo nin en descacordo (2,54). Asemade, e en liña co devandito, o alumnado do MPXT está en desacordo claramente (con bastantes respostas de moi en desacordo) co feito de o mestrado ofrecer unha información abonda sobre saídas profesionais. Esta é unha cuestión cuxa xestión futura se vai incorporar no plan de melloras deste informe, vencellándoa coas prácticas académicas externas.

O alumnado desexaba realizar o mestrado porque entende que é preciso logo do grao (3,82, moi preto do acordo total) e mais tamén porque ten interese directo no MPXT (3,64, tamén preto do acordo). No entanto, ao cursalo, parece que se produce bastante insatisfacción, aínda que a insatisfacción parece maior noutros mestrados da FXH.

Finalmente, outro dato relevante extraído desta enquisa interna son os solapamentos entre o grao e o mestrado: están moi preto do desacordo co que non se producen solapamentos (2,18), co cal hai que inferir que si que se producen. Esta é unha cuestión que merecerá maior vixilancia por parte da CA no sucesivo.

Outros datos cuantitativos non preguntados con Likert son os seguintes:

- 5 de 11 cren que non van dar rematado o mestrado nun só curso académico, como así foi para o 66,7% do alumnado daquel curso de acordo cos datos expresados no punto 2.4.2. Esta cuestión vai se tratada no plan de melloras.
- 7 de 11 expresan que quererían que se ofertasen outros mestrados, en particular, un sobre Sistemas de Información Xeográfica (5 de 11).
- 8 de 11 declaran que non queren realizar un doutoramento. Esta constatación é relevante, tendo en conta que o alumnado detecta que o MPXT ten unha excesiva orientación investigadora (véxanse os parágrafos precedentes).

Esta enquisa realizada pola FXH incluía a posibilidade de dar respostas cualitativas, que son relevantes en termos de satisfacción, necesidades e expectativas. Dado que nin a AASX nin a Secretaría Virtual permiten unha achega cualitativa, deseguido expresamos unha escolma dos resultados obtidos no que fai ás eivas:

«Grandes diferencias entre las asignaturas de Santiago y Lugo, falta de orientación práctica en algunas de ellas, exceso de trabajo a finales del primer cuatrimestre.»

«A falta de planificación previa, e a información sobre saídas laborais. Deberíase fomentar máis as prácticas. O mestrado está destinado a formarnos como investigadores na ma[i]oría das prácticas, esquecendo a parte profesional.»

«Considero que o enfoque é demasiado teórico, non se poñen en práctica a Xestión e a Planificación.»

«Falta de coordinación, acumulación de traballo sobre todo no primeiro semestre, falta de interese por parte dalgúns profesores, falta de enfoque cara [a]o mundo laboral (pode que as materias sexan demasiado curtas como para poder afondar nas cuestións prácticas).»

«Non está nada claro as saídas laborais que pretende mostrar o mestrado. Tampouco hai da[t]os sobre anos anteriores sobre as supostas saídas laborais.»

«A falta dunhas boas prácticas profesionais, o exceso de materia en algunhas asignaturas [sic] de 3 créditos.»

«Moito contido para os créditos que teñen as materias.»

Algúns destes comentarios son coherentes cos datos cuantitativos expresados anteriormente: percepción dunha ausencia da dimensión laboral, percepción dun excesivo peso investigador mais escasa vontade de desenvolver logo doutoramentos por parte do alumnado, etc. Porén, uns matices interesantes achegados por estas testemuñas cualitativas teñen que ver co exceso de carga das materias de 3 créditos e coa mellora das prácticas. Estes resultados foron tratados en CA, pregando ao profesorado que dimensione a carga por materia tendo en conta os 3 créditos ECTS. Por outra banda, insistiuse na necesidade de centrarse na dimensión aplicada. Todas estas melloras en principio só se poderán comprobar no curso 2021-22.

Por outra banda, explicar as saídas do alumnado egresado en cursos anteriores, no primeiro curso do mestrado, resultaba imposíbel. No curso 2021-22 desde o primeiro día se explicou ao alumnado os lugares nos que coñecemos que está a traballar o alumnado do curso 2020-21, co cal agardamos mellorar neste punto. Tamén no plan de melloras, aplicábel sobre todo no curso 2022-23, trátase esta cuestión.

## Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

**Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirlles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
  - Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
  - Admisión do alumnado (acción de captación).
  - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
  - Orientación académica (plan de acción titorial) e profesional.
  - Mobilidade.
  - Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)
  - Avaliación da aprendizaxe
  - Prácticas externas.
  - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
  - Resultados da aprendizaxe nas materias do título.
  - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Nesta sección analizaremos os indicadores requiridos nesta directriz en dous niveis: de centro e de titulación. No primeiro nivel, analizaremos só aqueles indicadores que teñan relevancia global e no segundo os que aporten a maior información local para a titulación.

### 1.- Análise a nivel Centro

### 1.1.- Análise da evolución da matrícula

Na táboa 3.1 sinálase a evolución dos indicadores relacionados coa revisión da oferta académica e de matrícula global no centro.

En canto a evolución dos indicadores relacionados coa matrícula (IN02C, IN03C, IN04C e IN05C) no curso 19-20 rómpeuse a caída en todos eles respecto da serie histórica e apreciase unha clara tendencia positiva e esta ano 20-21 confírmase esta tendencia positiva (nótase os efectos do grao de robótica e da pandemia que provocou un aumento da matricula nas universidades locais). A matrícula nos máster do centro volta a aumentar e situase en case 0.8 décimas con respecto da serie histórica ~1,1 (IN14C). Aínda que as cifras melloran claramente con respecto a anos anteriores, seguimos a precisar actuar a prol da promoción dos títulos tradicionais da EPSE e insistir nas accións de mellora para a captación de estudantes para o Centro (seguimos a ter títulacións con prazas vacantes). Cabe destacar tamén unha evolución moi positiva da nota media de acceso por preinscrición (8,17) e porcentaxe de alumnos que acceden as titulacións do centro por enriba de 6 ascende ao 90,1% acompañado dun forte ascenso (máis de 9 puntos porcentuais) no indicador IN10C, que correla coa vocación do alumnado captado polos estudos elixidos.

A análise do perfil real de ingreso lévase a cabo a nivel de título e pode consultarse nos correspondentes apartados de cada titulación.

| Código | Descrición | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| IN01C | Prazas ofertadas | 337 | 333 | 318 | 302 | 330 | 358 |
| IN02C | Matrícula | 695 | 637 | 575 | 521 | 531 | 623 |
| IN03C | Matrícula de acceso | 216 | 118 | 121 | 134 | 160 | 228 |
| IN04C | Matrícula de novo ingreso por prescrición | 160 | 111 | 108 | 121 | 151 | 220 |
| IN05C | Variación da matrícula de novo ingreso por prescrición | -11,11 | -30,63 | -2,70 | 12,03 | 24,79 | 23,84 |
| IN06C | Nota media de acceso por prescrición | 6,75 | 6,80 | 7,20 | 7,64 | 8,09 | 8,17 |
| IN07C | Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis | 72,48 | 75,47 | 81,44 | 92,38 | 90,51 | 90,10 |
| IN08C | Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados | 2,16 | 2,04 | 2,26 | 3,45 | 3,39 | 3,05 |
| IN09C | Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados | 7,34 | 6,28 | 6,78 | 6,91 | 5,65 | 5,62 |
| IN10C | Relación de estudantes prescritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas | 39,00 | 33,50 | 37,93 | 28,21 | 35,51 | 44,08 |
| IN12C | Taxa de ocupación | 47,48 | 36,33 | 36,55 | 42,93 | 47,48 | 63,77 |
| IN14C | Relación entre o número de matriculados en Másteres dun centro e o número de egresados dese centro | 1,04 | 1,09 | 1,08 | 1,32 | 1,19 | 1,83 |

Táboa 3.1.- Evolución dos indicadores relacionados coa revisión da oferta académica e de matrícula global no centro.

### 1.2.- Resultados da aprendizaxe

Na táboa 3.2 sinálase a evolución dos indicadores relacionados cos resultados da aprendizaxe a nivel de centro para grao e máster.

| Código | Descrición | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| IN34CG | Taxa de rendemento | 56,68 | 59,01 | 59,8 | 65,38 | 72,98 | 62,78 |
| IN34CM | Taxa de rendemento | 86,83 | 81,18 | 86,18 | 87,79 | 91,25 | 85,51 |
| IN35CG | Taxa de éxito | 77,48 | 78,12 | 79,68 | 82,42 | 87,12 | 76,61 |
| IN35CM | Taxa de éxito | 97,91 | 99,48 | 98,73 | 99,26 | 98,45 | 98,63 |
| IN36CG | Taxa de avaliación | 73,15 | 75,54 | 75,05 | 79,32 | 83,77 | 81,95 |
| IN36CM | Taxa de avaliación | 89,13 | 81,61 | 87,29 | 88,44 | 92,69 | 86,70 |
| IN37CG | Taxa de graduación | 31,43 | 23,64 | 19,05 | 28,77 | 27,59 | 33,33 |
| IN37CM | Taxa de graduación | 69,05 | 72,34 | 82,61 | 83,33 | 72,50 | 84,38 |
| IN38CG | Duración media dos estudos | 5,32 | 5,97 | 5,58 | 5,89 | 5,88 | 5,90 |
| IN38CM | Duración media dos estudos | 1,39 | 1,69 | 1,63 | 1,43 | 1,68 | 1,56 |
| IN40CG | Taxa de abandono no primeiro curso | 26,19 | 16,44 | 25,00 | - | 32,14 | 24,44 |
| IN41CM | Taxa de abandono RD 1393/2007 | 23,81 | 38,3 | 6,52 | 5,56 | 10,00 | 0 |

Táboa 3.2.- Evolución dos indicadores relacionados cos resultados da aprendizaxe a nivel de centro para grao (CG) e máster (CM).

A evolución temporal de todos os indicadores IN34CG, IN35CG, IN36CG sufren un descenso no último ano respecto do anteior onde a non presencialidade nos exames debido a crise da COVID-19 incrementou estes indicadores fortemento. Obsérvase, que ao recuperar a presencialidade nos exames, os indicadoes voltan a estar no mesmo orden que os do ano 18-19 onde tamén había presencialidade nos exames. De novo, en termos absolutos estes indicadores son 10 puntos, como mínimo, superiores en estudos de máster que de grao xustificado polo tipo de alumnos que cursa estas titulacións (motivación, madurez, etc.). Na taxa de duración media dos estudos de grao (IN38CG) este indicador está estabilizado e por debaixo do pico máximo de 5,97 anos acadado no ano 16-17. Para másters (IN38CM), este ano sitúase nos 1,56 anos tamén moi debaixo do máximo da serie histórica de 1,69 anos do curso 17-17.
*Respecto a taxa de abandono no primeiro curso, é o segundo máis baixo da serie histórica cun porcentaxe do 24,44.* Para másters, este ano non se produciron abandonos neste tipo de estudos (o alumnado é pouco numeroso e está motivado). Unha análise completa sobre estes valores, a nivel de título, preséntanse nos apartados de seguimento correspondentes, e pódese comprender cales son os factores que máis inflúen en cada un dos graos analizados. Así mesmo, os valores de taxas de idoneidade na gradación e de eficiencia dos egresados tamén deben ser analizadas en cada unha das titulacións e non por centro debido a heteroxeneidade desta Escola.

### 1.3.-Indicadores de satisfacción

Na táboa 3.3 sinálase a evolución dos indicadores de satisfacción a nivel de Centro, relacionados cos programas de mobilidade e prácticas externas nos últimos cursos académicos.

| Código | Descrición | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2012-21 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| IN16C | Satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade | -- | 3.67 | 5 | - | - | 4,20 |
| IN17C | Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados | 1,45 | 1,73 | 1,41 | 1,57 | - | 1,57 |
| IN18C | Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados | 4,17 | 2,98 | 4 | 6,53 | 5,08 | 0,80 |
| IN22C | Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións | 40,8 | 27,73 | 51,35 | 43,82 | 52,53 | 60,20 |

Táboa 3.3.- Evolución dos indicadores de satisfacción relacionados cos programas de mobilidade e prácticas externas a nivel de centro.

Respecto á satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade (IN16C) e do Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados (IN17C), vemos que retornan aos valores medios da serie histórica (excluíndo o último ano académico que non houbo enquisas cubertas). O indicador (IN18C) revela un descenso do porcentaxe de estudantes recibidos de programas de mobilidade sobre o total de matriculados moi forte e achacado a crise da COVID-19. Tanto a nivel de Centro como dende as comisións académicas de cada un dos títulos formuláronse accións de mellora para potenciar tanto a información dos programas de mobilidade como o número de convenios con outras universidades. A pandemia da COVID-19 ten moito que ver co descenso nos indicadores relacionados coa mobilidade. Debemos insistir neste tipo de accións para propiciar unha evolución positiva destes indicadores nos vindeiros anos.

Un aspecto interesante da calidade na aprendizaxe son as prácticas externas. Estas son voluntarias para a maioría dos Graos e másteres, excepto en GR, MEM e MEA que son obrigatorias. A porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións sitúase no 60% para o conxunto do centro. Como froito da avaliación externa dos títulos arbitrouse accións de mellora para actualización dos procedementos de asignación de prácticas, información subministrada aos alumnos e aumento da bolsa se prácticas externas. Este ano apreciase un aumento de 8 puntos porcentuais respecto do ano pasado. Vese que as accións levadas a cabo están a dar resultado, posto que nos dous últimos cursos académicos conseguimos un aumento de máis de 18 puntos porcentuais situándonos no máximo da serie histórica. Cómpre seguir insistindo con accións deste tipo para seguir mellorando este indicador.

Como colofón, resaltar que é preciso mellorar o grao de participación nas enquisas do centro e incidir neste senso no novo Plan de Melloras.

# 2 Análises a nivel Títulos

## 2.1.- Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural

### 2.1.1 Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación)

As incidencias excepcionais que se produciron no pasado curso 2020-2021 na aplicación dalgunhas normativas predefinidas que cobren o ciclo de vida do alumnado na USC foron derivadas da pandemia da COVID-19, e estiveron

relacionadas principalmente coa docencia e avaliación semi ou non-presencial. Toda a información ao respecto na USC centralízase en: https://www.usc.gal/gl/usc/covid19

### 2.1.2 Admisión do alumnado (acción de captación)

A admisión de alumnado en primeiro curso está regulada segundo as normas xerais da USC. As modalidades de acceso que se dan no Grao son para estudantes procedentes do Bacharelato, da Formación Profesional ou doutras titulacións universitarias, e en ningún deses casos se establecen probas específicas desde a USC ou o desde o centro. O perfil do estudante que comezou estudos no Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural no curso 2020/2021 é un varón (66 %), procedente de Bacharelato (73 %) ou de Formación Profesional (27 %), que maioritariamente marca o Grao como primeira preferencia (66,7 %), que procede maioritariamente de Galicia (93,3 %), e de Lugo (case un 50 %).
Ao igual que en cursos anteriores o número de estudantes de novo ingreso que se matricularon no Grao é insuficiente,15 sobre unha oferta de 45 prazas (mantendo datos similares aos de anos anteriores), aínda que compre engadir ós estudantes de novo ingreso que se matricularon neste Grao e tamén no Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria, baixo a modalidade de dobre Grao (14 matriculados). Tamén existe a posibilidade de que algúns dos alumnos matriculados no Grao Aberto "5USC Enxeñarías" que oferta o centro pasen ao Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural despois do segundo ano. O número total de matriculados na titulación continua diminuíndo, desde os 164 alumnos do curso 2014-2015 ata os 85 do curso 2020-2021, unicamente compensados polo aumento continuo na matrícula total no dobre Grao (de 11 alumnos en 2015-16 ata 50 no 2020-2021).
Durante o pasado curso 2020-2021 a Dirección do centro encargouse de executar accións de mellora dirixidas á promoción e difusión das distintas titulacións entre os estudantes do Ensino Medio, dado que a captación é un aspecto de capital importancia e que afecta a case todas as titulacións da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría. Será preciso incrementar o esforzo nesta primordial tarefa para aumentar a captación de novo alumnado.

### 2.1.3 Orientación académica (plan de acción titorial) e profesional

Para informar aos estudantes das características do Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural realízanse diferentes charlas de orientación académica por parte da Comisión de Título, ademais da dispoñibilidade dos coordinadores de curso e o de título no seu horario de titorías. As charlas de orientación son unha das actividades de acollida que se realiza co alumnado de primeiro curso na primeira semana do semestre, xunto cunha charla sobre elaboración do Traballos Fin de Grao, fundamentalmente dirixida a alumnos de terceiro e cuarto curso.
Estas actividades da Comisión de Título compleméntanse con outras específicas sobre prácticas externas, aprendizaxe de idiomas ou programas de mobilidade, entre outras, que se realizan desde a Dirección da EPS de Enxeñaría ou dende os correspondentes Servizos da USC. Todas esas actividades difúndense mediante a aula virtual de coordinación, que tamén é punto de difusión frecuente de información sobre becas e ofertas de emprego.
Ademais, a USC dispón dun programa de alumnos titores do que se informa aos estudantes mediante a aula virtual de coordinación. Este programa consiste nun período de formación de alumnos titores durante un curso académico. No curso seguinte eses estudantes realizan tarefas de orientación para outros alumnos e colaboran co Programa A Ponte. A participación como alumno titor se convalida por 6 créditos ECTS.
Ademais, o Servizo de Orientación Laboral difunde ofertas de emprego mediante as redes sociais e encargase da formación específica para o emprego dos estudantes de maneira individual, ou en sesións de grupo, cando se solicita. Proponse intensificar esta liña de traballo para garantir que todos os estudantes reciben esa formación transversal.

### 2.1.4 Mobilidade

A porcentaxe de estudantes do Grao enviados a programas de mobilidade sobre o total de matriculados foi de 2,61 % no derradeiro curso con datos (2017-18), similar á de anos anteriores, e case a maior das titulacións do centro, soamente por baixo do dobre Grao agrícola e forestal (3,57 %).
Non houbo estudantes recibidos no Grao baixo programas de mobilidade en 2020-21, seguramente motivado polas restricións de mobilidade ligadas á pandemia, aínda que nos cursos anteriores o porcentaxe sobre o total de matriculados foi en proceso ascendente ata o 5,81 % en 2019-20.
A porcentaxe de profesores/as que participaron en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título no curso pasado baixou notablemente respecto ao ano anterior, quedando nun 1,75 %, seguramente tamén motivado polas restricións de mobilidade ligadas á pandemia. É de supoñer que no seguintes cursos estas porcentaxes volverán a

incrementarse de forma importante.
Compre manter e potenciar as presentacións específicas por parte do Servizo de Relacións Exteriores da USC para informar aos alumnos dos programas de mobilidade e da importancia de coñecer outros sistemas educativos e ambientes culturais.

### 2.1.5 Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)

As metodoloxías de ensinanza son variadas, cubríndose entre as materias do Grao todas as que se recollen na memoria modificada do título. En cada materia o profesorado elixe as metodoloxías que considera máis apropiadas en función dos contidos que ten que tratar e tamén para poder traballar e avaliar as competencias transversais.
Estas metodoloxías se desenvolven en forma de clases expositivas, sesións interactivas de seminario ou laboratorio e titorías individuais ou de grupos reducidos. Comprenden a docencia habitual expositiva de clases maxistrais, técnicas de aprendizaxe cooperativo, aprendizaxe baseado en proxectos ou en problemas, traballos individuais ou en grupo, exposicións orais en clase, busca de información actualizada, manexo das TICs ou visitas a montes ou empresas.

### 2.1.6 Avaliación da aprendizaxe

Como xa se comentou na directriz 2, durante os últimos cursos levouse a cabo unha revisión anual das guías docentes para garantir que as competencias establecidas pola memoria verificada e pola memoria modificada sexan traballadas e avaliadas. A comprobación de que os alumnos acadan os resultados da aprendizaxe faise a partir dos seguintes aspectos: a asistencia a clase, a realización de probas orais e/ou escritas, a realización de exercicios, o aproveitamento das prácticas, os traballos entregados e/ou expostos e a participación do alumnado nas actividades da aula. Na guía docente de cada materia se indica o peso que se lle outorga a cada unha destas actividades, nun proceso de avaliación continua que depende da natureza de cada materia. Así mesmo, no caso de optarse pola realización dun exame final, tamén se fixa na guía docente a súa importancia relativa na superación da materia. A avaliación da aprendizaxe realízase tamén mediante a defensa do Traballo Fin de Grao (TFG), que permite comprobar a adquisición de parte das competencias profesionais para as que acredita o título, tal e como se establece na Orde CIN/324/2009, que regula os estudos habilitantes para a profesión de Enxeñeiro Técnico Forestal. Na directriz 2 coméntanse os TFG presentados na titulación no pasado curso 2020-2021.
Por outra banda, o Programa de Formación e Innovación Docente da USC organiza cursos dirixidos ó PDI sobre técnicas de avaliación da aprendizaxe, admitíndose tamén suxestións sobre novas temáticas ou técnicas sobre a avaliación de competencias.

### 2.1.7 Prácticas externas

A información relativa ás prácticas externas da titulación transmíteselle ao alumnado fundamentalmente a través das seguintes vías: charlas informativas levadas a cabo pola Subdirección de Prácticas Externas e Orientación Laboral da EPS de Enxeñaría e comunicación por medios electrónicos (aulas virtuais e correo electrónico) da información proporcionada polo Servizo de Orientación Laboral ou recibida no centro.
As prácticas externas no Grao son voluntarias, e durante o curso 2020-2021 a porcentaxe de alumnos egresados da titulación que ao longo dos seus estudos realizou prácticas externas en empresas e institucións foi do 29,4 %. Esta porcentaxe subiu ata o 75 % no caso do dobre Grao.
É preciso continuar a facer difusión das prácticas externas, así coma do seu carácter formativo e dos dereitos do alumnado durante a súa realización.

### 2.1.8 Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación)

A normativa de Traballos Fin de Grao da titulación, adaptada á normativa xeral da USC, regula os procedementos de presentación de propostas, elaboración, entrega e defensa dos TFG. Parte do PDI con docencia na titulación oferta unha listaxe de temas adaptados ás liñas temáticas que propuxo a Comisión de Título e ratificou a Xunta de Escola, que abarcan as competencias da titulación. O estudante escolle o tema do seu Traballo Fin de Grao, xeralmente da lista de temas ou ben propoñe outro tema de acordo có seu titor. Neste Grao tamén ofrécese a os alumnos a oportunidade de

utilizar de forma conxunta, secuencial e coordinada as actividades que se inclúen en certas materias (traballos, informes, recoñecementos de campo, etc.) como base do seu TFG (segundo a análise realizada no curso 2019-20, que deu lugar a accións de mellora da titulación nos dous últimos anos).
Os mecanismos de control do proceso de aprendizaxe dos alumnos que elaboran o seu TFG funcionaron axeitadamente, desde a charla na que se explica de maneira detallada a normativa e o procedemento de elaboración do TFG á composición das comisións avaliadoras de TFG, formadas por profesores da titulación. O Coordinador de TFG veu desempeñando a presidencia das comisións de avaliación as máis das veces. Na directriz 2 coméntanse os TFG presentados na titulación no pasado curso.

### 2.1.9 Resultados da aprendizaxe nas materias do título

O proceso periódico de revisión anual das programacións docentes (guías docentes) realizado nos últimos anos pola comisión do título permite garantir que se traballan, adquiren e avalían as competencias establecidas pola memoria modificada. Polo tanto, os resultados da aprendizaxe coinciden co esperado.
Non se presentou ningunha queixa ou incidencia a este respecto no pasado curso 2020-2021.

### 2.1.10 Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe

O nivel de satisfacción que declaran os estudantes coa docencia recibida mantense aceptable, xa que valoran a calidade docente con 3,64 puntos de media (nunha escala do 1 ao 5), aínda que baixa lixeiramente respecto a cursos anteriores. O resultado da valoración global da titulación é algo menor (3,39), aínda que cunha participación nas enquisas moi baixa (7,7 %), o que impide confirmar a representatividade dese valor.
A satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade no pasado curso 2020-2021 foi do 4,51 puntos de media (na mesma escala do 1 a 5), moi alta. No caso da satisfacción coas prácticas externas, o pasado curso alcanzouse a máxima cualificación (5 puntos), tanto para os alumnos como para os titores profesionais (non hai datos para o caso dos titores académicos).
O profesorado móstrase satisfeito coa docencia impartida, valorándoa con 4,08 puntos de media (nunha escala do 1 ao 5), de forma similar a cursos anteriores. A valoración global da titulación por parte do profesorado alcanzou un valor similar (4,11 puntos).
Baixou notablemente a porcentaxe de alumnos matriculados no grao que participan nas enquisas sobre calidade docente, ata o 19 %. Máis baixa foi aínda a participación do alumnado na enquisa sobre satisfacción da titulación, que apenas alcanzou o 7,7 %. Proponse retornar o sistema de enquisas presenciais, en substitución do actual por vía telemática. Tamén foi baixa a participación do profesorado nas enquisas sobre satisfacción coa docencia impartida (44,8 %) e coa titulación (38,8 %).

## 2.2.- Grao en Enxeñaría Civil

Durante o curso 2020/2021 para o Grao en Enxeñaría Civil, a Comisión de Título traballou en diferentes aspectos relacionados coa finalidade fundamental de favorecer a aprendizaxe do alumnado e fomentar a súa participación no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado responda tamén a un modelo centrado no estudante e nas súas actividades ao longo do período de docencia.
A continuación analízanse en 13 puntos as tarefas levadas a cabo e os resultados acadados.

### 2.2.1 admisión do alumnado (probas específicas, perfil, captación).

No que respecta á admisión de alumnado en primeiro curso, este procedemento está normativizado na USC e ten carácter xeral. As modalidades de acceso que se dan no Grao son para estudantes procedentes do bacharelato, da formación profesional ou doutras titulacións universitarias, e en ningún deses casos se establecen probas específicas desde a USC ou o centro.
O perfil de estudantes que iniciaron estudos no Grao de Enxeñaría Civil no curso 2020/2021 é un estudante varón (66%), procedente de bacharelato (89%), que maioritariamente marcan o grao como primeira preferencia (61,1%) e se matricula no primeiro período de matrícula.

Ao igual que en cursos anteriores o número de estudantes de novo ingreso que se matricularon no grao é insuficiente, polo que se activaron propostas de mellora destinadas á captación de estudantes, relacionadas con darlle ao título unha maior visibilidade e atractivo.
Entre estas actividades compre sinalar as visitas e charlas impartidas en centros de formación profesional de Galicia nos que se imparten ciclos superiores do mesmo ámbito profesional, que no curso 2020/21 non foi posible a súa realización por motivos sanitarios. A situación neses títulos é similar á que se presenta na universidade, cun número moi baixo de matriculados nos últimos cursos, a fusión de ciclos en varios centros ou a deixar de ofertar estes estudos. Para os próximos cursos é previsible unha baixada de estudantes procedentes desta vía, xa que practicamente non hai estudantes en toda Galicia nos centros de FP.
Tamén foron numerosas as charlas temáticas e as visitas a centros de ensinanza secundaria organizadas a traveso do Programa A Ponte, as xornadas de portas abertas na EPS de Enxeñaría e outras actividades destinadas a darlle difusión aos títulos: Campus de Verán Xuvenciencia, *StemBach*, presenza nas *feiras de titulacións* organizadas en diferentes concellos, etc, a pesar da situación sanitaria foi posible manter a súa realización. Pero a situación actual do mercado laboral no sector e a percepción por parte da cidadanía sobre esta profesión ten máis peso que as actividades realizadas, polo que compre seguir insistindo en conciencia na importancia que teñen as infraestruturas, a xestión eficiente da auga e os recursos naturais, a produción de enerxía, a xestión, conservación e explotación das estradas ou a organización territorial para o progreso da sociedade.

### 2.2.2 aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).

A Comisión de Título do grao traballou no curso 2016/2017 na elaboración da nova normativa de Traballos Fin de Grao, para a adaptación da normativa precedente á nova normativa xeral da USC. A novidade máis relevante nesa normativa refírese fundamentalmente ao procedemento de elección de liñas temáticas e temas que deben ofertar os profesores da titulación con carácter previo á matrícula e a elección que fan os estudantes. Este proceso aplicouse xa no curso 2017/2018. Queda pendente a redacción dun procedemento de asignación de titores que regule como se reparten de xeito igualitario as propostas de TFG que elaboran os alumnos entre os profesores que ofertan temas similares.
Tamén se considera significativa a decisión que se adoptou na Comisión de Título do Grao en Enxeñaría Civil de eliminar a entrega en papel do Traballo Fin de Grao, xa que a maior parte dos alumnos realizaban un proxecto de enxeñaría, dunha extensión considerable e en formato A3, que tiña uns custes de impresión e encadernación moi relevantes. Xa na convocatoria de setembro de 2017 se entregaron unicamente exemplares en soporte dixital, sen que houbese problemas na avaliación dos traballos.
Sen incidencias na aplicación da normativa de TFG, durante o curso 2018/2019 adoptouse un sistema de rúbricas para a avaliación e o desenvolvemento dunha plantilla para a súa elaboración, de xeito que se facilite aos alumnos o cumprimento dos apartados correspondentes aos aspectos formais que figura na documento aprobado polo Consello de Goberno.
Outro aspecto fundamental no que a Comisión de Título debe aplicar normativas da USC é no que respecta á validacións ou recoñecemento de materias tanto por estudos noutras universidades, por cursos realizados ou por experiencia profesional. Durante os cursos 2016/2017 e 2017/2018 traballouse na actualización ou na elaboración de novas táboas de equivalencias para que os estudantes que se queiran matricular no grao procedentes doutras titulacións ou de estudos de formación profesional dispoñan canto antes da información sobre qué materias se lles recoñecen e cales terán que cursar no primeiro curso, para que desde o primeiro día poidan asistir ás actividades docentes de todas as materias. No curso 2018/2019 e tralas reunións mantidas coa Secretaría Xeral de Universidades realizáronse as táboas de validación cos títulos do mesmo ámbito que se imparten nas universidades de Galicia.
Hai outras dúas normativas sobre as que se recibiron numerosas consultas na Comisión de Título. A primeira é sobre a normativa de permanencia da USC (DOG 17/07/2012) que establece en catro o número máximo de convocatorias para superar unha materia e unha quinta oportunidade que debe ser autorizada por resolución reitoral.
A segunda normativa sobre a que se fixeron consultas foi a de asistencia ás clases, xa que en moitas das materias da titulación se esixe unha asistencia do 100% ás sesións presenciais. A normativa actual da USC sinala que *os estudantes teñen o dereito e o deber de asistir ás clases* e regula certos aspectos que se consideran como causas xustificadas para faltar ás sesións presencias, pero non está completamente regulado o procedemento de dispensa da asistencia ás clases. Durante o curso 2018/2019 adoptáronse no título as medidas oportunas para cumprir coa Instrución nº 1/2017, da Secretaría Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, sobre a dispensa da asistencia a clase en determinadas circunstancias, tanto no procesamento das solicitudes presentadas nos prazos establecidos trala convocatorias de matrícula, coma no proceso de revisión e actualización das programacións docentes das materias, para que en todas as

materias do Grao en Enxeñaría Civil se recollesen de xeito explícito aquelas actividades de asistencia inescusable e mínimas para a superación da materia, e axilizar os trámites para futuros estudantes.
Durante os cursos nos que afectou máis directamente a situación sanitaria derivada da COVID-19, a USC estableceu unha serie de normativa e instrucións, que a EPS de Enxeñaría executou e adaptou as condicións do centro e dos diferentes Graos. No caso do GEC planificouse o distanciamento dos alumnos nas aulas, sinalando os espazos dispoñibles en cada curso, asemade implementáronse as medidas de hixiene e limpeza dos diferentes espazos, así como o fluxo das persoas dentro das instalacións da EPS de Enxeñaría. Cabe mencionar que agás a excepción do mes de Febreiro de 2021, no cal se interrompeu a docencia presencial, derivado dunha normativa fixada pola Xunta de Galicia, o GEC mantivo a docencia presencial en todo o título durante todo o curso.

### 2.2.3 Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación.

No título de Grao de Enxeñaría Civil non están previstos os complementos formativos. Sen embargo, nas reunións de coordinación semestrais e nas enquisas de satisfacción coa docencia impartida os profesores amosan preocupación sobre o nivel co que chegan os alumnos ás súas materias, detectando eivas sobre contidos que deberían ter moi fixados de niveis educativos ou de cursos anteriores. Pódese explorar a posibilidade da organización de cursos, actividades ou conferencias que poidan supoñer unha mellora na implicación dos estudantes no proceso de aprendizaxe e de reforzo de coñecementos. Asemade pode organizarse a Aula Profesional no curso 22/23, que no curso 21/22 non foi posible pola situación sanitaria.

### 2.2.4 Metodoloxía de ensinanza (adaptación a necesidades específicas de aprendizaxe, mecanismos de coordinación dos procesos de ensinanza-aprendizaxe).

As metodoloxías de ensinanza son variadas, cubríndose entre as materias do título todas as que se recollen na memoria verificada do título. En cada materia o profesorado elixe as metodoloxías que considera máis apropiadas en función dos contidos que ten que tratar e tamén para poder traballar e avaliar as competencias transversais.
Estas metodoloxías que se desenvolven en clases expositivas, sesións interactivas de seminario ou laboratorio e titorías de grupos reducidos comprenden a docencia habitual expositiva de clases maxistrais, técnicas de aprendizaxe cooperativo, de aprendizaxe baseado en proxectos ou en problemas, traballos individuais ou en grupo, exposicións orais en clase, busca de información actualizada, manexo das TICs ou visitas a obras, institucións ou empresas.
Nas reunións semestrais de coordinación hai un punto na orde do día para comentar as metodoloxías docentes, resulta interesante reforzar este aspecto e continuar na liña de aproveitar esas metodoloxías para mellorar os resultados da aprendizaxe nas materias. Estás reunións foron tratadas nas CT do 22/11/2020 e 01/06/2021.
Desde a Comisión de Título anímase ao PDI a realizar cursos do Programa de Formación e Innovación Docente que organiza un servizo da USC, realizando tamén a petición de novas temáticas de cursos que poidan ser de aplicación no ámbito da enxeñaría, tanto de metodoloxías de aprendizaxe como de avaliación de competencias. No curso 2020/21 levaronse a cabo cursos específicos da EPS de Enxeñaría: Impresión 3D, Vídeos, portafolio, MS Teams, entre outros...

### 2.2.5 Avaliación da aprendizaxe.

Entre todas as materias de título cóbrense todas as tipoloxías de actividades de avaliación que están recollidas na memoria verificada do título (2010). Durante o curso 2016/2017 chegouse a un acordo sobre os pesos máximos e mínimos que poderían ter cada unha desas actividades que se recolle na nova memoria de título (2017) e que se trasladou a todas as programacións docentes das materias para o curso 2017/2018 e sucesivos. Desta maneira, na actualidade todas as materias cumpren os intervalos recollidos na memoria, reducindo o peso dos exames na nota final ata un máximo do 70%.
Como se comentou no apartado anterior, o Programa de Formación e Innovación Docente da USC organiza cursos sobre técnicas de avaliación da aprendizaxe aos que asiste o PDI do título, admitindo tamén suxestións sobre novas temáticas ou técnicas sobre a avaliación de competencias.

### 2.2.6 Orientación académica (plan de acción titorial) e profesional.

Para informar aos estudantes das características do Grao en Enxeñaría Civil realízanse diferentes charlas de orientación académica por parte da Comisión de Título, ademais da dispoñibilidade dos coordinadores de curso e o de título no seu horario de titorías. As charlas de orientación son unha das actividades de acollida que se realiza co alumnado de primeiro na primeira semana do semestre, a charla sobre elaboración do TFG fundamentalmente para alumnos de terceiro e cuarto curso, trala convocatoria de setembro do curso anterior e a charla informativa que se realiza con todo o estudantado ao finalizar o curso académico para explicar normativas académicas, itinerarios formativos, comentar

saídas profesionais e avaliar o desenvolvemento do programa.
Estas actividades da Comisión de Título compleméntanse con outras específicas sobre prácticas externas, aprendizaxe de idiomas ou programas de mobilidade, entre outras, que se realizan desde a Dirección da EPS de Enxeñaría ou dos correspondentes Servizos da USC. Todas esas actividades difúndense mediante a aula virtual de coordinación.
Ademais, a USC dispón dun programa de alumnos titores do que se informa aos estudantes a traveso da aula virtual de coordinación. Este programa, que se convalida por 6 ECTS consiste nun período de formación durante o primeiro curso académico, e no segundo eses estudantes realizan tarefas de orientación para outros alumnos e colaboran co Programa A Ponte.
No referente a formación para o emprego realizouse o contacto co Servicio de Orientación Laboral da USC, que se encarga da preparación específica dos estudantes de maneira individual. Mellorouse esta liña de traballo para garantir que todos os estudantes reciben esa formación transversal.

### 2.2.7 Prácticas externas.

A información relativa ás prácticas externas da titulación transmíteselle ao alumnado a través fundamentalmente de dúas vías: i) charlas informativa levadas a cabo pola subdirección de prácticas da EPS de Enxeñaría e a información proporcionada pola área de Orientación Laboral, ii) comunicación por medios electrónicos, tales como aulas virtuais, monitores do centro, páxina web ou redes sociais, entre outras. Nese senso, leváronse a cabo unha serie de actividades de mellora co fin de potenciar ambos mecanismos de difusión as cales se engloban dentro da acción GEC_AM-2.
En primeiro lugar, reforzouse o apoio desde a Comisión de Título na organización das xornadas de orientación laboral, aínda que foi preciso suspender as mesmas debido a baixa matrícula (GEC_AM-2.1).
Por outra banda, en relación á comunicación e difusión por medios electrónicos, as ofertas de emprego e prácticas foron difundidas a través de todos os medios dispoñibles, incluíndo o campus virtual de coordinación, e o correo da USC-V. Finalmente, tamén se fixo chegar ó alumnado esta información dende a Área de Orientación Laboral e Emprego da USC, así como toda a información que dende o Centro se recibe (GEM_AM-2.2).
No curso 2019/2020 o porcentaxe de egresados que realizaron prácticas externas durante os seus estudos reduciuse lixeiramente respecto ó curso anterior, acadando o 36,36%, superior a media dos últimos seis anos (28,34%). A percepción do alumno sobre o interese de realizar prácticas en empresa, expresada a través das enquisas a egresados, acada unha valoración de 4.67 (sobre 5), referida o curso 18/19.
A pesar das melloras levadas a cabo, é preciso continuar a facer difusión sobre as prácticas externas, así coma do seu carácter formativo, e dos dereitos do alumnado durante a súa realización.

### 2.2.8 Mobilidade.

A mobilidade saínte no título permanece en valores porcentuais bastante baixos tanto no estudantado coma no PDI, a pesares de que nas enquisas de satisfacción sempre amosaban valores moi elevados sobre a importancia que ten esa experiencia na formación académica.
No curso 2020/21 non foi ningún alumno de intercambio outgoing (situación sanitaria). A mobilidade entrante decreceu nese curso do 12,64 % ao 1,28 % valor claramente inferior, xerado pola crise sanitaria da COVID19.
O que si aumentou é o número de estudantes estranxeiros que en vez de facer mobilidade, deciden facer os estudos completos neste título, e que non contan neste apartado. Esta situación débese ao aprecio que ten esta profesión noutros países, sobre todo de latinoamérica, ao bo posicionamento nos *rankings* internacionais destes estudos e ao labor de difusión que fai a Oficina de Relacións Exteriores da USC e o vicerreitorado de Internacionalización.
Para informar aos alumnos dos programas de mobilidade e sobre o importante que é coñecer outros sistemas educativos, organízanse presentacións específicas por parte do Servizo de Relacións Exteriores da USC, facendo tamén referencia a esta posibilidade nas charlas informativas.
Compre manter estas iniciativas e procurar outras para garantir que todos os estudantes coñezan estes programas, aínda que entre os motivos fundamentais para a baixa mobilidade son os económicos..

### 2.2.9 Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).

No curso 2017/2018 aplicouse a nova normativa de Traballo Fin de Grao da titulación para adaptarse á normativa xeral da USC. Esta normativa regula os procedementos de presentación de propostas, elaboración, entrega e defensa dos TFG, e ten como principal novidade que previamente á que o estudante decida a temática do seu TFG o PDI con docencia da titulación debe ofertar unha listaxe de temas adaptados ás liñas temáticas que decidiu a Comisión de Título e que coinciden coas competencias de tecnoloxía específica da titulación.
Funcionaron os mecanismos de control do proceso de aprendizaxe por parte dos alumnos, coas charlas específicas de

curso, nas que se explica de maneira detallada a normativa e o procedemento de elaboración do TFG, á asignación de dous titores por TFG para garantir a atención e o seguimento durante o proceso e a defensa ante un tribunal de profesores da titulación. Moitos dos alumnos da titulación asistiron ó acto de defensa dos TFG nas tres convocatorias que tiveron lugar en este curso.
O Coordinador de TFG, veu desempeñando con normalidade a presidencia dos Tribunais de avaliación, e o procedemento de asignación de titores desenvolveuse tamén de forma axeitada nas correspondentes comisión de título. Asemade realizáronse melloras no proceso dende a Coordinación do TFG: xeración dunha base de datos, publicación das listaxes de TFG e propostas na Aula de Coordinación da USC-V, é a elaboración dun documento para o formato das propostas, establecendo contidos e documentación a sinalar.
Atópase pendente elaborar un procedemento de asignación de titores, para que a Comisión de Título poida facer o reparto desta tarefa dun modo máis equitativo entre todos os profesores da titulación.

### 2.2.10 Resultados de aprendizaxe.

Para garantir que os resultados da aprendizaxe coinciden co establecido pola memoria verificada da titulación realízanse dous procedementos de control. Por un lado, ao finalizar cada semestre as reunións de coordinación dos profesores analiza os resultados obtidos en cada materia e emiten informe para analizalos na Comisión de Título, na que os representantes dos estudantes tamén poden comentar as incidencias que se puideran producir. Por outro lado, nos últimos anos estableceuse un proceso continuo de revisión anual das programacións docentes que garante que se traballan, se adquiren e se avalían as competencias establecidas pola memoria verificada.

### 2.2.11 Indicadores de satisfacción e rendemento.

Os indicadores de satisfacción e rendemento tanto coa docencia recibida (enquisas realizadas aos estudantes) como impartida (realizadas a profesores) amosan valores positivos en xeral, pero en todos os casos con taxas de resposta baixas e con tendencia a diminuír, a pesar de que nos últimos anos se insistiu por moitas vías en amosar a relevancia destes indicadores para a realización de melloras no título.
En relación ó desenvolvemento da ensinanza, na seguinte táboa preséntanse os indicadores máis relevantes. Tanto os alumnos coma os profesores amosan un nivel aceptable de satisfacción coa docencia impartida, observándose en ambos casos unha tendencia á incrementarse lixeiramente respecto dos niveis dos curso anteriores.

**Indicadores relacionados coa satisfacción coa docencia recibida e impartida**

| Indicador | Curso Académico | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 15/16 | 16/17 | 17/18 | 18/19 | 19/20 | 20/21 |
| IN46G-S01-PM-01 Satisfacción do alumnado coa docencia recibida | 3,71 | 3,76 | 3,93 | 3,91 | 4,30 | 4,33 |
| IN47G-S01-PM-01 Satisfacción do profesorado coa docencia impartida | 3,84 | 3,86 | 3,93 | 4,29 | 4,44 | 4,39 |
| IN48G-S01-PM-02 Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida | 31,47 | 21,77 | 25,58 | 19,44 | 38,67 | 24,19 |

A continuación axúntase o histórico de resultados da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, relativa o Informe 13. Destaca que as cuestións plantexadas variaron o largo dos cursos, con especial incidencia no curso 2019/20 e no curso 2020/21, onde se presentou a situación separada segundo o semestre. Para o caso curso 202/21, o que se refire a presente Memoria de Calidade, só está dispoñibles os relativos o Primeiro Semestre.

**INF.13.Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (cursos 15/16 - 18/19)**

| Aspecto | 15/16 | 16/17 | 17/18 | 18/19 |
|---|---|---|---|---|
| Explica a programación da materia e os criterios de avaliación ao comezo da súa actividade docente | 3,92 | 3,85 | 4,21 | 4,19 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Cumpre co programa e o plan de traballo previsto | 3,93 | 4,06 | 4,18 | 4,24 |
| O material de apoio (bibliografía, textos, exercicios, manuais de prácticas,...) resúltame útil para a preparación da materia | 3,65 | 3,62 | 3,96 | 3,88 |
| Os recursos didácticos empregados reforzan a comprensión da materia (soportes multimedia, aula virtual, TICs, encerado, actividades prácticas e complementarias, guía docente, mapas conceptuais, esquemas, cadros, fotocopias, materiais de laboratorio,...) | 3,62 | 3,63 | 3,85 | 3,84 |
| Motiva a participación crítica e activa dos/as estudantes no desenvolvemento da clase | 3,66 | 3,57 | 3,75 | 3,81 |
| Favorece que desenvolva a miña capacidade de transmitir información, ideas, problemas e solucións nesta materia | 3,49 | 3,50 | 3,68 | - |
| Propón actividades para favorecer a miña aprendizaxe autónoma (a procura de información complementaria, a realización de traballos,...) | 3,59 | 3,60 | 3,80 | 3,80 |
| Organiza ben as clases e explica con claridade facilitando a comprensión da materia | 3,58 | 3,66 | 3,86 | 3,83 |
| Resolve as dúbidas que se lle formulan (clase, titorías, aula virtual, correo electrónico,...) | 3,88 | 3,95 | 4,13 | 3,97 |
| Consegue facerme ver a relevancia desta materia e o seu interese para a miña formación | 3,63 | 3,75 | 3,96 | 3,82 |
| Considero que hai coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia (responde soamente se tes máis de un/unha profesor/a nesta materia) | 3,69 | 3,93 | 3,75 | - |
| Ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación cos/coas estudantes | 3,86 | 3,93 | 4,02 | 3,88 |
| A axuda recibida nas titorías foime de utilidade (responde unicamente se as empregaches) | 3,77 | 3,99 | 3,94 | 3,83 |
| Globalmente estou satisfeito/a co/coa profesor/a da materia | 3,71 | 3,78 | 3,89 | 3,90 |
| **VALORACIÓN GLOBAL** | **3,71** | **3,76** | **3,93** | **3,91** |

**INF.13.Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (1º semestre curso 2019/20)**

| Aspecto | Valoración 19/20 |
|---|---|
| O/A docente explica a programación da materia e os criterios de avaliación? | 4,42 |
| Cumpre co programa e o plan de traballo previsto? | 4,48 |
| Os/As alumnos/as sabemos de antemán cales van ser os criterios que utiliza o/a docente para a corrección de exames e/ou traballos? | 4,21 |
| Organiza ben as clases e explica con claridade facilitando a comprensión da materia? | 4,15 |
| O material de apoio (bibliografía, textos, exercicios, manuais de prácticas,...) resúltame útil para a preparación da materia? | 4,23 |
| Os recursos didácticos empregados reforzan a comprensión da materia? | 4,15 |
| O/A docente propón actividades que favorecen a miña aprendizaxe autónoma? | 4,15 |
| Os contidos desenvólvense de acordo co cronograma temporal da materia? | 4,19 |
| O/A docente motiva a participación crítica e activa do alumnado no desenvolvemento da clase? | 4,21 |
| Resolve as dúbidas que se lle formulan (clase, titorías, aula virtual, correo electrónico,...)? | 4,49 |
| Ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación cos/coas estudantes? | 4,47 |
| Consegue facerme ver a relevancia desta materia e o seu interese para a miña formación? | 4,40 |
| A axuda recibida nas titorías foime de utilidade (contestar só se as empregaches)? | 4,38 |
| O/A docente mellorou o meu nivel de partida en relación á materia? | 4,13 |
| O/A docente fai que a asistencia a clase sexa proveitosa para a comprensión dos contidos? | 4,06 |
| Globalmente estou satisfeito co/coa profesor/a da materia | 4,19 |
| **VALORACIÓN GLOBAL** | **4,26** |

**INF.13.Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (curso 2019/20-2S y 20/21-1S)**

| Aspecto | Valoración | |
|---|---|---|
| | 19/20 (2S) | 20/21 (1S) |
| O/A docente organiza ben as clases e explica con claridade facilitando a comprensión da materia? | 4,38 | 4,27 |
| Os recursos didácticos empregados reforzaron a comprensión da materia | 4,46 | 4,18 |
| Os contidos desenvolvéronse de acordo co cronograma temporal da materia inicialmente previsto antes da crise da Covid-19 | 4,56 | 4,48 |
| O/A docente motivou a participación crítica e activa do alumnado no desenvolvemento da clase | 4,37 | 4,39 |
| O/A docente resolveu as dúbidas que se lle formularon (clase, titorías, aula virtual, correo electrónico,...) | 4,56 | 4,52 |
| O/A docente resolveu as dúbidas relacionadas coa materia que se lle trasladaron (clase virtual, titorías, aula virtual, correo electrónico, etc.) | 3,83 | 3,91 |
| Os materiais subministrados (presentacións, artigos, etc) fóronme de axuda na preparación da materia | 4,38 | 4,18 |
| A carga de traballo (tarefas, lecturas, etc.) foi adecuada aos contidos e créditos da materia | 4,04 | 4,34 |
| De xeito global, a comunicación co/a docente foi axeitada | 4,42 | 4,50 |
| O/A docente mellorou o meu nivel de partida en relación á materia | 4,33 | 4,34 |
| Globalmente estou satisfeito co/coa profesor/a da materia | 4,35 | 4,41 |
| **VALORACIÓN GLOBAL** | **4,33** | **4,33** |

En relación cos datos das táboas anteriores pódense facer as seguintes consideracións:
A valoración media das cuestións formuladas aos estudantes en relación coas actividades docentes do profesorado amosa unha tendencia á alza constante ó longo dos anos, pasando dun valor de 3,71 no curso 2015/16 a 4,33 (1º semestre) no curso 2020/21, sendo en todo caso moi difícil establecer de forma precisa a evolución dos diferentes indicadores, xa que na última enquisa introducíronse novas cuestións. Do mesmo xeito, é preciso salientar que a puntuación acadada nos diferentes indicadores é moi similar, valorándose unicamente cunha puntuación menor a 4 (3,91) a resolución das dúbidas relacionadas coa materia por parte do profesorado no 1º semestre, algo se posiblemente sexa derivado da situación da pandemia xerada pola COVID-19 durante este período. Non obstante, os restantes indicadores relacionados coa pandemia amosan bos resultados, podendo destacar a percepción do alumnado sobre os contidos impartidos; máis concretamente o alumando valora a cuestión "Os contidos desenvolvéronse de acordo co cronograma temporal da materia inicialmente previsto antes da crise da Covid-19" cunha puntuación de 4,48. En todo caso, é preciso remarcar a baixa participación nas enquisas (24,19% no 1º semestre) e a falta de información do 2º semestre, o que pode distorsionar os resultados acadados.

**INF.14. Informe da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (cursos 15/16 – 18/19)**

| Aspecto | 15/16 | 16/17 | 17/18 | 18/19 |
|---|---|---|---|---|
| 1. O nivel co que chega o alumnado (coñecementos e habilidades) é suficiente para afrontarse aos contidos da materia | 3,43 | 3,29 | 3,39 | 3,72* |
| 2. As/os estudantes participan crítica e activamente no desenvolvemento das clases | 3,32 | 3,29 | 3,45 | 3,45 |
| 3. Coñezo o nivel de comprensión dos/as alumnos/as | 4,05 | 3,84 | 4,11 | 4,00 |
| 4. As/os estudantes amosan unha actitude de interese cara á materia que imparto | 3,61 | 3,66 | 3,58 | - |
| 5. Estou satisfeito/a coa relación creada co alumnado nas clases e titorías | 3,95 | 4,03 | 3,92 | - |
| 6. Globalmente estou satisfeita/o co traballo realizado polo alumnado nas miñas clases | 3,55 | 3,55 | 3,66 | 3,69 |
| 7. A coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título foi adecuada | 3,95 | 3,87 | 4,18 | 4,21 |
| 8. A coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia foi efectiva (responde soamente se hai máis de un/una profesor/a nesta materia) | 4,41 | 4,65 | 4,79 | - |
| 9. O material e servizos de apoio á docencia existentes na Universidade (fondos bibliográficos, fondos audiovisuais, aulas virtuais, aulas de informática, espazos de traballo,...) son axeitados para o desenvolvemento da materia | 4,02 | 4,08 | 4,24 | 3,72 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 10. No centro, conto cos recursos necesarios (soportes multimedia, TICs, aulas e/ou laboratorios,...) para a docencia | 4,14 | 4,39 | 4,11 | - |
| **VALORACIÓN GLOBAL** | **3,84** | **3,86** | **3,94** | **4,29** |

* A pregunta no informe de 2018/19 é: Penso que, en xeral, o meu alumnado está satisfeito co meu labor como docente. O nivel co que chega o alumnado (coñecementos e habilidades) é suficiente para afrontarse aos contidos da materia?

**INF.14. Informe da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (cursos 18/19 – 20/21)**

| **Aspecto** | **Valoración** | | |
|---|---|---|---|
| | **18/19** | **19/20** | **20/21** |
| O meu alumnado participa crítica e activamente no desenvolvemento das clases? | 3,45 | 3,86 | 4,00 |
| Coñezo o nivel de comprensión dos/as alumnos/as? | 4,00 | 4,41 | 4,44 |
| Globalmente estou satisfeita/o co traballo realizado polo alumnado nas miñas clases? | 3,69 | 4,09 | 4,00 |
| Penso que, en xeral, o meu alumnado está satisfeito co meu labor como docente | 3,72 | 4,14 | 4,12 |
| O nivel co que chega o alumnado (coñecementos e habilidades) é suficiente para afrontarse aos contidos da materia | - | 3,33 | 3,72 |
| O material e servizos de apoio á docencia existentes na Universidade (fondos bibliográficos, fondos audiovisuais, aulas virtuais, aulas de informática, espazos de traballo,...) son axeitados para o desenvolvemento da materia? | 3,72 | 4,14 | 4,48 |
| A coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título é adecuada? | 4,21 | 4,14 | 4,32 |
| Estou interesada/o en recibir formación de apoio para a mellora da docencia (novos recursos docentes, novas tecnoloxías aplicadas á docencia, etc.)? | 4,79 | 4,82 | 4,60 |
| Organizo e estruturo ben as miñas clases? | 4,55 | 4,81 | 4,44 |
| Informo axeitadamente ao meu alumnado dos criterios de avaliación da materia? | 4,71 | 4,95 | 4,84 |
| Amósome accesible ao alumnado nas miñas clases e titorías? | 4,90 | 4,95 | 4,92 |
| Manteño un trato correcto cos estudantes? | 4,90 | 5,00 | 4,92 |
| Estou satisfeita/o coa titorización do TFG/TFM | 4,15 | 4,74 | 4,68 |
| En xeral, estou satisfeita/o coa miña labor docente? | 4,45 | 4,68 | 4,48 |
| Mantiven unha comunicación axeitada co estudantado (correo electrónico, Campus Virtual, Teams, etc...) | - | 4,86 | 4,72 |
| Estou satisfeito coas ferramentas, instrumentos e canais postos á miña disposición para desenvolver a docencia na situación imprevista derivada da crise sanitaria? | - | 4,45 | 4,44 |
| Valora a túa experiencia previa no uso das tecnoloxías para a docencia e avaliación en remoto | - | 4,32 | 4,00 |
| Estou satisfeito co desenvolvemento da docencia non presencial posta en marcha tras a declaración do estado de alarma derivada da crise sanitaria | - | 4,45 | 4,38 |
| Estou satisfeito co desenvolvemento da avaliación non presencial posta en marcha tras a declaración do estado de alarma derivada da crise sanitaria | - | 4,14 | 3,92 |
| **VALORACIÓN GLOBAL** | **4,29** | **4,44** | **4,39** |

Con relación ás táboa anteriores, pódense obter as seguintes conclusións:
No curso académico 20/21 reduciuse lixeiramente a puntuación obtida (4,39) respecto ó curso anterior (4,44), manténdose na liñas dos anos anteriores. Do mesmo xeito, no curso pasado introducíronse novas cuestións o que dificulta a análise da evolución dos diferentes aspectos. É de destacar a boa percepción que ten o profesorado en relación á organización das clases (4,44), á información que lle proporciona ó alumnado dos criterios da avaliación da materia (4,84), a súa accesibilidade (4,92), así coma no seu trato co alumnado (4,92). Pola contra, a puntuación máis baixa acádase na percepción que ten do nivel co que chega o alumnado (3,72), que en todo caso se mantén en niveis similares ós cursos anteriores.

### 2.2.12 Suxestións e reclamacións.

Os procedementos para a presentación de suxestións e reclamacións son moi variados, desde a atención personalizada en titorías por parte dos profesores, ou dos membros da Comisión de Título, á presentación de queixas ou reclamacións a traveso dos representantes de estudantes na CT, ata a presentación por escrito por rexistro da reclamación, que será atendida por diferentes órganos en función da súa temática. Pode ser atendida directamente na Comisión de Título,

pola dirección do centro ou do departamento correspondente, pola Comisión de docencia do centro que é delegada da Xunta de Escola ou directamente pola Oficina de Reclamacións da USC.
Para aspectos menores, existe unha folla de incidencias a disposición na conserxería do centro para realizar unha comunicación inmediata das situacións que se poidan producir durante a docencia.
Toda esa información está dispoñible na Guía do Estudante e se difunde ademais nas diversas presentacións que fai a Comisión de título, tanto nas charlas informativas como nas actividades de acollida. Tamén é pública na páxina web do centro e a traveso da Aula Virtual de Coordinación.

#### 2.2.13 Resultado da análise realizado de todas as accións desenvolvidas sobre a garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.

Durante o curso 2020-2021, tódalas accións desenvolvidas orientadas á garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado funcionaron correctamente. Estas accións estiveron centradas nunha mellor coordinación entre materias (mediante as reunións de coordinación, as cales realizáronse virtualmente), e na revisión das programacións docentes (realizadas pola comisión de Título).
A revisión das programacións docentes céntrase fundamentalmente en verificar que en cada materia se cumpre especificamente todo o indicado na memoria verificada da titulación vixente, especialmente nos resultados da aprendizaxe e nos sistemas de avaliación das competencias. Asemade tense incorporado nas programacións docentes información relativa os diferentes escenarios definidos pola USC, en relación o estado sanitario (COVID-19) (Informes revisión guías docentes)

### 2.3.- Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria

#### 2.2.1. Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación)

A aplicación destas normativas se fixo con normalidade e sen atrancos.
Houbo catro solicitudes de recoñecemento de alumnos procedentes doutras escolas ou doutros títulos universitarios, tres deles cursaran estudios en España e un no estranxeiro, en concreto: un alumnos procedente da E.T.S. de Ingeniería Agronómica, Alimentaria y de Biosistemas, da Universidade Politécnica de Madrid; unha alumna de Dobre Grao en Química e en Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela; unha alumna do Máster Universitario en Enxeñaría Agronómica da Universidade de Santiago de Compostela; un alumno da Facultade de Agronomía da Universidade de Buenos Aires.

#### 2.2.2. Admisión do alumnado (probas específicas, perfil, captación)

No curso 2020-2021 entraron en primeiro curso 41 alumnos novos, un número moi por encima dos anos anteriores, cubrindo o 91% das prazas ofertadas. Descoñécese o motivo de tal subida. Podería estar relacionado coa crise do COVID-19. Hai que ter en conta que nunca se deixou de promocionar o grao aínda que nos tivemos que adaptar as circunstancias excepcionais empregando outros modos de facelo como diferentes xornadas on-line.
O programa ”A Ponte do ensino medio coa USC" é unha ferramenta importante de promoción e os profesores da titulación participan activamente nas súas actividades. Este curso debido a crise sanitaria non se poido desenvolver con normalidade. No seu lugar programáronse unhas xornadas telemáticas a través de MS-Teams, entre o 19 e o 26 de febreiro de 2021, no que participou profesorado e alumnado voluntario da titulación para resolver dúbidas e cuestións propostas por estudantes de educación secundaria interesados. Ademáis elaborouse unha presentación do grao que estivo a disposición dos interesados. En xeral houbo unha asistencia moderada, as estatísticas arroxan datos dun total de 122 interesados (acta da comisión de coordinación do 11 de marzo de 2021). Posteriormente un alumno púsoxe en contacto co coordinador para solicitar máis información. Nun ano normal, sen crise sanitaria, o programa transcorrería con normalidade e o alcance directo sería moi superior.
A outra acción relevante do programa “A Ponte”, os “Encontros no campus de Lugo”, con visitas de alumnos de secundaria e bacharelato ao campus en conxunto e ós centros/titulacións que escollen, en particular, tiveron que ser suspendidos ao igual que o Campus de Verán Xuvenciencia, que é outra forma de dar a coñecer as titulacións do campus de Lugo, e no que participa profesorado da titulación.
As visitas a centros de FP de Galicia tamén tiveron que ser suspendidas.
En calquera caso, as enquisas indican reiteradamente que a principal fonte de información da titulación para os futuros alumnos son profesionais e antigos alumnos, seguida da información ofrecida a través da rede. Por isto estase sendo

cada vez máis activos nas redes.
Para potenciar a visibilidade do título entre os alumnos de bacharelato se instou a que o profesorado presentara proxectos no programa STEMbach (Bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía). Tamén existe unha lista de contactos de profesores de secundaria/bacharelato, antigos alumnos do grao ou con interese no mesmo, para que poidan servir de canle para a promoción da titulación nos seus centros e que se lle poida enviar información relevante.

### 2.2.3. Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación

Non hai complementos formativos nin de nivelación, pero si había Curso Ponte de adaptación ó grao dos titulados de Enxeñaría Técnica Agrícola. A baixada da demanda, logo duns anos de oferta enchéndose as prazas dispoñibles e con lista de espera, levou á decisión de deixar de ofertalo no curso 2018-2019. Actualmente, os titulados das antigas carreiras de Enxeñaría Técnica que desexen obter o título de grao poden facelo pola vía de recoñecementos e validacións establecida na memorias do título.

### 2.2.4. Orientación académica (plan de acción titorial) e profesional

No seu progreso na universidade o alumno ten de xeito continuo orientación en diferentes aspectos da súa formación académica e apoio e asesoramento naqueles aspectos que son do seu interese. Unha vez que os alumnos acceden ó grao se leva a cabo con eles un programa de acollida que empeza o primeiro día co acto de benvida pero se continúa logo con diversas reunións informativas. Os alumnos titores están á disposición dos novos alumnos para guiarlles na súa integración na universidade. Posteriormente, ó longo dos anos de estudios tanto o centro como a comisión de título ten sucesivos actos informativos sobre diferentes temas de interese nas distintas etapas (especialidades da titulación, prácticas en empresa, TFG, intercambios...). Neste labor se conta coa colaboración de diferentes servizos da USC, como a biblioteca, o Centro de Linguas Modernas ou o Servizo de Relacións Exteriores. De xeito máis continuo se lles envían avisos de temas que poden ser do seu interese. Por outra parte os coordinadores e o equipo directivo sempre están dispoñibles para atender calquera consulta a nivel individual, presencialmente ou a través do correo electrónico.
Este ano, dentro das accións de mellora impulsadas pola comisión cabe destacar a acción GEAA_21-22_AM-5, pola que se estableceu un plan de detección e actuación temperá de estudantes con altas posibilidades de abandono. Tivo un éxito moderado porque aínda que si se conseguiron detectar un total de 6 alumnos sospeitosos de absentismo reiterado, entre o dobre grao e GEAA, a actuación foi unha proposta de apoio activo por parte dos membros da comisión ao alumnado ao que non acudiu ninguén. A pesar delo, consideramos que é unha acción de mellora que se debe manter no tempo.
Aparte da orientación profesional que se da por outras vías, no curso 2020-2021 se organizaron na escola (acta da comisión de coordinación do 22 de abril de 2021): (1) Xornadas de orientación laboral o 22/03/2021; (2) unha charla informativa sobre prácticas de empresa, impartida pola Subdirectora de Prácticas Externas e Orientación Laboral da EPSE o 05/04/2021; (3) Desde a Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Servizos, a través da Área de Orientación Laboral e Emprego, organizouse unhas xornadas de orientación inicial para alumnos/as de primeiro curso co título: "Traza o teu camiño", que se celebraron os días 19, 20 e 21 de outubro en formato online; (4) o 7 de outubro de 2021 tivo lugar unha webinar orientada a informar sobre o "Relevo generacional: Instalación de jóvenes y nuevos agricultores", en colaboración coa Asociación Española de Economía Agroalimentaria.
Nas enquisas realizadas a alumnos a valoración da información dispoñible sobre a titulación é de 2,50 e sobre a orientación laboral e profesional, 2,13, baixando ambos valores respecto o ano anterior.

### 2.2.5. Mobilidade

En xeral está habendo unha baixa mobilidade na titulación, tanto entrante como sobre todo saínte. No curso 2020-21 houbo tres intercambios Erasmus saínte: dous a República Checa e un a Holanda. A súa vez, houbo tamén dous entrantes, un procedente de Ecuador e outro indefinido, ademáis dun terceiro chegado de Brasil, este último auspiciado por un convenio bilateral con outras universidades.
Non houbo ningún alumno entrante ou saínte a través de intercambios SICUE e ningún alumno do Dobre Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria e en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural.
Non se aprecia un patrón na evolución da mobilidade tanto entrante como saínte nos últimos anos que nos permitan sacar conclusións claras, aínda que a gran baixada sufrida no último curso debe estar relacionado coa crise sanitaria.
Os datos de alumnos saíntes mostran que en 2019-20 houbo únicamente 4 alumnos: 1 Erasmus do Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria e o resto Dobre Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria e en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural, en concreto 2 Erasmus e 1 SICUE. En 2018-19 houbo un total de alumnos saintes de 5, dous deles do Dobre Grao, e en 2017-18 1 de grao e 1 de dobre grao.

Os datos de mobilidade entrante no 2019-2020 indicaban 7 alumnos entrantes: 2 alumnos mediante intercambio SICUE, 1 mediante intercambio Erasmus e 4 procedentes de Sudamérica a través de convenios bilaterais con outras universidades. Este dato parecía estabilizar a evolución dos últimos anosComo se ve a maioría foron internacionais, e particularmente procedentes de Hispanoamérica por convenios. Isto supón unha estabilización respecto ao ano pasado, que foi un curso con gran incremento respecto a datos anteriores, con 10 alumnos entrantes en 2018-19, 2 en 2017-18, 5 en 2016-2017, 4 en 2015-2016 e 12 no 14-15.
O nivel de mobilidade do profesorado baixou no curso 2020-21 ata o punto de ser nulo, ao igual que nos cursos 1017-18 e 2018-19, cando no curso anterior, 2019-10, houbera un 3,46% de mobilidade de profesorado (un total de 3 profesores). Anteriormente as cifras tamén eran moi baixas: 1,06% (2015-16) e 1,05% (2016-17) e entre 2012 e 2015 novamente ningún. A volta a cifras de anos pasados pode estar relacionado coa crise sanitaria sufrida no último curso.
No baixo grao de mobilidade saínte, aparte da escaseza nas becas de mobilidade se detectou que un limitante á hora de facer intercambios internacionais é a falla do nivel de idiomas requirido. Por iso, coa axuda do Centro de Linguas Modernas, se ven insistindo nos últimos anos nunha charla aos alumnos de primeiro, do interese de acadar un certificado nun idioma estranxeiro canto antes, e mesmo ter en conta os intereses de mobilidade á hora de escoller o idioma.
En calquera caso, compre facer esforzos para fomentar a mobilidade entre alumnos e profesores. Polo tanto un obxectivo é potenciar a información que chega ós estudantes, tanto aumentando as accións informativas e coordinando as que xa hai, como dándolles máis difusión e/ou facilitando a asistencia dos alumnos. Tamén pode ser útil aumentar o número de convenios, especialmente en universidades onde o idioma é más fácil de obter.

### 2.2.6. Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)

Na guía docente de cada materia se especifica a metodoloxía de ensinanza a seguir e todas elas cumpran o especificado na memoria verificada da titulación. Os profesores adaptan a metodoloxía ás particularidades da materia e ás competencias transversais, básicas, xerais, específicas asignadas á mesma. Estas metodoloxías docentes están en continua revisión e actualización e cada ano son revisadas pola comisión de título co conxunto da guía docente de cada materia. Neste senso, observáronse discrepancias importantes entre a Memoria e o programa de varias materias polo que tras unha detallada análise das competencias e unha proposta de actualización por parte da comisión de coordinación, o 28 de xaneiro aprobouse en Xunta de Escola a Declaración de Intencións para a Modificación da Memoria do GEAA, con efectos para o curso 2022-23, que afecta fundamentalmente ás competencias
A coordinación docente se establece a diferentes niveis: dentro dunha materia cando é impartida por máis dun profesor, e entre materias do mesmo curso e semestre e nos diferentes cursos. Por outra parte a coordinación ten que atender ós contidos, para asegurar que se acadan as competencias previstas sen caer en solapamentos; pero tamén é importante o aspecto cronolóxico, para que haxa un progreso na adquisición das competencias. Ademais neste aspecto cronolóxico tamén ten importancia a distribución regular da carga de traballo dos alumnos, para que poidan ir atendendo os requirimentos das materias que cursan ó mesmo tempo sen picos de traballo que dificulten o seguimento das actividades.
A coordinación é un aspecto clave na satisfacción e no rendemento dos estudantes e na competencia dos titulados. Por iso é unha preocupación constante e a comisión de título vela pola coordinación a todos estes niveis e de xeito continuado. No aspecto de contidos e de progresividade na adquisición das competencias a ferramenta principal que se ven usando é a revisión anual de guías docentes, pero despois de varios anos xa se foron corrixindo os temas principais e hai que atender a outros aspectos máis concretos. No curso 2020-21 19-20 abordouse unha acción de mellora neste sentido, GEAA_21-22_AM-1, dentro do ámbito de "deseño, organización e desenvolvemento" co fin de detectar aspectos mellorables das guías docentes e elaborar unha proposta de homoxeneización.
Ademáis, co fin de mellorar a organización do dobre grado, propúxose a acción de mellora GEAA_21-22_AM-3, pola que se estableceu un protocolo de actuación no proceso de presentación de propostas, titorías, elaboración e presentación de TFG de dobre grao.
A satisfacción con diferentes aspectos da organización docente e a coordinación é variable. Na enquisa de satisfacción feita ao alumnado, este valorou os horarios con 2.13, o calendario de exames con 1.88 e a distribución da carga de traballo a 2.00, valores moi baixos sobre os que haberá que actuar. Os profesores valoran estes aspectos por riba de 4 excepto a distribución da carga de traballo que a valora con 3.97.
Respecto das enquisas de satisfacción dos alumnos coa docencia recibida, o ítem con menor valoración (3.65 sobre 5) foi a resolución por parte dos docentes das dúbidas relacionadas coa materia. Todos os demáis ítems están valorados por encima de 4.10, e curiosamente o máis valorado, con 4.40, foi a resolución por parte dos docente das dúbidas que

se lle formularon. A media de todos os ítems foi de 4.18, con un índice de participación do 26.52%.

### 2.2.7. Avaliación da aprendizaxe

A avaliación da aprendizaxe ten por obxecto cuantificar a adquisición das competencias previstas en cada materia individual e na titulación en conxunto, asegurando que os egresados contan coas competencias fixadas na memoria da titulación, que son as marcadas pola Orden CIN/323/2009. Como indica na memoria verificada da titulación e se concreta na guía docente de cada materia a avaliación se fai de xeito continuado, usando diferentes instrumentos (exame, entrega e/ou exposición de traballos, entrega de prácticas, asistencia e participación en actividades que se desenvolven na aula, ...) que son considerados ponderadamente na cualificación. Cada competencia pode ser avaliada con un ou varios destes instrumentos e isto se especifica no sistema de avaliación. Os sistemas de avaliación das materias e a súa relación coas competencias está a ser continuamente revisada polos profesores e supervisada pola comisión de título.

### 2.2.8. Prácticas externas

Aínda que non son obrigatorias, se considera que a realización de prácticas externas é unha experiencia positivas para os alumnos, que lles acerca ó mundo profesional, mellora a súa motivación e lles aporta competencias. Logo que no curso 16-17 se puxera en marcha un plan de promoción dentro dunha acción de mellora da titulación se conseguiu unha mellora do porcentaxe de egresados que rematan tendo feito estas prácticas, que pasou de menos do 15 % ao 48 % no curso 17-18, 28% no 18-19 e xx no 2019-20, con 9 solicitudes. No curso 2020-21 o porcentaxe ascendeu ao 31,82%, por riba dos dous anos anteriores, en total a comisión aprobou 11 solicitudes. Esta subida pode estar en relación coa excelente opinión que solen ter os alumnos sobre as prácticas de empresa, aínda que non dispoñemos de datos oficiais.
Este curso non hai datos de satisfacción dos alumnos en relación as prácticas externas, pero se analizamos os anos anteriores obsérvanse uns bos datos: 4,75 en 2017-18 e 4,48 en 2018-19. Tampouco hai datos referentes a satisfacción dos titores profesionais e académicos, pero nos anos con existencia de datos o índice atópase arredor de 4.5. A tendencia dos anos anteriores é a valorar ben os aspectos que se lles preguntan, sendo o máis baixo a formación inicial coa que chega o alumno para cumprir as tarefas encomendadas. Tampouco hai valoración por parte dos titores académicos das prácticas. A cualificación final das prácticas foi de notable no 33.3% dos casos e sobresaliente no 66.6%.

### 2.2.9. Traballos fin de grao (asignación, supervisión, avaliación)

A partires da aprobación da normativa de TFG no curso 2016-2017 ao inicio de cada curso se ven facendo unha oferta de temas de TFG nas súas diferentes modalidades, procurando sexa equilibrada. Isto supón un avance na información que se ofrece, e na fiabilidade e transparencia dos procedementos seguidos.
Como consecuencia da execución dunha acción de mellora no curso 18-19, se elaborou unha rúbrica para a avaliación dos TFG que sirve para manter a transparencia e homoxeneidade de criterios na avaliación de TFG de moi distintas temáticas e características. Ademais, coa súa publicación tamén sirve de guía ao alumnado sobre os aspectos que se avalían e a súa ponderación.
No curso 20-21 presentáronse 28 TFG, dos cales 2 suspenderon. Superaron o TFG 21 alumnos do grao regular, 4 do dobre grao e 1 do curso ponte. 7 presentáronse na convocatoria de xaneiro, 12 en xullo e 7 en setembro. A distribución por especialidades: 14 de Explotacións Agropecuarias, 4 de Hortofruticultura e Xardinería, 2 de Mecanización e Construcións Rurais e 6 de Industrias Agrarias e Alimentarias. A taxa de éxito foi do 100% en todas as mencións excepto na de Hortofruticultura e Xardinería que foi do 75%.

### 2.2.10. Resultados de aprendizaxe nas materias do título

A taxa de avaliación (TA) xeral é bastante alta, 81.95% manténdose nun índice superior ao 75%, igual que anos anteriores. A súa distribución por cursos está máis equilibrada que anos anteriores, sólo en 2° curso baixa do 81%, quedando o resto dos cursos por riba, destacando 3° cun 85,05. O único curso que non evoluciona a alza respecto a anos anteriores é 2°. A materia cunha menor taxa de avaliación é Hidroloxía, cun 25%, seguida de Automatización e control de instalacións, cun 33.33%, seguido dos TFG da mención de Hortofruticultura e Xardinaría, cun 44.44% e mención de Industrias Agrarias e Alimentarias, cun 50.00%. O resto das materias atópanse nunha taxa superior ao 60%; 10 delas atópanse no rango dos 60-70%, sendo o inferior Cálculo de Estruturas (60%). No rango de 70-80% atópanse 11 materias, no de 80-90, 20 materias, e no 90-100, 32 materias, das cales 23 alcanzaron o 100%. Neste curso todas as materias excepto Física II cun 69,57% presentan taxas por riba do 72%.
A taxa de éxito xeral, que viña subindo en todos os anos anteriores, sufriu un descenso importante, chagando ao 71,07%, o valor máis baixo dos últimos seis cursos. A taxa de éxito de 4° curso ascendeu do 95.12% ao 98.11%, pero os outros tres cursos descenderon. Cabe destacar neste 1° curso que chegou a un 58.35%, o valor inferior dos últimos anos. 2° e 3°

tamén alcanzaron valores mínimos dos últimos seis anos. A tendencia dos últimos anos era de incremento case continuo. O descenso deste ano é dificilmente explicable, aínda que pode ter relación coa crise sanitaria, a pesar de que dende a EPSE se mantivo unha case total normalidade na docencia. Por materias, cabe dicir que 41 acadaron o 100% de taxa de éxito e 11 superaron o 80%. As taxas máis elevadas correspóndense cos últimos cursos, mentres que os dous primeiros sufriron importantes descensos. En 1º hai 4 materias con taxas inferiores ao 50%: Informática, Matemáticas I, Física I e Xeoloxía e Climatoloxía. En 2º cabe destacar como materias con menor taxa: Cálculo de estruturas, Hidráulica e Mecanización Agroforestal.

A taxa de rendemento xeral, que tiña unha subida sostida nos últimos seis cursos, chegou a niveis do curso 2015-16. Este valor está por debaixo da media da USC, en xeral, o que se explica por ser un graos de ensinanza técnica, que soen ter maior dificultade que outro tipo de títulos. Analizándose por cursos, vese que os dous primeiros cursos teñen taxas de rendemento por debaixo de 50, mentres que sube considerablemente en 3º cun 63.76% e sobre todo en cuarto, chegando ao 80.19%.

Nos TFG, a taxa de éxito foi do 100% en tres especialidades e un 75% na mención de Hortofruticultura e Xardinaría. A taxa de avaliación subiu en todas as especialidades excepto na mencionada anteriormente, pero aínda siguen sendo algo baixas: 44.44% as mencións de Hortofruticultura e Xardiñaría, 50% Industrias Agrarias e Agroalimentarias, 66.67% Mecanización e Construcións Rurais e 64.71% Explotacións Agropecuarias. Moitos alumnos que se matriculan do TFG non son quen de presentalo nese curso, pero cando chegan a presentalo o superan. Parece bastante xeneralizado que no 4º curso se xunten as materias dese curso e o TFG con outras materias pendentes de cursos anteriores, o que fai pouco viable completar os estudios en 4 anos. A taxa de éxito dos egresados foi do 85.63 case 5 puntos por riba do curso anterior.

No que respecta ás cualificacións, non se aprecia un patrón de tendencias por materias. A diferencia doutros cursos, neste hai un elevado número de materias donde a maioría do alumnado acadou de notable para riba, en un total 28 materias. Estas materias pertencen aos cursos superiores que coinciden con materias propias da especialidade o que podería ofrecer unha explicación xa que os seus contidos estarían máis cercanos ás preferencias vocacionais do alumnado. Ademáis coincide que un número elevado destas materias teñen un número reducido o que podería dar outra explicación das boas cualificacións. Os Traballos Fin de Grado tiveron cualificacións bastante repartidas. Obsérvase un número superior de notables na manción de Explotacións Agroforestais.

Mais aló dos resultados da avaliación das materias e das taxas de avaliación, éxito e rendemento, os resultados de aprendizaxe veñen dados polo nivel de competencia dos titulados, que é moito máis difícil de avaliar, xa que só se manifesta logo da titulación e por tanto fora da escola, e non é fácil ter información dos alumnos a partires dese momento.

Non hai datos sobre a satisfacción dos empregadores cos egresados desta titulación, ou mesmo dos dous grados precedentes, que quizás fose a mellor maneira de medir os resultados do traballo docente que se fai na titulación. Este curso nin sequera se dispón de datos de satisfacción dos titores profesionais das prácticas en empresa, se ben as cualificacións que dan son elevadas, na media de sobresaliente; habitualmente o que menos valoran é a formación coa que chegan os estudantes. Os datos de inserción laboral comentados anteriormente son razoablemente bos na enquisa más recente feita para os graos; máis regulares son os anteriores, feitos sobre as antigas enxeñarías técnicas, pero nesas as circunstancias do título eran diferentes e non recollen todo o esforzo feito nos últimos anos coa implantación dos graos.

### 2.2.11. Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe

Respecto das enquisas de satisfacción dos alumnos coa docencia recibida, os ítems con menor valoración (3.65) é “ o docente resolveu as dúbidas relacionadas coa materia que se lle trasladaron (clase virtual, titorías, aula virtual, correo electrónico, etc.). Todos os demáis ítems foron moi ben evaluados, todos por riba de 4.10. O mellor valorado (4.40) foi “o docente resolveu as dúbidas que se lle formularon (clase, titorías, aula virtual, correo electrónico,...)”, curiosamente un aspecto moi parecido co ítem inferior. Todos os demáis, por tanto, foron valorados nunha marxe de 0,75 puntos.

A satisfacción do profesorado coa docencia impartida foi de 4.06 sobre 5, unha cifra moi similar a do ano anterior. Os puntos peor valorados foron “o nivel co que chega o alumnado (coñecementos e habilidades) é suficiente para afrontarse aos contidos da materia?" con 3.29, “valora a túa experiencia previa no uso das tecnoloxías para a docencia e avaliación en remoto” con 3.37 e “o meu alumnado participa crítica e activamente no desenvolvemento das clases?” con 3.44. Os tres ítems mellor valorados coinciden cos do ano anterior: a accesibilidade ao alumnado nas clases e titorías (4.89), a información axeitada ao alumno sobre os criterios de avaliación (4.87) e o trato correcto cos alumnos (4.76).

## 2.4.- Grao en Robótica

Nas reunións da comisión de título tratáronse os aspectos necesarios para o seguimento e control do bo desenvolvemento da titulación, tales como a elaboración de guías docentes, revisión do PDA, elaboración dos horarios de docencia e avaliación e seguimento das medidas de actuación durante pandemia do Covid-19. A revisión das programacións docentes centrouse fundamentalmente en comprobar que en cada materia se cumpre especificamente con todo o indicando na memoria verificada da titulación, e se proporciona toda a información acordada pola comisión de calidade. A comisión tamén traballou na elaboración e actualización de táboas de equivalencias (validación de competencias) para aqueles estudantes procedentes doutras titulacións. Cabe sinalar que, como norma xeral, naqueles casos de validación positiva, a comisión traslada aos alumnos de xeito encarecido a recomendación de que asistan a clases presenciais. As convalidacións deben eliminar a presión do exame, pero a asistencia a clases facilitará que os alumnos beneficiados non teñan problemas con outras materias do grado.
Outra normativa que se aplicou é a relativa á asistencia a clase e dispensas de asistencia, neste caso, cada materia recolle no seu programa a que actividades debe acudir o alumno coa dispensa concedida.

No relativo á admisión do alumnado, cubriuse toda a oferta de prazas ofertadas. En calquera caso, hai unha participación activa para facer difusión do grao na maior medida do posible, ademais da elaboración de trípticos informativos, participouse en charlas temáticas impartidas nalgúns centros de FP e secundaria, impartidas por diferentes profesores do grado. Tamén participamos na xornada de portas abertas (23/06/21), encontros virtuais (25/03/2021), mostra USC camiña levadas a cabo en Ribeira (7 abril 2022, 23 e 24 de maio en Lugo- EPSE e biblioteca intercentros, 29 de marzo de 2022 en Viveiro). G-Night (noite galega das persoas investigadoras), 2 24 de setembro 2021. Campus XuvenCiencia, proxecto " controla e constrúe robots!" ( 29/06/21), etc. En boa parte destas actividades participou o alumnado do grado de robótica.

No relativo a inclusión dos alumnos do grado nos órganos/comisións de decisión. Convén destacar que neste momento figuran 2 alumnos dentro da comisión de título. E unha alumna do grado foi incluída recentemente na comisión redactora da memoria dun título de master que ten unha importante relación co grado. Por outra banda, funcionan moi ben os delegados de grupo para os cursos de terceiro, e segundo, se ben no caso de primeiro aínda se debe mellorar.

Con respecto as actividades docentes, as metodoloxías e os sistemas de avaliación e cualificación empregados en todas as materias do título adecúanse á proposta da memoria verificada da titulación, e considéranse adecuados para a adquisición das competencias básicas, xerais e específicas definidas na memoria de título, así como para as transversais que se decidiu traballar en cada materia. As metodoloxías de ensinanza son variadas, cubríndose entre as materias do título todas as que se recollen na memoria verificada do título. En cada materia o profesorado elixe as metodoloxías que considera máis apropiadas en función dos contidos que ten que tratar e tamén para poder traballar e avaliar as competencias transversais. Estas metodoloxías que se desenvolven en clases expositivas, sesións interactivas de seminario ou laboratorio e titorías de grupos reducidos comprenden a docencia habitual expositiva de clases maxistrais, técnicas de aprendizaxe cooperativo, de aprendizaxe baseado en proxectos ou problemas, traballos individuais ou en grupo, busca de información actualizada, manexo das Tics, etc. Varias materias e profesores están a propor proxectos de realización voluntaria, que fomentan o grado de creatividade do alumnado e incrementan a súa motivación cara o grado. Estes proxectos implican incluso a interacción do alumno coa investigación, participación en retos de robótica, participación en actividades de divulgación e difusión da robótica, participación con éxito en programas competitivos que fomentan o emprendemento (como o programa Santander Explorer USC-Lugo), etc. De feito, no actual curso académico os alumnos están a presentar estes proxectos nas actividades de difusión, co fin non só de incrementar a súa motivación, senón tamén destrezas transversais como son a comunicación de coñecementos a xente non experta no ámbito.

Entre todas as materias de título cóbrense todas as tipoloxías de actividades de avaliación que están recollidas na memoria verificada do título. Todas as materias compren cos intervalos recollidos na memoria, e en xeral, existe un esforzo importante por parte do profesorado por darlle importancia a avaliación continua fronte o exame final. Como indica na memoria verificada da titulación e se concreta na guía docente de cada materia a avaliación se fai de xeito continuado, usando diferentes instrumentos (exame, entrega e/ou exposición de traballos, entrega de prácticas, asistencia e participación en actividades, ...) que son considerados ponderadamente na cualificación. Cada

competencia pode ser avaliada con un ou varios destes instrumentos e isto se especifica no sistema de avaliación. Os sistemas de avaliación das materias e a súa relación coas competencias está a ser continuamente revisada polos profesores e supervisada pola comisión de título.

Para informar aos estudantes das características do título organízase unha charla de orientación académica o inicio do curso, que inclúe a presentación do grado, comisións, etc. Se ben sería necesario un incremento do número de reunións profesores/alumnos ou dos alumnos cos seus propios representantes.

Con respecto á mobilidade, neste momento temos dous acordos Erasmus: coa escola de enxeñeiros de "Sigma Clermont" e coa universidade de "Bourgogne". Ambas teñen estudios de robótica en inglés pese a estar en Francia. Tamén temos un acordo SiCUE entre o noso grado de robótica e enx. robótica da universidade de Alicante. Por outra banda durante o curso 2020/21 recibíronse 3 alumnos en prácticas da universidade de Sigma Clermont en Francia, e durante o curso 21/22 temos outro alumno en prácticas procedente de mesma universidade.

Os procedementos que poden seguir os alumnos para a presentación de suxestións e reclamacións son moi variados, desde a atención personalizada en titorías por parte dos profesores, ou dos membros da comisión de título, presentación de queixas a través dos representantes de estudantes, presentación por escrito de reclamacións que poderá ser atendida por diferentes órganos en función da súa temática. Estas reclamacións poden ser atendidas directamente na comisión de título, pola dirección do centro ou do departamento correspondente, o pola comisión de docencia do centro que é a delegada de Xunta de Escola ou directamente pola oficina de reclamacións da USC. Esa información é pública na páxina Web.

En canto as suxerencias recibidas, a maior parte delas canalizáronse a través dos representantes dos alumnos e centráronse nalgúns casos sobre materias concretas que a comisión ou o seu coordinador lle trasladou ao profesorado involucrado. Con fin de abordar a sobrecarga debido á petición excesiva de traballos de forma simultánea por parte das materias, a comisión organizou unha reunión de coordinación entre o profesorado, así coma a posta en marcha dun grupo específico de M.S. Teams para coordinar e visualizar a petición de traballos desde as diferentes materias. Inda que o grupo de Teams non funcionou tan correctamente como debería (en moitos casos os profesores optaron por preguntarlle directamente os alumnos), serviu para atraer a atención do profesorado sobre este problema, e probablemente contribuíu a resolver a situación.

A continuación reflíctense os informes de satisfacción do alumnado coa docencia recibida. E importante subliñar que non todas as preguntas feitas na enquisa do curso 20/21 coinciden literalmente ocas preguntas feitas no curso 19/20, polo que nalgún caso tempos que incluír aclaracións adicionais na táboa.

Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (primeiro Semestre)
Pregunta 2019/20 20/21
O/A docente explica a programación da materia e os criterios de avaliación? 4,17 --
Cumpre co programa e o plan de traballo previsto? 4,29 --
Os/As alumnos/as sabemos de antemán cales van ser os criterios que utiliza o/a docente para a corrección de exames e/ou traballos? 3,59 --
Organiza ben as clases e explica con claridade facilitando a comprensión da materia? 3,29 3,51
O material de apoio (bibliografía, textos, exercicios, manuais de prácticas,...) resúltame útil para a preparación da materia?
Pregunta no 20/21 (os materiais subministrados (presentacións, artigos,etc) fóronme de axuda na preparación da materia 3,63 3,64
Os recursos didácticos empregados reforzan a comprensión da materia? 3,49 3,60
O/A docente propón actividades que favorecen a miña aprendizaxe autónoma? 3,34 --
Os contidos desenvólvense de acordo co cronograma temporal da materia?
(pregunta 20/21) Os contidos desenvólvense de acordo co cronograma temporal da materia inicialmente previsto antes da crise da Covid-10 4,12 4,08
O/A docente motiva a participación crítica e activa do alumnado no desenvolvemento da clase? 3,20 3,59
Resolve as dúbidas que se lle formulan (clase, titorías, aula virtual, correo electrónico,...)?
Adicionalmente no 20/21 houbo outra pregunta semellante:

O/A Docente resolve as dúbidas relacionadas coa materia que se lle trasladaron (clase virtual, titorías, aula virtual, correo electrónico, etc) 3,74 4,01

3,69
Ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación cos/coas estudantes?
Pregunta máis semellante no 20/21:
De xeito global, a comunicación co docente foi axeitada. 3,60 3,89
Consegue facerme ver a relevancia desta materia e o seu interese para a miña formación? 3,53
A axuda recibida nas titorías foime de utilidade (contestar só se as empregaches)? 3,94 --
O/A docente mellorou o meu nivel de partida en relación á materia? 3,57 3,67
O/A docente fai que a asistencia a clase sexa proveitosa para a comprensión dos contidos? 3,24 --
A carga de traballo (tarefas, lecturas, etc. ) foi adecuada aos contidos e créditos da materia -- 3,72
Globalmente estou satisfeito co/coa profesor/a da materia 3,39 3,68
Valoración global 3.62 3,74
Participación 36,73% 44,21%

No caso do primeiro semestre obsérvase unha lixeira mellora dos indicadores globais e da participación dos alumnos nas enquisas. Polo momento non existen resultados para o segundo semestre do curso 20/21. É evidente que dende a comisión deberán impulsarse accións encamiñadas a mellorar a valoración global. Se ben o alumnado valora un correcto desenvolvemento dos contidos das materias. Acusa deficiencias no desenvolvemento das clases que deberán ser melloradas. Inda que son mellores os resultados do curso 20/21 que no 19/20, son todavía mellorables as valoracións relativas a sensación de proveito da clase, motivación cara a partipación crítica, organización e claridade das explicacións. Neste sentido convén indicar que todavía segue a haber materias que se imparten por primeira vez, sendo necesaria a elaboración de todo o material docente dende cero por parte do profesorado.

En relación Informe da enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación, os resultados foron os seguintes.

19/20 20/21
Consideras que a información que tes sobre a túa titulación é axeitada? (aspectos organizativos e de xestión, plan de estudos, competencias) 4,00 4,5
Valora a atención prestada polo persoal de administración e servizos. 4,00 4,6
Os recursos educativos dispoñibles son axeitados? 4,50 4,20
As aulas e o seu equipamento están en bo estado e son adecuadas para o meu labor docente? 4,75 4,40
O campus virtual facilita a miña labor docente? 4,75 4,50
O campus virtual facilita a miña labor docente? 4,25 4,10
Os horarios existentes son axeitados? 4,5 4,70
A carga de traballo está ben distribuída? 4,25 4,30
O calendario de probas de avaliación é razoable 4,25 4,40
As e os docentes estamos coordinados na organización do título? 4,00 3,90
A titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos? 4,75 4,20
O alumnado recibe unha formación en competencias profesionais axeitada? 4,75 4,50
En xeral, considero que a titulación está ben organizada? 4,25 4,60
Valora a calidade docente da túa titulación. 4,25 4,50
O alumnado cumpre coa planificación académica sen problemas? 4,25 4,20
O alumnado acode con regularidade ás clases? 4,75 4,20
O alumnado implícase na titulación? 4,50 4,20
O alumnado está satisfeito coa titulación? 4,50 4,20
En xeral, síntome satisfeito/a coa titulación. 4,25 4,50
Valoración global 4.39 4.35
Participación 25,00% 47.62%

En xeral cabe destacar os seguinte aspectos, por unha banda hai un incremento notable da porcentaxe de

participación, se ben compre manter una política activa neste aspecto. O mesmo acontece no caso da participación dos alumnos neste tipo de enquisas, inda que ten mellorado no curso 20/21 con respecto ao 19/20, inda debe incrementarse. No caso da valoración do grado por parte do profesorado, aínda que a valoración global e positiva e a meirande parte dos indicadores permanecen entre os 4 e os 5 puntos, e claramente necesario reforzar o número de reunións e accións de coordinación entre os profesores, sendo este o aspecto máis feble nestes momentos.

## 2.5.- Máster Universitario en Enxeñaría de Montes

### 2.5.1 Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación)

Non se produciron incidencias significativas na aplicación das normativas de permanencia ou avaliación da Universidade de Santiago de Compostela.

### 2.5.2 Admisión do alumnado

Trátase dun título habilitante para unha profesión regulada e os requisitos de acceso están fixados na Orde CIN/326/2009. Os complementos formativos establécense unicamente para os titulados da antiga Enxeñaría Técnica Forestal.
A matrícula (IN02M-PC-05) continuou aumentando (pasou de 21 alumnos no curso 2019-2020 a 26 alumnos neste curso 2020-2021), nunha tendencia crecente. Isto viu da man da matrícula de novo ingreso (IN03M-PC-05), que no curso 2020-2021 foi de 11 alumnos, superando os valores de cada un dos cursos anteriores, sendo 10 o número de alumnos que iniciaron os estudos (IN04M-PC-05). Aínda que a tendencia media é boa, non se pode baixar a garda, polo que teremos que continuar traballando en accións para visibilizar e promocionar a titulación que permitan incrementar, ou polo menos manter, o número de alumnos de novo ingreso nuns niveis razoables.

### 2.5.3 Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede

Para este Máster non existe curso de adaptación pero si créditos complementarios que deben facer aqueles titulados en Enxeñaría Técnica Forestal que queira acceder a el. No curso 2013-2014 o 50% dos matriculados cursaron créditos complementarios xa que procedían das Enxeñarías Técnicas, mentres que dende o curso 2018-2019 ningún alumno realizou estes complementos.
Os complementos formativos para o alumnado procedente da Enxeñaría Técnica Forestal figuran na páxina web do título (https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/enxenaria-arquitectura/master-universitario-enxenaria-montes). O alumnado procedente doutras universidades que considera ter adquirida xa algunhas das competencias correspondentes aos créditos de complementos formativos, pode pedir un recoñecementos de créditos unha vez matriculado.

### 2.5.4 Orientación académica (plan de acción titorial) e profesional

Durante o curso 2018-2019 realizáronse varias actividades dirixidas aos alumnos do máster para favorecer a súa inserción profesional e mellorar a información que reciben sobre o desenvolvemento da súa carreira universitaria e as alternativas curriculares que se lles ofrecen. Ademais, desenvolveuse un calendario de actividades periódicas no que se recolle a descrición detallada de todas as actividades que se desenvolven no Centro relacionadas co ámbito da calidade docente co obxectivo de servir de guía a os responsables nos procesos do SGC, recollendo recomendacións sobre as datas nas que se deben celebrar as actividades nas distintas titulacións.

### 2.5.5 Mobilidade

O Centro ten asinados catro convenios Erasmus + específicos para Enxeñaría de Montes. A pesares da existencia destes convenios, a participación en programas de mobilidade ten sido escasa, posiblemente debido a que o programa do título esténdese unicamente ao longo de tres semestres, sendo os dous primeiros nos que se adquiren as competencias habilitantes para o exercicio da profesión de Enxeñeiro de Montes en España (polo que é complicado atopar programas de estudo similares noutros países), mentres que no terceiro se concentran as materias das distintas especialidades. Non obstante, na modificación da memoria do título que está implantada dende o curso 2019-2020, flexibilizáronse as condicións para a elección das materias optativas que pode cursar un alumno que non desexe obter ningunha especializade do máster, de xeito que poida realizar unha mobilidade noutra universidade, previo informe favorable do acordo de estudos por parte da Comisión de Título. Isto permitiu que un alumno estudara materias corresondentes ao

segundo curso do máster no primeiro semestre de 2019-2020 na Czech University of Life Sciences Prague ao abeiro dunha beca Erasmus+.
Por outra banda, estamos promocionando o programa Erasmus+ para que o alumnado realice as prácticas externas obrigatorias en empresas europeas (https://www.usc.gal/es/perfis/internacional/programas/erasmus_practicas/estudantes_outgoing.html).

Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)

As actividades docentes, as metodoloxías e os sistemas de avaliación e cualificación empregados en todas as materias do título adecúanse á proposta da memoria verificada da titulación, e considéranse adecuados para a adquisición das competencias básicas, xerais e específicas definidas na memoria de título, así como para as transversais que se decidiron traballar en cada materia. Estas competencias establecéronse para cumprir a orde CIN/326/2009, que establece os requisitos que debe cumprir o plan de estudos para habilitar para o exercicio da profesión de Enxeñeiro/a de Montes.
Nos últimos cursos académicos procedeuse a revisar as programacións docentes das materias que se publican na web do título, para comprobar que figurasen de xeito explícito as competencias e os procedementos para a avaliación da adquisición das mesmas.

### 2.5.6 Avaliación da aprendizaxe

Como xa se comentou na Directriz 2, a comprobación de que os alumnos acadan os resultados da aprendizaxe faise en base ás seguintes consideracións: a asistencia a clase, a realización de probas orais e/ou escritas, a realización de exercicios, o aproveitamento das prácticas, os traballos entregados e/ou expostos, e a participación do alumnado nas actividades da aula. Na guía docente de cada materia se indica o peso que se lle outorga a cada unha destas actividades, nun proceso de avaliación continua que depende da natureza de cada materia. No caso de optarse pola realización dun exame final, tamén se fixa na guía docente a súa importancia relativa na superación da materia.

### 2.5.7 Prácticas externas

As prácticas en empresa son obrigatorias. Non dispoñemos de información sobre a satisfacción dos estudantes coas mesmas (IN19M) para o curso 2019-2020, pero a dos tres cursos previos foi moi elevada (4,83) e viuse reducida no curso 2020-2021. Respecto do indicador relacionado coa satisfacción dos titores profesionais (IN20M), só temos a puntuación acadada no curso 2018-2019, que foi de 4,5 sobre 5. Tampouco se dispón de información sobre a satisfacción dos titores académicos (IN21M) agás que para o curso 2017-2018, onde foi máxima (5).
A Comisión de Título, xunto coa Subdirección de Prácticas Externas e Orientación Laboral, son as encargadas de velar para que a formación recibida polo alumnado nas prácticas externas sexa coherente coas competencias recoñecidas na memoria de título.

### 2.5.8 Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación)

A comisión de título supervisa as propostas de titorización para que os titores teñan perfiles docentes e investigadores relacionados coa temática elixida polo alumnado. Os criterios de valoración foron aprobados pola Comisión de Título e figuran na páxina web do centro xunto coa normativa que establece o procedemento a seguir (https://www.usc.gal/gl/centro/escola-politecnica-superior-enxenaria/tfm). Na mesma web tamén se inclúe un documento de rúbricas específico para a avaliación dos traballos fin de máster que foi aprobado pola Comisión de Título e que serve de orientación para os alumnos e para os profesores encargados de valorar os traballos nos tribunais.
Por último, para facilitar a edición dos TFG/M dende o Centro elaboráronse dúas plantillas, unha en Word e outra en LaTeX, que ofrecen a posibilidade de dar formato automaticamente ós documentos en A4 ou A3 (dobre columna), segundo a modalidade de TFG/M elixida (proxecto construtivo, estudo técnico e traballo de investigación).

### 2.5.9 Resultados da aprendizaxe nas materias do título

Como xa se comentou na Directriz 2, durante os últimos anos realizouse un proceso continuo de revisión anual das guías docentes que garante que as competencias establecidas pola memoria verificada son traballadas e avaliadas. No tipo de estudos que estamos a analizar, as enxeñarías, a comprobación da adquisición de resultados de aprendizaxe realízase tamén, en último caso, a través do TFM, que debe permitir comprobar a adquisición de parte das competencias profesionais para as que acredita o título, tal e como se establece na Orde CIN/326/2009.

### 2.5.10 Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe

A oferta de prazas de novo ingreso no curso 2020-2021 foi de 25, das que se cubriron dez. Esta situación de prazas vacantes é frecuente nas Escolas de España nas que se imparte a titulación. Por iso é preciso manter un proceso continuo de reflexión sobre a profesión de Enxeñeiro de Montes e o seu futuro.
A taxa de graduación (IN37M) no curso 2020-2021 foi do 100% fronte ao 65,5% anterior. A taxa de abandono (IN41M) foi nula, o que é indicativo do interese do alumnado polo máster. Estes resultados posiblemente teñan moito que ver coa presenza de grupos reducidos e, polo tanto, pola atención tan personalizada que recibe o alumnado.
Respecto das taxas de rendemento (IN34M, 86,79%), éxito (IN35M, 98,40%) e avaliación (IN36M, 88,21%), foron moi boas, en consonancia cos anos previos e cos valores medios da USC, polo que deberemos traballar para que se manteñan nos vindeiros cursos.
A satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN46M) aumentou novamente (3,84 sobre 5), aínda que non se acadaron os valores previos á situación excepcional provocada pola pandemia da COVID-19, que fixo que houbera que adaptar as metodoloxías de ensinanza presencial en non presencial durante practicamente todo o segundo semestre do curso 2019-2020 dun día para outro e, en moitos casos, sen medios materiais e con escasa formación do profesorado para a docencia en liña. Outro factor a considerar é a baixa participación do alumnado na enquisa (IN48M, 34,78%), aínda que foi practicamente tres veces superior á do curso anterior (13,04%). É preciso reverter este feito para que as conclusións que se poida extraer da opinión dos alumnos que contestan sexa máis representativa.
A satisfacción do profesorado coa docencia impartida (IN47M, 4,17 sobre 5) é similar á dos cursos previos. Non se dispón dos resultados para o curso 2020-2021 desagregados por preguntas, polo que deberemos seguir traballando polo menos no que se observou no curso anterior e que estaba relacionado co traballo realizado polo alumnado (deberemos tratar de conseguir unha maior motivación) e coa coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título, algo que xa se ten moi presente nas accións de mellora.

## 2.6.- Máster Universitario en Enxeñaría Agronómica

### 2.6.1.- Admisión do alumnado (probas específicas, perfil, captación)

O alumnado accede do Grao ou da Enxeñaría Agronómica previa ao novo plan de estudos polo que
- non se contemplan probas específicas
- o perfil se axusta ó descrito na Memoria
- a captación faixe a partir dos titulados das titulacións que poden acceder ao máster

https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/enxenaria-arquitectura/master-universitario-enxenaria-agronomica

### 2.6.2.- Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación)

Permanencia: a duración media dos estudos, duración media (en anos) na que os estudantes tardan en superar os créditos correspondentes ao plan de estudos: 2,0 anos no curso 2020/21.
https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/enxenaria-arquitectura/master-universitario-enxenaria-agronomica

### 2.6.3.- Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación

Non se contemplan polo tipo de acceso ao máster profesionalizante descrito na Memoria para os alumnos de Grao en Enxeñaría Agrícola e do Medio Rural, e Grao en Enxeñaría das Industrias Agroalimentarias pola USC (así como os graos doutras universidades españolas que outorguen as competencias establecidas na Orde Ministerial CIN /325/2009; p.e.: Grao en Enxeñaría Agraria pola UVIGO).
No día 2 de maio de 2018 aprobouse en Xunta de Escola unha modificación da Memoria do Título do MEA: "4. A los actuales Ingenieros Agrónomos que quieran acceder al Máster se les reconocerán los 60 créditos correspondientes a las materias obligatorias. No se les reconocerá el Trabajo Fin de Máster de acuerdo con el Artículo 6 del Real Decreto 861/2010, de 2 de julio, por el que se modifica el Real Decreto 1393/2007, de 29 de octubre."
Para os alumnos da Enxeñaría Técnica Agrícola se presentan complementos, que deben cursarse previamente ou simultaneamente ao 1º curso do máster.

### 2.6.4.- Metodoloxía de ensinanza (adaptación a necesidades específicas de aprendizaxe, mecanismos de coordinación dos procesos de ensinanza-aprendizaxe)

As actividades docentes, as metodoloxías e os sistemas de avaliación e cualificación empregados en todas as materias do título adecúanse á proposta da memoria verificada da titulación, e considéranse adecuados para a adquisición das competencias básicas, xerais e específicas definidas na memoria de título, así como para as transversais que se decidiu traballar en cada materia. Estas competencias establecéronse para cumprir a orde ministerial Orde CIN/325/2009 que establece os requisitos que debe cumprir o plan de estudos para habilitar para o exercicio da profesión de Enxeñeiro Agrónomo.
Nos últimos cursos académicos procedeuse a revisar as programacións docentes das materias que se publican na web do título, para comprobar que figuran de xeito explícito as competencias e os procedementos para a avaliación da adquisición das mesmas, estando nestes momentos completamente actualizada a información.
A partir da avaliación EURACE fíxose unha revisión exhaustiva das guías para a súa correspondencia ca Memoria verificada. As propostas de ampliación de competencias para cumprir as exixencias da avaliación EURACE foron trasladadas á Memoria, para o cal fíxose unha solicitude de modificación (en curso). Ademais, incluíronse actividades formativas en lingua estranxeira para cumprir unha das prescricións da avaliación EURACE.

### 2.6.5.- Avaliación da aprendizaxe

A comprobación de que os alumnos alcanzan os resultados da aprendizaxe faise en base ás seguintes consideracións: a asistencia a clase, a realización de probas orais e/ou escritas, a realización de exercicios, o aproveitamento das prácticas, os traballos entregados e/ou expostos, e a participación do alumnado nas actividades da aula. Na guía docente de cada materia se indica o peso que se lle outorga a cada unha destas actividades, nun proceso de avaliación continua que depende da natureza de cada materia. Así mesmo, no caso de optarse pola realización dun exame final, tamén se fixa na guía docente a súa importancia relativa na superación da materia. Estas guías docentes están en revisión para que esteen acordes ao disposto na memoria verificada.
A avaliación EURACE foi positiva unha vez revisados os resultados da aprendizaxe.

### 2.6.6.- Orientación académica (plan de acción titorial) e profesional

Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible IN23-PC-12: Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible (valoración media da enquisa de satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible, que permite coñecer a opinión dese grupo de interese sobre a información pública do título: 4 no ano 2018-2019 (sen datos nos cursos 2019-2020, 2020-2021).

### 2.6.7.- Prácticas externas

A porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións (relación porcentual entre os egresados dun título nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizaron prácticas en empresas e institucións, sobre o total de estudantes egresados nese título e nese mesmo curso académico): 100% no curso 2019-2020.

### 2.6.8.- Mobilidade

Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados: 0%
Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados: 0%
INF03: SAINTE: 2020/2021 P4161V01 - Máster Universitario en Enxeñaría Agronómica SICUE ESPAÑA 3
ENTRANTE: P4161V01 - Máster Universitario en Enxeñaría Agronómica. Erasmus EUROPA UNIÓN EUROPEA FRANCIA Enita de Bordeaux 1

### 2.6.9.- Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación)

A comisión de título decide a asignación dos titores de TFM con perfiles docentes e investigadores relacionados coa temática elixida polo alumnado. Os criterios de valoración foron aprobado pola Comisión de título e figuran na páxina web do centro xunto coa normativa que establece o procedemento a seguir.
Os criterios de valoración foron aprobado pola Comisión de título e figuran na páxina web do centro xunto coa normativa que establece o procedemento a seguir.

### 2.6.10.- Resultados de aprendizaxe

Como se sinala nos indicadores de satisfacción e rendemento, os alumnos valoran positivamente a docencia recibida (4,03), o que se corresponde coas elevadas taxas de rendemento académico (81,94%) e a eficiencia dos titulados (100%).

### 2.6.11.- Indicadores de satisfacción e rendemento

- Taxa de rendemento (relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios en que se matricularon) foi do 81,94%.
- Taxa de éxito (relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron) foi do 97,52%.
- Taxa de graduación (relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis e a súa cohorte de ingreso): 63,64%.
- Eficiencia dos titulados (relación porcentual entre o número total de créditos do plan de estudos nos que deberon matricularse ao longo dos seus estudos o conxunto de egresados dun determinado ano académico e o número total de créditos nos que realmente se matricularon): 100%.
- Taxa de abandono RD 1393/2007 (relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título no ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior): 0%.
- Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación (valoración media das preguntas relativas á satisfacción coa titulación da enquisa de egresados): 3,26.
- Satisfacción do alumnado coa docencia recibida: 4,03.
- Satisfacción do profesorado coa docencia impartida: 4,32.
- Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas: 4,50.
- A satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible (valoración media da enquisa de satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible: 4 (sen datos nos cursos 2019-2020, 2020-2021).
- Grao de satisfacción dos egresados cos servizos (valoración media das preguntas relativas á satisfacción cos servizos da enquisa de egresados): 4,7 (sen datos nos cursos 2019-2020, 2020-2021).

### 2.6.12.- Resultado da análise realizado de todas as accións desenvolvidas sobre a garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

A análise realizada no ano 2019-2020 indica que as accións desenvolvidas funcionaron correctamente sobre a garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado. Estas accións estiveron centradas nunha mellor coordinación entre materias (traballos a entregar polos alumnos) ca implementación dunha táboa excel colgada na web USC virtual, e na revisión das guías docentes (especialmente nos sistemas de avaliación das competencias).

## 2.7.- Máster Universitario en Dirección de Proxectos

### 2.7.1. Admisión do alumnado

En relación á evolución da matrícula comentar que e satisfactoria, acadando un valor de 19 alumnos, fronte aos 17 matriculados do curso 19/20. Sigue a destacar o alto número de preincripcións rexistradas, aínda que moitas delas non se traducen en formalización de matrículas, o que pon de manifesto o elevado interese que esperta o título.

Queda evidenciado que o incremento no número de prazas ofertadas no curso 19/20, e o incremento de prazas na convocatoria anticipada, foi unha acción de mellora acertada, xa que permitiu captar alumnado procedente de fora do EEES.

### 2.7.2. Aplicación de normativas predefinidas que obren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación)

Non se produciron incidencias significativas na aplicación das normativas de permanencia ou avaliación da Universidade

de Santiago de Compostela. Todas elas aplícanse sen incidencias para o desenvolvemento deste programa de estudos.

### 2.7.3. Complemento formativos, cursos de adaptación ou de nivelación, se é o caso

Para este Máster non existe curso de adaptación nen cursos de adaptación ou nivelación.

### 2.7.4. Metodoloxía de ensinanza (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)

As actividades docentes, as metodoloxías e os sistemas de avaliación e cualificación empregados en todas as materias do título adecúanse á proposta da memoria verificada da titulación, e considéranse adecuados para a adquisición das competencias básicas, xerais e específicas definidas na memoria de título, así como para as transversais que se decidiu traballar en cada materia.

Nos últimos cursos académicos procedeuse a revisar as programacións docentes das materias que se publican na web do título, para comprobar que figuran de xeito explícito as competencias e os procedementos para a avaliación da adquisición das mesmas, estando nestes momentos completamente actualizada a información.

A necesidade de avanzar na transparencia nos criterios de avaliación aconsella o desenvolvemento dunha rúbrica que defina, cun maior grao de rigor que o existente ata o de agora, os criterios que rexirán na avaliación do traballo fío conductor, traballo trasversal que se elaborar ao longo do curso cos coñecementos adquiridos nas diferentes asignaturas, e que se plasma nunha exposición grupal ao rematar a asignatura de xestión da integración.

Asimesmo o baixo nivel do idioma dos alumnos procedentes de China, aínda que acreditan un nivel B1, fai que se propoña o endurecemento do nivel do idioma castelán ao B2, para todos aqueles alumnos que non procedan de países hispanofalantes ou lusofalantes. O baixo nivel do idioma dificulta a adquisición por parte do alumnado das compentencias, entorpecendo tamén a dinámica de traballo en grupo, e facendo moi difícil a integración do estudante nas empresas para a realización das prácticas.

### 2.7.5. Mecanismos de coordinación docente

A coordinación docente realízase a través da Comisión Académica de título, dado que o máster se desenvolve nun único curso académico.

### 2.7.6. Avaliación da Aprendizaxe

Como xa se comentou na directriz 2, a comprobación de que os alumnos alcanzan os resultados da aprendizaxe faise en base ás seguintes consideracións: a asistencia a clase, a realización de probas orais e/ou escritas, a realización de exercicios, o aproveitamento das prácticas, os traballos entregados e/ou expostos, e a participación do alumnado nas actividades da aula. Na guía docente de cada materia se indica o peso que se lle outorga a cada unha destas actividades, nun proceso de avaliación continua que depende da natureza de cada materia. Así mesmo, no caso de optarse pola realización dun exame final, tamén se fixa na guía docente a súa importancia relativa na superación da materia.

### 2.7.7. Orientación Académica (plan de acción titorial) e profesional

A docencia da materia "Particularidades na dirección de proxectos" fundaméntase en charlas de expertos de distintos ámbitos, que aportan a súa visión da Dirección de Proxectos no contexto no que desenvolven a súa actividade. O peso de conferenciantes da empresa e administración é elevado. No curso 20/21 participaron, no eido referido, os seguintes ponentes:

- Itziar Goicoechea. Universidade de Vigo
- Gonzalo Vázquez. Consellería de Infraestruturas e Vivenda. Xunta de Galicia
- Sven Adler- LandeLar
- Efren Arias. USC
- María Gómez. USC

- Salvador Naya. UdC
- Enrique Maciñeira. Autoridad Portuaria de A Coruña
- Javier Alva. Alicorp

### 2.7.8. Prácticas externas

As prácticas en empresa son obrigatorias. No momento de confeccionar este informe non se dispón de datos actualizados para o curso 20/21 en relación a satisfacción dos titores e o grado de satisfacción dos estudantes coas prácticas externas. Non obstante nada fai indicar que os valores destes indicadores sexan inferiores aos de cursos anteriores. Destacar neste punto o esforzo que para a coordinación académica de prácticas en empresa supón a busca de empresas, dado a ausencia de incentivo para as empresas para que acollan alumnado, de xeito similar a como sucede nos ciclos de FP. A ausencia deste incentivo supón que en moitas ocasións as empresas rexeiten a posibilidade de acoller alumnos en prácticas pola interferencia que estes supoñen nas súas tarefas diarias.

### 2.7.9. Traballos fin de máster (asignación, supervisión, avaliación)

A comisión de título decide a asignación dos titores de TFM con perfiles docentes e investigadores relacionados coa temática elixida polo alumnado. Os criterios de valoración foron aprobado pola Comisión de título e figuran na páxina web do centro xunto coa normativa que establece o procedemento a seguir.

### 2.7.10. Resultados de Aprendizaxe

Como xa se comentou na directriz 2, durante os últimos anos realizouse un proceso continuo de revisión anual de guías docentes que garante que as competencias establecidas pola memoria verificada son traballadas e avaliadas. Ademais, no tipo de estudos que estamos a analizar, as enxeñarías, a comprobación da adquisición de resultados de aprendizaxe realízase tamén, en último caso a través do TFM que debe permitir comprobar a adquisición de parte das competencias profesionais para as que acredita o título.

### 2.7.11. Indicadores de satisfacción e rendemento

Da análise dos principais indicadores en relación coa satisfacción coa docencia tanto de egresados, como alumnos e profesorado, os valores acadados son altos, superándose en xeral os valores, xa bos, obtidos en cursos pretéritos, e superando en xeral os valores obtidos pola USC globalmente.

Analizando máis pormenorizadamente os datos de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, indicador IN46M, estes son en moi satisfactorios, acadando un valor de 4,36, retomando valores similares aos acadados nos curso 17/18 e 18/19. Estes resultados están en liña cos obtidos nas enquisas propias do título. Esta mesma tendencia obsérvase na satisfacción do profesorado coa docencia impartida (IN47M) acadándose un valor de 4,68, na liña do obtido en cursos anteriores.

No que se refire as taxas de rendemento (IN34M) reduciuse en relación a cursos pasados, acadando un valor de 83,38. A xustificación da redución no valor deste indicador e o incremento de alumnos que proceden de China, cunhas competencias lingüísticas moi reducidas, que lles no lle permiten seguir axeitadamente as clases, o que se traduce en que non se presenta aos exames das materias. Non obstante, cando se presentan, soen superar as materias, como queda reflectido no indicador da taxa de éxito (IN35M). Este efecto disuasorio tamén queda patente no indicador da taxa de avaliación (IN26M). Este problema evitaríase coa acción de mellora proposta fai dous anos, no senso de esixir o nivel de coñecemento da lingua española B2, se ben esta proposta foi rexeitada pola USC.

### 2.7.12. Suxestións e reclamacións

Os procedementos para a presentación de suxestións e reclamacións son moi variados, desde a atención personalizada en titorías por parte dos profesores, ou dos membros da Comisión de Título, á presentación de queixas ou reclamacións a traveso dos representantes de estudantes na CT, ata a presentación por escrito por rexistro da

reclamación, que será atendida por diferentes órganos en función da súa temática. Pode ser atendida directamente na Comisión de Título, pola dirección do centro ou do departamento correspondente, pola Comisión de docencia do centro que é delegada da Xunta de Escola ou directamente pola Oficina de Reclamacións da USC.

Para aspectos menores, existe unha folla de incidencias a disposición na conserxería do centro para realizar unha comunicación inmediata das situacións que se poidan producir durante a docencia.

Toda esa información está dispoñible na Guía do Estudante e tamén é pública na páxina web do centro e a traveso da Aula Virtual de Coordinación.

### 2.7.13. Resultado da análise realizado de todas as accións desenvolvidas sobre a garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

Durante o curso 20/21, todas as accións desenvolvidas orientadas á garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado funcionaron correctamente. Estas accións estiveron centradas nunha mellor coordinación entre materias (mediante as reunións de coordinación), e na revisión das programacións docentes (realizadas pola comisión de Título).

A revisión das programacións docentes céntrase fundamentalmente en verificar que en cada materia se cumpre especificamente todo o indicado na memoria verifica da da titulación vixente, especialmente nos resultados da aprendizaxe e nos sistemas de avaliación das competencias.

## 2.8. Análise dos indicadores para o Máster Universitario en Planificación e Xestión Territorial

### 2.8.1. Admisión, captación, progresión, recoñecemento e certificación

Todos os procedementos burocrático-administrativos relativos a admisión, recoñecemento, etc. dos títulos oficiais están normativizados na USC.

No curso 2020-21 houbo que xestionar moitas cuestións relativas á xestión da pandemia da covid-19, tal e como xa se explicitou en distintos apartados relativos á directriz 2.

As cuestións relativas á admisión xa foron comentadas no punto 2.4.1 da directriz 2. Só cómpre engadir aquí que a preinscrición fora de 36 e conseguíronse 22 matrículas efectivas. Hai que ter en conta que algúns/algunhas preinscrit@s están duplicad@s, pois pedían entrar en ambos os dous campus. No entanto, a coordinación mandou e-mails en setembro-outubro de 2020 para axudar a todo o alumnado preinscrito no proceso de admisión, igual que, con maior intensidade, en agosto-setembro-outubro de 2021, onde a captación foi moito menor en relación co primeiro curso que se ofreceu o MPXT.

Dado que o alumnado captado no curso 2021-22 é moito menor do agardado, leváronse a cabo propostas de mellora de captación internacional, que formarán parte do informe do curso 2021-22. En todo caso, o paso do curso 2020-21 ao 2021-22 apréndenos que non se pode baixar a garda, dado que unha matrícula axeitada nun curso dado non garante que ao curso seguinte se manteña ese limiar acadado.

Unha cuestión moi relevante na aplicación das normativas predefinidas pola USC no MPXT xurdiu no momento das avaliacións do primeiro semestre do curso 2020-21. En efecto, comprobamos como se xeraban automaticamente dúas actas independentes para cada materia (unha por campus) e o sistema permitía, por exemplo, xerar dúas matrículas de honra por materia (unha por campus). A primeira CA na que se tratou esta disfunción foi a do 18/3/2021, rematado o período de cualificacións da 1ª convocatoria do 1º semestre, mais previamente de forma informal xa se tratara esta cuestión. Na xestión desta problemática participaron, alén da CA e o coordinador do MPXT, a Vicerreitoría de Titulacións, o SXOPRA, ATIC e a Secretaría Xeral. Tamén se indicou nalgunha altura que a división en dous grupos tiña que ver coa existencia de dúas UXA. Sexa como for, e logo de xuntanzas e correos-e sucesivos, a «solución» adoptada para o curso 2021-22 foi a existencia dun só grupo por materia, independentemente do campus. Como se sinalou no punto 2.4 (directriz 2) a xestión dun mestrado que está en campus distintos da USC resulta excesivamente complexa en termos administrativos e burocráticos.

En todo caso, en termos xerais, non se rexistran incidencias significativas no MPXT na aplicación das normas de admisión, progresión, etc. vixentes.

### 2.8.2. Complementos formativos, adaptación ou nivelación

Ao longo do primeiro curso de existencia do MPXT, debateuse en relación coa nivelación de coñecementos do alumnado (proveniente, como se dixo no punto 2.4.1 da directriz 2, de carreiras moi dispares), nomeadamente en materia de SIX. Esta nivelación afecta criticamente a maior parte das materias, nas que se fai uso dos SIX. Foi por ese motivo, tal e como se explicou no punto 2.2 (directriz 2) que se decidiu trasladar unha materia optativa de SIX do segundo semestre ao primeiro.

### 2.8.3. Mobilidade

No curso 2020-21 só consta a presenza dun alumno Erasmus, co cal se falou desde o comezo do curso para atendelo de forma individualizada, pois o coordinador do mestrado era coordinador Erasmus do Departamento de Xeografía a comezos do curso 2020-21.

Resulta moi complexo ter mobilidade en época de covid-19. Estruturalmente, tamén resulta moi dubidoso que se poida ter mobilidade tipo Erasmus nun mestrado deseñado para un só ano.

Durante o curso 2020-21 tramitouse no seo do Proxecto INTERREG UNISF (https://www.universidadesemfronteiras.eu/) un mestrado de urbanismo das seis universidades públicas da Galiza e o Norte de Portugal que, na USC, se apoiaba no MPXT. O mestrado tiña que pórse en marcha no curso 2021-22, con materias desenvolvidas a partir do MPXT, mais finalmente non se levou a cabo.

No entanto, estanse a desenvolver nestes momentos (curso 2021-22) iniciativas para o desenvolvemento de Erasmus+ no que participaría este mestrado. Está por ver de que xeito se pode compatibilizar un mestrado dun ano como o MPXT nun EEES onde todos os países agás España ofertan mestrados de dous anos.

### 2.8.4. Metodoloxía de ensino-aprendizaxe

As metodoloxías de ensino-aprendizaxe son variadas. Entre as materias do título cóbrense todas as que se recollen na memoria verificada do título. En cada materia o profesorado escolle as metodoloxías que considera máis apropiadas en función dos contidos que ten que tratar e tamén para poder traballar e avaliar as competencias transversais.

Estas metodoloxías, que se desenvolven en clases expositivas, sesións interactivas, sesións de traballo de campo e titorías de grupos reducidos, comprenden a docencia habitual expositiva de clases maxistrais, técnicas de aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe baseada en proxectos ou en problemas, traballos individuais ou en grupo, exposicións orais en clase, procura de información actualizada, manexo dos SIX, etc.

Desde a CA anímase ao PDI a realizar cursos do Programa de Formación e Innovación Docente (PFID) que organiza a propia USC.

### 2.8.5. Avaliación da aprendizaxe

Entre todas as materias de título cóbrense todas as tipoloxías de actividades de avaliación por competencias que están recollidas na memoria do título. Desde o curso 2021-22 (en concreto, desde maio de 2021), verifícase que nas guías das materias as porcentaxes sexan coherentes coa memoria do título, en particular no relativo ao peso do/s exame/s.

Como se comentou no punto anterior, o PFID da USC organiza cursos sobre técnicas de avaliación da aprendizaxe aos que asiste o PDI do título.

Na directriz 2 constan varias informacións de interese neste punto 3.5, sen que resulte necesario reiterar aquí o devandito.

### 2.8.6. Orientación académica e profesional

No primeiro día de docencia do curso 2020-21, o 22/9/2020, o coordinador no campus en Compostela e o secretario no campus en Lugo levaron a cabo unha sesión conxunta de presentación do mestrado na que se falou do que se sabía naquela altura das prácticas académicas externas, do TFM, etc., así como se presentaron os horarios (que, formalmente, non foron aprobados pola CA até o 23/9/2020) e como se ía funcionar entre ambos os dous campus (uso de TEAMS, presencialidade, etc.).

Ao longo do curso 2020-21, mantivéronse diversas xuntanzas co alumnado de orientación académica e profesional, nomeadamente a medida que se foron concretando os detalles relativos ás prácticas académicas externas e ao TFM, ou que foron producíndose incidencias no desenvolvemento docente (moitas das cales por mor da xestión da pandemia da covid-19).

Na primeira aula do curso 2021-22, o 6/9/2021, realizada polo secretario do MPXT xa se explicaron sistematicamente todas as cuestións que na primeira do curso anterior non puideran ser contempladas por non estaren aínda decididas.

A partir dos resultados cualitativos do punto 2.6 (directriz 2), resulta necesario desenvolver mecanismos de orientación laboral que até o de agora estiveron ausentes no MPXT. Isto contémplase no plan de melloras.

### 2.8.7. Prácticas externas

As prácticas académicas externas constitúen unha materia obrigatoria de 6 créditos ECTS no MPXT. Non dispoñemos de ningunha información precisa sobre a súa satisfacción por parte do alumnado nin pola AASX nin pola Secretaría Virtual (apartado de resultados das enquisas de satisfacción do mestrado dispoñíbel para o coordinador do mestrado). Porén, o alumnado e @s titores/as (académic@s e extern@s) tiveron que cubrir enquisas a tal efecto.

Durante o curso 2020-21 tívose que planificar o desenvolvemento das prácticas externas para o MPXT. O proceso estivo condicionado cando menos por cinco cuestións:

- O feito de ser o primeiro ano que se ofrecía o MPXT, co cal *de facto* se partía de cero neste eido.
- A existencia de alumnado e profesorado dos dous campus/centros, coas disfuncións xa indicadas en termos de convenios, regulamentos, formularios, etc. aplicábeis en cada caso.
- A covid-19 tampouco axudou neste asunto. De feito, na FXH no curso 2020-21 decidiuse non ofrecer prácticas en xeral, coa excepción do MPXT, pois neste mestrado as prácticas consisten nunha materia obrigatoria.
- O cambio de equipa decanal na FXH no curso 2020-21, do que se derivou que a nova vicedecana asumise un proceso de renovación xeral dos convenios existentes, definindo especificamente en cales se admitía alumnado do MPXT.
- A baixa médica laboral do coordinador desde comezos de xuño de 2021 até agosto de 2021.

Neste punto, producíronse diversas xuntanzas de coordinación ao longo do curso, alén daquelas xuntanzas da CA nas que isto foi obxecto de debate. Nestas xuntanzas específicas adoitaron estar presentes, alén do coordinador e o secretario do MPXT, as responsábeis de prácticas da FXH (Vicedecana de Asuntos Económicos) e da EPS (Subdirectora de Prácticas Externas e Orientación Laboral) e mais a responsábel de prácticas da FXH para o MPXT, nomeada na CA do 18/3/2021 aos efectos da constitución da Comisión de Prácticas da FXH, na que declinou estar o coordinador do MPXT. Entre os acordos de xestión adoptados, moitos dos cales xa foron máis ben aplicábeis no curso 2021-22, figuran:

1. O nomeamento do secretario como coordinador de prácticas do MPXT a todos os efectos, centralizando os procedementos, que no curso 2021-22 se están a realizar, sobre todo, a través do Campus Virtual (pestana de Coordinación do MPXT).
2. A confección dunha listaxe propia de empresas/organizacións/entidades/etc. de referencia, en función da experiencia acadada no curso 2020-21. As listaxes da EPS e da FXH («bolsas de prácticas» dispoñíbeis) consideráronse demasiado amplas e o MPXT decidiu operativamente cinguirse a aquelas empresas/organizacións/entidades/etc. coas que hai unha experiencia contrastada e funciona ben a inserción.

Cómpre destacar que existiu un alumno que realizou prácticas extracurriculares remuneradas no curso 2020-21.

Consta que en tres casos as empresas nas que o alumnado desenvolveu as prácticas no curso 2020-21 resultou logo contratado.

### 2.8.8. TFM

O TFM constitúe unha materia obrigatoria de 6 créditos ECTS no MPXT. Non dispoñemos de ningunha información precisa sobre a súa satisfacción por parte do alumnado nin pola AASX nin pola Secretaría Virtual (apartado de resultados das enquisas de satisfacción do mestrado dispoñíbel para o coordinador do mestrado).

Como procedemento instituído para garantir a calidade dos TFM, a CA supervisa as propostas de elaboración de TFM

nos prazos estipulados (como mínimo, catro meses antes da súa defensa). No curso 2020-21 as propostas foron aprobadas agás cando fallaba algún dos contidos requiridos (artigo 6.2 do Regulamento):

1. Título e titor/a.
2. Xustificación.
3. Obxectivos.
4. Metodoloxía proposta e fontes de datos a empregar.
5. Bibliografía básica.
6. Calendario de traballo proposto (incluíndo as fases na consecución dos obxectivos e sesións de revisión periódica do TFM co/a titor/a).

O desenvolvemento de TFM viuse complexizado polo feito de ser o primeiro curso de existencia do MPXT. Durante todo o curso 2020-21, o Regulamento funcionou de forma provisoria, sen que estivese aprobado definitiva polo CG. Por outra banda, as liñas temáticas do TFM foron un asunto de xestión complexa, pois estableléceronse logo de comezado o curso e os procedementos para a súa tramitación difiren entre a EPS e a FXH e, por exemplo, en momentos distintos engádese o profesorado ou son órganos diferentes os que as aproban formalmente e/ou nunha orde diferente (os departamentos, os centros e/ou a CA). Aprobáronse/estimáronse por parte da CA o 20/1/2021, o que foi remitido a ambos os dous centros. Para os cursos seguintes, o profesorado que vaia engadíndose na impartición de docencia do mestrado poderá engadirse nelas, de forma aberta. O documento de xaneiro de 2021 contempla nove liñas —e, dentro delas, descritores moito máis específicos—; o primeiro nivel é o seguinte:

1. Ordenación, planificación e xestión territorial. Análise territorial.
2. Planeamento urbano.
3. Política rexional e procesos de desenvolvemento local.
4. Instrumentos de xestión de terras.
5. Planificación ambiental.
6. Planificación e xestión do medio natural.
7. Áreas naturais protexidas.
8. Cooperación para o desenvolvemento.
9. Tecnoloxías da información espacial.

O alumnado adscribiuse sen problemas a estes descritores ao longo do segundo semestre do curso 2020-21.

Os procedementos instaurados polo Regulamento foron seguidos sen problemas destacábeis: aprobación dos proxectos de TFM, depósito dos TFM, conformación dos tribunais de TFM, avaliación dos TFM, reclamación das cualificacións obtidas nas exposicións dos TFM, etc.

Tal e como xa se dixo no punto 2.4.2 (directriz 2), presentáronse 8 alumn@s a tribunais TFM, dos cales 1 suspendeu. 7 alumn@s fixérono en setembro, 1 en xullo. Cómpre dicir que ningún destes é do campus de Lugo.

No que fai aos TFM, unha aprendizaxe do curso 2020-21 que xa se está aplicar no curso 2021-22 ten que ver co calendario. No curso 2020-21, só había unha semana entre o depósito e a defensa. Para o curso 2021-22, estase a deixar máis tempo, para dar marxe para a celebración da CA (que aproba os tribunais) e permitir o prazo dunha semana de comunicación da presidencia do tribunal ao/á alumn@ da data, a hora e o lugar da defensa, de acordo co Regulamento. Isto implicou retrotraer significativamente os prazos de depósito de TFM dun curso ao seguinte, decisión que se tomou co concurso do alumnado na CA.

Finalmente, para a avaliación dos TFM, preparouse un modelo de rúbrica de avaliación dispoñíbel para todos os tribunais, aprobado na CA do 15/7/2021. Os dez criterios correspóndense co artigo 11.1 do Regulamento:

| |
|---|
| 1. Defensa oral. |
| 2. Réplica ás cuestións formuladas polo tribunal. |
| 3. Presentación formal do TFM, incluída a cartografía, de a houber. |
| 4. Calidade do texto: escrita e estilo; ausencia de erros tipográficos, ortográficos e gramaticais. |
| 5. Referencias académicas empregadas completas, actualizadas e relevantes. Formato das referencias axeitado. |
| 6. Introdución, con xustificación explícita do/s obxectivo/s. |
| 7. Marco teórico que demostra un coñecemento axeitado da bibliografía do tema tratado. |
| 8. Explicación clara e xustificación do/s método/s e fonte/s empregados. Adecuación deles ao/s obxectivo/s do TFM. |
| 9. Exposición dos resultados, que evita unha presentación repetitiva. Uso axeitado de cartografía, figuras, táboas, etc. |
| 10. Capacidade de interpretar os resultados (discusión) e de inferir conclusións apoiadas na análise realizada. |

Cómpre engadir que o proceso de xestión dos TFM estivo complexizado ao longo do curso 2020-21 polo feito que o mestrado previo existente na FXH (Mestrado en Planificación e Xestión do Desenvolvemento Territorial) mantívose en fase de extinción nese curso, o que daba lugar á posíbel defensa dos TFM por parte do alumnado procedente de cursos anteriores. Para a xestión deste asunto:

1. Contactouse co alumnado co TFM pendente desde o curso 2013-14, a partir da explotación da base de datos obtida pola Secretaría administrativa do Departamento de Xeografía. Contactouse con 12 alumn@s.
2. Matriculáronse 8.
3. Defenderon e aprobaron 5: 2 en febreiro, 2 en xullo e 1 en setembro. Estes 5 TFM non se contabilizan neste informe, dado que son do mestrado previo.

Todos estes pasos implicaron unha cantidade relevante de traballo engadido asumido pola coordinación, así como unha serie de decisións tomadas no seo da CA, asumindo o traballo previo da CA do mestrado extinto. Lamentabelmente, 7 alumn@s do extinto Mestrado en Planificación e Xestión do Desenvolvemento Territorial non o teñen pechado por faltarlles a defensa do TFM e, se nalgunha ocasión queren realizala, terán que convalidalo co actual MPXT, o cal lles implicará ter que cursar materias adicionais non convalidábeis coa oferta preexistente.

### 2.8.9. Resultados de aprendizaxe

Para garantir que os resultados da aprendizaxe coinciden co establecido pola memoria da titulación, desenvolveuse un proceso continuo de revisión anual das programacións docentes que garante que se traballan, se adquiren e se avalían as competencias establecidas pola memoria verificada. A primeira ocasión que iso tivo lugar foi maio de 2021, en concreto na CA do 31/05/2021 (véxase o punto 2.2 da directriz 2).

### 2.8.10. Indicadores de satisfacción

Reitérase de entrada o achegado no punto 2.6 (directriz 2), que aquí tamén resulta pertinente. De acordo coa AASX, os indicadores numéricos son os seguintes:

| Código | Indicador | Data | Valor |
|---|---|---|---|
| IN46M | Satisfacción do alumnado coa docencia recibida | 15/12/2021 | 8,48 |
| IN47M | Satisfacción do profesorado coa docencia impartida | 15/12/2021 | 7,69 |
| IN48M | Taxa de resposta | | ** |

**O dato resultante non presenta 2º factor, co cal a porcentaxe (equivocada) é superior a 100.

De acordo con estes datos, a satisfacción do alumnado sería superior á do profesorado.

A AASX non ofrece datos contextuais destes valores, de xeito que non se pode saber se son baixos ou altos en relación

cos centros e/ou o conxunto da universidade.

Como resulta habitual nos sistemas de calidade da USC, estes datos da AASX son discrepantes cos datos que se poden obter a través da Secretaría Virtual da USC para o MPXT. Lamentabelmente, quen enche este documento só pode obter os do campus de Compostela. Exprésanse deseguido, comparándoos contextualmente, o que ten relevancia neste punto:

| | |
|---|---|
| **Resultados para o plan de estudos "Máster Universitario en Planificación e Xestión Territorial [S]" (P3431P01)** | |
| Data de cálculo: 14/9/2021<br>Data de publicación: 8/10/2021<br>Nº total de estudantes matriculados/as no plan de estudos: 19<br>Nº total de enquisas cubertas no plan de estudos: 101<br>Porcentaxe de participación dos/as estudantes: 68,42% | |
| Media da titulación (Máster Universitario en Planificación e Xestión Territorial [S] (P3431P01)) | 4,22 |
| Media da rama de coñecemento (Área de Ciencias Sociais e Xurídicas) | 4,08 |
| Media da universidade | 4,09 |

***De acordo coa propia Secretaría Virtual, o nº de estudantes matriculad@s no plan de estudos no campus de Compostela é 18.

Deste xeito, de acordo cos datos dispoñíbeis na Secretaría Virtual, o grao de satisfacción do alumnado co mestrado (campus de Compostela) é ostensibelmente superior ao da rama de coñecemento (Ciencias Sociais e Xurídicas) e ao do conxunto da USC.

A maiores, a Secretaría Virtual da USC para o MPXT ofrece os seguintes datos, co mesmo método aplicábel, isto é, só referidos ao campus de Compostela, e cunha participación de case o 70% do alumnado:

| | |
|---|---|
| **Bloque 1. Avaliación da docencia presencial** | |
| O/A docente organiza ben as clases e explica con claridade facilitando a comprensión da materia? | 4,28 |
| Os recursos didácticos empregados reforzaron a comprensión da materia | 4,29 |
| Os contidos desenvolvéronse de acordo co cronograma temporal da materia inicialmente previsto antes da crise da Covid-19 | 4,43 |
| O/A docente motivou a participación crítica e activa do alumnado no desenvolvemento da clase | 4,34 |
| O/A docente resolveu as dúbidas que se lle formularon (clase, titorías, aula virtual, correo electrónico...) | 4,52 |
| **Bloque 2. Avaliación da docencia en remoto** | |
| O/A docente resolveu as dúbidas relacionadas coa materia que se lle trasladaron (clase virtual, titorías, aula virtual, correo electrónico, etc.) | 3,35 |
| **Bloque 3. Avaliación global** | |
| Os materiais subministrados (presentacións, artigos, etc.) fóronme de axuda na preparación da materia | 4,25 |
| A carga de traballo (tarefas, lecturas, etc.) foi adecuada aos contidos e créditos da materia | 3,97 |
| De xeito global, a comunicación co/a docente foi axeitada | 4,50 |

| | |
|---|---|
| O/A docente mellorou o meu nivel de partida en relación á materia | 4,05 |
| Globalmente estou satisfeito co/coa profesor/a da materia | 4,33 |

Salientan uns indicadores moi satisfactorios, todos por riba de 4, agás na docencia en remoto e, inmediatamente por debaixo do limiar de 4, na carga de traballo.

No que fai á docencia en remoto, cómpre subliñar os problemas existentes no curso 2020-21 en relación coa xestión da pandemia covid-19. Foi complicado obter unha aula equipada coas equipas informáticas necesarias no campus de Compostela e non foi até avanzado o segundo semestre daquel curso que no IDEGA se contou cun ordenador, cunha cámara, etc. que puideron funcionar correctamente, co cal a comunicación entre os dous grupos (e @ docente situad@ nun dos dous campus) non sempre foi axeitada.

No que fai á sobrecarga, isto resulta coherente cos comentarios cualitativos recollidos no apartado 2.6 (directriz 2). Neste senso, desde a CA lembrouse sempre a necesidade de dimensionar as entregas, os exames, as exposicións, etc. demandadas nas distintas materias do MPXT, nomeadamente no primeiro semestre, en función da carga horaria que representan os 3 créditos.

Finalmente, os resultados por materia de acordo coa Secretaría Virtual da USC para o MPXT (lémbrese que só para o campus de Compostela) son os seguintes:

| **Resultados por materia** | |
|---|---|
| Avaliación de plans e programas | 4,14 |
| Directrices e modelos de ordenación territorial | 4,14 |
| Economía ambiental | 4,26 |
| Instrumentos de xestión de terras | 4,05 |
| Metodoloxía de investigación | 4,40 |
| Métodos e técnicas de análise territorial I | 4,40 |
| Métodos e técnicas de análise territorial II | 4,30 |
| Mobilidade e transporte sustentables | 3,34 |
| Planeamento urbano | 4,12 |
| Planificación e organización de áreas metropolitanas | 3,74 |
| Planificación e rehabilitación do patrimonio urbano | 3,68 |
| Planificación e xestión ambientais dos espazos urbanizados | 4,28 |
| Planificación e xestión de espazos costeiros e litorais | 4,12 |
| Planificación e xestión de espazos de montaña | 4,47 |
| Planificación e xestión de redes de áreas protexidas | 4,82 |
| Planificación e xestión para a cooperación no desenvolvemento | 4,27 |
| Planificación estratéxica | 4,19 |
| Planificación territorial | 4,09 |
| Políticas de desenvolvemento rural | 4,45 |
| Sistemas de información xeográfica aplicados á planificación territorial | 4,80 |
| Xestión da biodiversidade | 5,00 |

### 2.8.9. Suxestións e reclamacións

Os procedementos para a presentación de suxestións e reclamacións son moi variados, desde a atención personalizada en titorías por parte do profesorado, ou dos membros da CA, á presentación de queixas ou reclamacións a través d@s representantes do estudantado na CA. Este último procedemento adoitou ser o máis utilizado no curso 2020-21.

Tamén se poden utilizar outros procedementos tales como a presentación por escrito por rexistro da reclamación, que será atendida por diferentes órganos en función da súa temática.

Estes procedementos están estipulados pola normativa aplicábel e constan expresamente nas páxinas web da USC, da EPS e da FXH.

## Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

**Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)**

Aspectos a contemplar:

3. Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
3.7. Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
3.8. Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
3.9. Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
3.10. Formación do profesorado e mobilidade.
3.11. Actividade investigadora.
3.12. Detección de necesidades de persoal académico.
4. Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
4.7. Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
4.8. Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
4.9. Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
4.10. Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Igual que na sección anterior, analizaremos os indicadores requiridos nesta directriz a nivel de centro e tamén de titulación, sempre e cando queiran poñer de manifesto especificidades concretas que se alonxen do conxunto global.

### 1.- Análise a nivel Centro

Na táboa 4.1 sinálase a evolución dos indicadores de calidade relacionados con esta directriz nos últimos cursos académicos.

| Código | Descrición | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| IN24C | Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total | 70.09 | 73.17 | 77,57 | 76,54 | 76,52 | 76,92 |
| IN25C | Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total | 84.04 | 83.11 | 80,82 | 82,67 | 84,68 | 85,88 |
| IN26C | Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total | 66.49 | 62.14 | 61,04 | 61,24 | 64,24 | 65,94 |
| IN32C | Media de alumnos por grupo de docencia interactiva | 11.9 | 11.74 | 10,84 | 13,45 | 13,04 | 14,98 |
| IN49C | Satisfacción do PAS co traballo desenvolvido | 3,40 | 3,44 | 3,33 | 3,70 | 4,00 | 4,00 |

Táboa 4.1: Evolución dos indicadores de calidade a nivel de centro relacionados coa directriz 4 Fides-Audit.

Dado que a escola ten unha plantilla docente asentada, vemos que apenas hai variación nos tres primeiros marcadores da táboa 4.1 nos últimos cursos académicos. O PDI ten unha longa experiencia docente e investigadora como corrobora o IN24C que, para o conxunto dos títulos, é do 76,92% do PDI conta con sexenios. Este indicador viña medrando a razón de 4 puntos porcentuais cada ano, o que revela a labor investigadora do PDI do centro, non obstante, nos cursos 18-19 e 19-20 curso apreciase un lixeiro estancamento que pode ser atribuíble a cambios no reparto docente ou a xubilacións na plantilla de PDI funcionario. O lixeiro repunte no ano 20-21 pode ser efecto das novas incorporacións de profesorado no novo grao de robótica.

En termos absolutos, o número de doutores con docencia no centro subiu lixeiramente. Podemos apreciar que este indicador se move no intervalo [80,82, 85,88], que como apuntabamos anteriormente, poden ser debidas ao feito de que os docentes de departamentos de áreas comúns a diferentes centros adoitan moverse cada curso dun centro a outro. En todo caso, seguimos a falar dunha porcentaxe moi alta con experiencia investigadora suficiente e estable xa que a porcentaxe de funcionarios sobre o total está no 65,94%.
O grupo de alumnos medio por grupo de docencia interactiva é de 14,98 (sube lixeiramente respecto do ano pasado). Estes tamaños permiten realizar un ensino de calidade centrado no estudante, con atención practicamente personalizada e unha mellor satisfacción do profesorado coa ensinanza impartida.
En canto a satisfacción do persoal de administración e servizos co traballo desenvolto (IN49C), o resultado deste indicador é de 4%, que consolida unha mellora contiúa da percepción do Persoal de Administración e Servizos co posto que desempeñan. A dotación de PAS co que conta a EPSE (16 persoas) considérase suficiente por parte do resto dos grupos de satisfacción pero non é acaída á carga de traballo que debe soportar. Así mesmo, deberíase dotar de técnicos de laboratorio para manter operativos os laboratorio docentes tendo en conta, que en breve, estarán funcionando os laboratorios de robótica cun material con requirimentos altos de mantemento para o seu correcto funcionamento.

# 2 Análises a nivel Títulos

## 2.1 Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural

### 2.1.1 Persoal académico

O Persoal Docente e Investigador (PDI) con docencia no Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural está formado por 7 catedráticos de universidade, 26 profesores titulares de universidade, 13 profesores contratados doutores e outras figuras docentes en menor representación ata un total de 57 integrantes. Este cadro de persoal académico ten unha longa experiencia docente e investigadora, como corrobora o número de sexenios e quinquenios cos que conta (media de 1,8 sexenios e 4,2 quinquenios por docente). Concretamente, o 79,7 % do PDI que imparte docencia no Grao contaba con sexenios no curso 2020-2021, e aínda que no curso 2019-2020 este indicador baixou un pouco respecto ao curso anterior, dende 2014-2015 este valor medrou de forma mais o menos continua cada ano, o que revela a mellora na labor investigadora do PDI con docencia no Grao. Ademais, o número de doutores representa o 88,9 % do total do cadro de profesores do Grao, valor estabilizado nos últimos anos.
O cadro do PDI considérase moi estable, pois a porcentaxe de funcionarios sobre o total está no 71,4 %. O valor deste indicador nos últimos cursos mantense máis o menos estable en torno ao 70%, a pesar das xubilacións nun cadro de persoal cunha idade media elevada.
O ratio de estudantes por profesor a tempo completo mantense nos últimos anos nun valor en torno a 2, mentres que o grupo medio de docencia expositiva consta de 19 alumnos (curso 2017-2018, último valor dispoñible) e o de docencia interactiva é de 18 alumnos de media (curso 2020-2021). Estes tamaños, inferiores as dotacións máximas admisibles por grupo, permiten realizar un ensino de calidade centrado no estudante, con atención moi personalizada.
Respecto á satisfacción do PDI coa docencia impartida e coa titulación, pódese considerar como moi positiva (4,08 e 4,11 puntos respectivamente, nunha escala do 1 a 5), como se comentou na Directriz 3.
Tamén comentouse na Directriz 3 que a porcentaxe do profesorado que participou en programas de mobilidade no curso pasado baixou notablemente respecto ao ano anterior, quedando nun 1,75 %, seguramente tamén motivado polas restricións de mobilidade ligadas á pandemia. É de supoñer que no seguintes cursos estas porcentaxes volverán a incrementarse de forma importante.
Un 53,13 % do PDI do Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural participou nas actividades dos Plans de Formación no curso 2020/21, e á súa satisfacción coas mesmas foi moi aceptable (4,5 nunha escala de 1 a 5).

### 2.1.2 Persoal de apoio

O Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural non ten Persoal de Administración e Servizos (PAS) específico para a docencia do título, pero o centro conta con persoal da finca de prácticas, así como cos servizos que dan soporte ao centro: Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe (CeTA), Área de Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (ATIC), Unidade de Xestión Académica (UXA) e Persoal de administración e Servizos (PAS) da EPS de Enxeñaría. Este apartado é analizado polo tanto en profundidade a nivel centro.

A satisfacción do PAS do centro co traballo desenvolvido no curso 2020-2021 foi notable, cun valor de 4,0 nunha escala de 1 a 5. Nese curso, o 50 % do PAS do centro participou en actividades formativas.

## 2.2 Grao en Enxeñaría Civil

### Persoal académico

No curso 2020/2021 non se produciron cambios significativos no cadro de persoal que impartiu docencia no Grao en Enxeñaría Civil, cumpríndose os criterios de suficiencia e adecuación establecidos na memoria de verificación, que se viñan cumprindo ata o momento.

O profesorado da titulación cumpre cos diferentes perfís precisos para a impartición da docencia no Grao en Enxeñaría Civil posto que a plantilla de profesorado está composta por Profesores incorporados no Sistema Universitario (Titulares de Universidade, Contratados Doutores, Titulares de Escola Universitaria, Axudantes Doutores e Colaboradores) así como o profesionais externos que imparten aulas nas materias máis específicas da titulación baixo a figura de Profesores Asociado. No caso dos Traballos Fin de Grao repártese de xeito homoxéneo as Titorizacións entre os Profesores da Titulación, para non sobrecargar a determinados profesores.

A valoración do PDI respecto a docencia impartida é positiva tal e como se recolle nas enquisas de satisfacción realizadas dende a Área de Calidade da Universidade de Santiago de Compostela, non existindo constancia de queixas nin unha avaliación negativa no respecto a riscos psicosociais emitido no informe realizado polo Servizo de Prevención de Riscos da Universidade de Santiago de Compostela.

O profesorado da titulación participa activamente no Programa de Formación e Innovación Docente da USC, sendo preciso incentivar a participación da totalidade do profesorado. No mesmo sentido, as estancias nacionais e internacionais do profesorado atópanse nun nivel baixo polo que é preciso incrementar o mesmo.

A actividade investigadora do profesorado é axeitada, participando en diferentes proxectos de ámbito internacional, nacional e autonómica, en moitos casos en colaboración con Empresas de relevancia do Sector da Enxeñaría Civil. Os indicadores nestes sentido son recollidos pola OIT da USC no seu rexistro de actividades (número de actividades, captación de recursos, contratación de persoal de apoio,...), así como no número de sexenios de investigación e publicacións científicas (artigos e congresos) por parte do Profesorado incorporado no Sistema Universitario. Dada a porcentaxe de Profesorado Asociado da Titulación a actividade Investigadora atópase nun nivel axeitado perto dos valores medios da Universidade de Santiago de Compostela no seu conxunto.

Na actualidade non existe necesidade de persoal académico, cumprindo a Memoria Verificada de Título, se ben é preciso destacar a necesidade de facilitar a estabilización do PDI en condicións inestables, así como a promoción do Profesorado.

### Persoal de apoio

O Grao en Enxeñaría Civil non ten persoal de apoio específico para a docencia do título, o Centro conta con persoal da finca de prácticas, así como cos servizos que dan soporte ao centro (CeTA e ATIC), UXA e PAS da EPS de Enxeñaría. Este apartado é analizado polo tanto en profundidade a nivel de centro.

Os resultados da enquisa de satisfacción co Persoal de Apoio a Docencia atópanse nos valores medios da USC, polo que se consideran axeitados e suficientes cumprindo os aspectos sinalados na Memoria de Verificación. A pesar de que o persoal de apoio é suficiente sería moi importante contar con persoal de apoio á docencia sobre todo para o mantemento de equipos de laboratorio, software e aulas de informática, etc. Estes aspectos foron postos de manifesto na Avaliación EUR-ACE a que se someteu o Grao, é na que acadou o Informe Positivo, pero recomendábase mellorar aspectos relacionados coa docencia práctica.

## 2.3 Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria

### 2.3.1. Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación

No curso 20-21 participaron na docencia do grao ata 90 profesores, 3 maís que o curso anterior, de 18 departamentos diferentes. A variedade de departamento e áreas de coñecemento permite a adecuación do perfil dos profesores ás materias a impartir.

As necesidades docentes están ben cubertas e nas condicións actuais de baixo número de matriculados moitas áreas de coñecemento con docencia no título, mesmo as que máis peso supoñen, teñen un encargo docente moi por debaixo da súa capacidade, aínda que nese aspecto hai bastante desequilibrio entre áreas. De feito a media de alumnos por grupo de docencia expositiva viña estando por debaixo de 20 nos últimos anos, aínda que hai moita diferenza entre as materias obrigatorias e de formación básica, e no último curso houbo un repunte importante.

Pola súa parte o grupo medio de docencia interactiva 15.46 para grupos de laboratorio o máis elevados dos últimos seis cursos. Hai capacidade docente suficiente nas áreas responsables e quizá se podería asumir grupos de prácticas algo máis pequenos nalgunhas das materias con ratios superiores, pensando en mellorar a efectividade da aprendizaxe.

### 2.3.2. Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster

Dos 90 profesores que participan na docencia, a maioría teñen encargo docente tamén noutras titulacións, ben do propio centro ou de outros. Deses profesores a metade (50.00%) son Titulares de Universidade que imparten o 51.05% da docencia. O 10% son Catedráticos de Universidade Hai un 8.89% de Titulares de Escola Universitaria, que imparten o 12.32% da docencia. Hai un 70% de profesorado funcionario que é responsable do 71,91% da docencia. Dentro dos non funcionarios teñen un peso importante os Profesores Contratados Doutores, que supoñen un 18.89% do profesorado e un 18.94% da docencia. Logo hai un pequeno número de profesores con outro tipo de contratos.

En xeral o profesorado conta con experiencia docente e tamén con traxectoria de docencia na titulación e/ou en outras similares. Os 90 profesores suman un total de 520 quinquenios, que resulta nunha media de 6.5 por profesor.

Por tanto a docencia do grao está impartida moi maioritariamente por profesorado estable, con larga traxectoria docente e con experiencia docente neste título e/ou noutros de características similares.

### 2.3.3. Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo

Na enquisa feita ao profesorado respecto da titulación impartida o material e servizos de apoio á docencia que proporciona a Universidade son valorados en 4.24 e valora con 4.31 as ferramentas, instrumentos e canais postos á súa disposición para desenvolver a docencia na situación derivada da crise sanitaria.

Nas enquisas de satisfacción do profesorado coa titulación valora con 4.23 sobre 5 os recursos educativos dispoñibles e cun 4.21 as aulas e equipamentos. Tamén se valora cun 4.56 o campus virtual como facilitador da labor docente e con 4.05 as vías dispoñibles para mellorar a calidade. Todos estos valores incrementan a valoración respecto o curso anterior.

### 2.3.4. Formación do profesorado e mobilidade

Durante o curso 20-21 o 51.65% do profesorado realizou algún curso do Plan de Formación e Innovación Docente, mantendo os valores do curso anterior que xa se incrementaran considerablemente respecto aos cursos anteriores. En xeral os profesores valoran ben este tipo de cursos, dende a información previa e matrícula, á planificación e as instalacións e materiais utilizados, con puntuacións elevadas. Ademais un 4.46% está interesado en recibir información de apoio para a mellora da docencia.

O nivel de mobilidade do profesorado foi nulo neste curso, probablemente debido a crise sanitaria. No curso anterior, 2019-20 houbera un 3,46% de mobilidade de profesorado (un total de 3 profesores), cando os dous anos anteriores non houbera ningún intercambio. Anteriormente as cifras tamén eran moi baixas: 1,06% (2015-16) e 1,05% (2016-17) e entre 2012 e 2015 novamente ningún. Tamén hai mobilidade non rexistrada fora dos programas de intercambio, se ben nese caso obedecen a un interese máis investigador ca docente.

### 2.3.5. Actividade investigadora

A media de doutores e nunca baixou do 80% en todos os anos dende a implantación. Por outra parte a súa experiencia e continuidade na investigación ven avalada pola obtención de sexenios de investigación. Os 90 profesores do grao acadan en conxunto un total de 215 sexenios de investigación. Do profesorado con docencia no título, un 78,9% posee algún sexenio, saíndo una media de 2.4 sexenios por profesor e de 3.0 entre os profesores que contan con algún.

### 2.3.6. Detección de necesidades de persoal académico

A docencia está totalmente cuberta e moitas das áreas responsables das materias do título teñen capacidade docente bastante por riba do seu encargo actual. Os grupos de alumnos por profesor son pequenos nas clases expositivas; nas interactivas non son especialmente pequenos pero o centro permite facer os grupos de prácticas que os docentes creen necesario, polo que en áreas excedentarias poderían diminuír o tamaño dos grupos se o consideraran axeitado. A idade media do profesorado é moderadamente alta, polo que a corto-medio prazo se esperan cambios no profesorado encargado das materias. As xubilacións xa están facendo mudar o profesorado nos últimos anos e as distintas áreas e subárea son desigualmente afectadas. A medio prazo isto se vai xeneralizar e vai provocar cambios profundos no profesorado encargado das materias, que pode afectar á adecuación do profesorado que terá que asumir novas materias; pero a necesidade de novo persoal académico está aínda lonxana.

### 2.3.7. Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación

A EPSE conta para o apoio en diferentes funcións de xestión e administración con 16 persoas propias. O centro é moi complexo a nivel docente e investigador, con numerosos títulos de grao e máster adscritos polo que a dedicación deste persoal é sempre parcial.

Dese persoal, ten especial relevancia o que se encarga da finca de prácticas incluíndo os invernadoiros de docencia e que presta a apoio ás prácticas de campo, moi específicas deste título. Ten tamén moita relevancia o posto de técnico informático que depende da Área TIC da USC pero está localizado no centro, xa que se encarga do mantemento das aulas de informática e do equipo informático das aulas de docencia, tanto a nivel so hardware como de software. O persoal de conserxería sempre é importante, entre outras cousas, como punto de contacto e orientación do alumnado.

### 2.3.8. Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia

A USC oferta regularmente cursos de formación especificamente destinados ao PAS, incluíndo posibilidade de formación en idiomas que aporta o Centro de Linguas Modernas. Ademais se conceden axudas para a formación externa. Dos ofertados pola USC a temática se agrupa por áreas, sendo a máis ampla a de Formación Operativa, que se distribúe por temas como biblioteca, informática, lexislación, nova tecnoloxías, economía, idiomas... Un 50% do PAS fixo algún tipo de formación durante o curso 2019-20.

En xeral son cursos de contido xeral, que poden ser de interese ou utilidade para un sector amplo do persoal da USC, polo que ás veces non será fácil atender a intereses ou necesidades moi específicas. Sen embargo, hai un sistema para detectar necesidades de formación no PAS e propor novos cursos en base ao seu interese para facilitar un cambio ou o desenvolvemento dun novo proxecto na Unidade/Servizo/Oficina ou ben para evitar problemas diarios (actuais ou potenciais) que xorden durante a actividade laboral: rutinas, coñecementos insuficientes, problemas de comunicación, etc. que afectan á calidade do servizo.

En relación a este plan de formación a nivel de toda a USC o persoal puntuou a súa satisfacción cun 7.75 sobre 10, e recomendaría o curso no 86.97% dos casos. No apartado de organización o que mellor se valora é o axeitado nº de alumnos para a aprendizaxe e o horario; o que menos as aulas e as instalacións. Os contidos de formación se valoran na media de 7.74, e a percepción da aprendizaxe valorouse nun 7.64%.

Na enquisa feita especificamente ao persoal da EPSE sobre a satisfacción co seu traballo no curso 20-21, valoraron cun 3.84 sobre 5 a pregunta sobre si a formación recibida era axeitada para o desempeño do seu traballo.

### 2.3.9. Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo

Na enquisa feita ao persoal da EPSE sobre a satisfacción co seu traballo no curso 20-21, o nivel de satisfacción global se puntuou e 3.84 sobre 5. Con respecto ao seu posto de traballo valoran en 4.26 a percepción de que a formación é importante para o traballo e en 4.25 a accesibilidade do posto de traballo. Os recursos dispoñibles para o desempeño do traballo tamén están ben valorados con 4.01 sobre 5. O ítem menos valorado é a coordinación con otras universidades con 3.12 e o reparto de cargas de traballo axeitado con 3.55.

### 2.3.10. Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

Xa na memoria verificada se falaba de que o persoal de apoio co que se contaba podía ser suficiente pero que tamén podía ser necesario reforzalo ante as novas necesidades creadas pola implantación dos títulos. Actualmente se ve a necesidade clara de contar con persoal de apoio á docencia práctica en laboratorios e naves, do mesmo xeito que existe para o mantemento da finca de prácticas e o apoio ás prácticas que se realizan nela. Que a organización das prácticas e o mantemento e organización de laboratorios e naves quede únicamente en mans dos profesores deriva nun estado deficiente de orde, mantemento e limpeza dos espazos, útiles e máquinas que non é convinte para unha actividade docente eficiente. Isto se agrava cando ademáis en moitos casos son espazos compartidos por diferentes materias e profesores. Igual que para o mantemento dunha finca de prácticas e para a realización das prácticas de campo convén contar con persoal de apoio tamén é necesario para garantir a calidade docente doutro tipo de prácticas realizadas noutros espazos de docencia interactiva.
Contar con este persoal resulta necesario para mellorar a calidade da docencia práctica, pero tamén para mellorar a percepción que teñen os alumnos das infraestruturas e materiais dispoñibles para impartir a titulación, que en xeral é pobre, pois nas enquisas realizadas tanto a alumnos coma a egresados as valoran tan só en 2.88 sobre 5. Este persoal pode ser compartido con outros títulos da escola cos que se comparten espazos docentes. Respecto ao perfil deste persoal, quizá conviría contar con persoal específico para apoio en laboratorios e outro que se puidera encargar das naves e o mantemento de máquinas e equipos.

## 2.4 Grao en Robótica

O profesorado da titulación cumpre cos diferentes perfís precisos para a impartición da docencia no Grao en Robótica. Actualmente a docencia do grado está cuberta polas áreas de Ciencia de Computación e Intelixencia Artificial, Linguaxes e Sistemas Informáticos, Expresión gráfica na Enxeñaría, Estatística e Investigación Operativa, Física Aplicada, e Matemática Aplicada, enxeñaría Agroforestal, Produción Vexetal, Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría, Organización de Empresas, arquitectura e tecnoloxía de computadores.

A porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total foi de 85.71% no curso 2019-20, e 69.23% no 20-21. Esta redución débese o incremento da plantilla no curso 20/21 con algún profesor asociado non doutor pero con competencias moi axeitadas para a docencia que impartiu, sen embargo no curso actual 21-22 esa situación xa ten mudado.
O profesorado incorporado no grado ten unha importante experiencia docente e investigadora, así, inda que porcentaxe de persoal docente e investigador con sexenios sobre o PDI total (83.33% no curso 2019-20, 69.23% no 20-21), experimentou unha forte redución. Este é un artefacto debido a incorporación de novos profesores, que a pesar de ter unha importante traxectoria investigadora non puideron pedir o sexenio ata o ano 2022. Noutros casos trátase de profesores que neste momento están a crear investigación na escola e poderán pedir sexenios nun corto período de tempo.

A porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total é de 71,43% (curso 2019-20) e do 52.94% no curso 20-21. Esta redución é completamente natural se temos en conta a incorporación de novo profesorado doutor pero non funcionario. Sen embargo, a situación normal tamén é que este profesorado vai progresando e prospere a súa categoría docente.

Adicionalmente os investigadores da USC (PDI) que teñen docencia no grado, durante os últimos anos tense incorporado profesorado procedentes doutras institucións, universidades ou ámbitos, e que están apoiando moi significativamente o desenvolvemento no só da docencia senón tamén da investigación (que poida acoller os traballos de fin de grado, potencias estudantes de másteres, etc). Por poñer algúns exemplos, pódese citar a incorporación dun investigador de prestixio procedente da Escola de Enxeñeiros SIGMA Clermont en Francia, incorporado a través do programa Beatriz Galindo, sendo este un programa altamente competitivo, na modalidade de investigador distinguido senior. Tamén se incorporaron profesores procedentes doutras universidades españolas e estranxeiras cunha importante traxectoria investigadora en robótica. Hai profesores con elevados coñecementos de electrónica, hardware, e automática, e que teñen experiencia importante en temas de valorización, emprendemento, ou cunha traxectoria no eido da empresa. Todos eles están apoiando de forma moi importante non só na docencia, senón tamén na toma de decisións, montaxe de laboratorios e creación de investigación, entre outros aspectos.

Así pois, inda que a evolución temporal (cursos 19/20, 20/21) os indicadores diminuíron, a situación non é preocupante

senón natural e consecuencia da nova incorporación de profesorado, cuxas condicións irán cambiando de forma natural, polo que é de esperar que os indicadores evolucionarán de forma favorable. Por este motivo non parece necesaria ningún tipo de acción de mellora especialmente dirixida a mellorar estes indicadores.

Na enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (sobre 5 puntos), a evolución é positiva (3.90 no curso 19/20 e 4.12 no curso 20/21).
Na enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación, a valoración global é alta e a súa evolución temporal estable. Esta valoración foi de 4.39 puntos sobre un máximo de 5 no curso 19/20, se ben a participación en relativamente baixa (un 25%). Mentres que no 20/21 foi de 4.35 puntos, cunha participación maior. 47.62%. Nesta enquisa o profesorado valora ben a infraestrutura, a puntuación dada as aulas e o seu equipamento foi de 4.75 no curso 19/20 e de 4.40 no curso 20/21. Algo semellante sucede coa valoración do campus virtual para facilitar a labor docente (4.74 puntos no curso 19/20 e 4.5 puntos no 20/21). Os recursos educativos dispoñibles tamén foron valorados con 4.75 puntos no curso 19/20 e 4.40 no 20/21.

Todavía será necesaria a incorporación de novo profesorado para cubrir as necesidades docentes do últimos anos do grado. Tamén se espera a previsible incorporación nun corto período de tempo dun técnico de apoio que axude nas tarefas de mantemento e equipación dos laboratorios.

## 2.5 Máster Universitario de Montes

O 89,19% do PDI con docencia no Máster Universitario en Enxeñaría de Montes contaba con sexenios no curso 2020-2021, aumentando lixeiramente este indicador (un 2,7%) respecto ao curso anterior. O número de doutores sobre o PDI total do máster supón un 97,44%, manténdose preto do 100%, igual co ano anterior. Con respecto aos funcionarios, estes supoñen un 74,36% do total dos docentes, téndose incrementado nun 2,57% con respecto do curso previo. Estes tres indicadores confirman a consolidada experiencia docente e investigadora dos profesores da titulación así como a súa elevada estabilidade.
A media de alumnos por grupo de docencia interactiva foi de 6,47, mentres ca media de alumnos matriculados en materias (FB e OB) por grupo de teoría (expositivas) sitúase en 9,61. Estes datos están moi por debaixo do número máximo de alumnos por grupo, o que permite un ensino moi personalizado e de calidade.
A puntuación da satisfacción do profesorado coa docencia impartida sitúase nun 4,17, valor bastante aceptable nunha escala de 1 a 5.

## 2.6 Máster Universitario en Enxeñaría Agronómica

### 2.5.1. Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación

A revisión de EURACE detectou que non existe unha correspondencia entre os Programas das materias e a Memoria Verificada polo que se estableceu unha Acción de Mellora para corrixilas seguindo as recomendacións da Subdirección de Calidade.
Esta Acción de Mellora levouse a cabo con éxito e corrixíronse tódalas guías docentes.

### 2.5.2. Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster

O persoal do MEA presenta unha cualificación académica adecuada para a impartición do título, cun total de 32 profesores implicados no curso 2017/18, con 2 Catedráticos de Universidade, 14 Profesores de Universidade, 1 Profesor de Escola Universitaria (con nivel MECES 3 acreditado por estar en posesión de Máster), 7 Profesores Contratados Doutores, 6 Profesores Asociados e 2 Profesores Axudantes. Un total de 24 profesores son doutores.

A experiencia e calidade docente e investigadora xustifícase polas súas CVs e polos datos achegados pola área de Calidade da USC (ver táboa seguinte) onde se compara os valores medios da USC de cada ítem e o valor alcanzado na titulación.

No cursos 2019-2020, a porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios (IN24) foi do 78%, a porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total foi do 93,1 % (IN25), e a Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total (IN26) ascendeu a un 61,2%.

Recursos humanos

| Indicador | 2015-2016 | 2016-2017 | 2017-2018 | 2018-2019 | 2019-2020 |
|---|---|---|---|---|---|
| IN24 Porcentaje de Personal Docente e Investigador (PDI) con sexenios | 71,19 | 78,79 | 83,33 | 78,57 | 77,78 |
| IN25 Porcentaje de PDI doctor sobre el PDI total | 100,0 | 96,97 | 88,46 | 93,55 | 93,1 |
| IN26 Porcentaje de PDI funcionario sobre el PDI total | 74,19 | 72,73 | 65,38 | 61,29 | 62,07 |

### 2.5.3. Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo

As enquisas de satisfacción dos recursos materiais e servizos do centro son valorados moi positivamente por parte do profesorado como se indica na seguinte táboa:

**Recursos materiais e servizos:**

| | Valoración titulación 16/17 | Valoración másteres USC 16/17 | Valoración titulación 17/18 | Valoración másteres USC 17/18 |
|---|---|---|---|---|
| **As aulas e o seu equipamento** | 4,33 | 3,98 | 4,18 | 4,05 |
| **Os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento** | 3,83 | 3,82 | 4,00 | 3,89 |
| **Os espazos destinados ao traballo autónomo do alumnado (salas de estudos, aulas de informática,...)** | 4,50 | 3,91 | 4,08 | 4,00 |
| **A dispoñibilidade de fondos bibliográficos recomendados na titulación** | 4,50 | 4,17 | 4,50 | 4,26 |
| **As plataformas de docencia virtual e ferramentas multimedia** | 4,42 | 4,20 | 4,67 | 4,20 |

### 2.5.4 Formación do profesorado e mobilidade

*Na avaliación de EURACE: "Se recomienda la realización de un control más exhaustivo del personal académico que atiende a cursos de actualización, para comprobar que no son siempre los mismos profesores los que asisten a todos ellos."*

*"En canto á formación e actualización pedagóxica do persoal académico, o Centro, na súa Acción de Mellora AM-11 do ano 2016, expúxose a necesidade de formación específica sobre a avaliación por competencias, presentando un curso específico denominado "Como realizar unha avaliación orientada á aprendizaxe?". Doutra banda, os profesores teñen a posibilidade de seguir cursos de actualización en "O Programa de Formación e Innovación Docente" da USC, o cal ten como finalidade principal a adquisición e mellora das competencias docentes, investigadoras e de xestión necesarias para o*

*exercicio profesional na universidade. As principais materias integradas relaciónanse con: os Tics, as estratexias de ensino-aprendizaxe, a avaliación, tutoría e orientación, e o desenvolvemento persoal, de investigación, xestión e linguas. No informe de autoevaluación cítase que a participación se considera adecuada, dando cifras, no curso 2013/14, do 34,85%, no 2014/15, do 31,25%, e no 2015/16, do 31,75%. No entanto, existe marxe de mellora ao realizar un control máis exhaustivo da participación para asegurarse que todo o persoal interésase por este tipo de formación."*

**Nas Alegacións:**

A recomendación que se establece no informe provisional fala de modo xenérico de cursos de actualización aos que pode asistir o persoal académico, aínda que nos primeiros apartados do informe parece referirse unicamente aos cursos propios do Programa de Formación e Innovación Docente (PFID) da USC sobre os que se achegaron os datos recolleitos nos indicadores proporcionados habitualmente pola área de Calidade e Mellora dos Procedementos.
É de destacar que os profesores se poden formar e actualizar tamén mediante cursos ou actividades externas á USC, como a asistencia a congresos de innovación docente, xornadas, etc. e que non sería sinxelo obter eses datos con fiabilidade. Poderíase dispor dos datos actualizados cando o profesor pertence a un grupo de Innovación Docente xa que se comunican anualmente nas memorias de actividades do grupo, pero non se contempla o procesado automático desta información.
Centrándose unicamente nos cursos propios do PFID da USC, este servizo da USC proporciona á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos información desagregada por títulos sobre os profesores que chegan a matricularse nos cursos ofertados e a súa cualificación. A partir desa información, o ACMP elabora os indicadores que se recollen no autoinforme e as memorias de calidade do centro.
Non se contempla inicialmente a obtención dun indicador que mida ou controle si un número reducido de profesores realizan moitos cursos e/ou en diferentes cursos académicos son sempre os mesmos os que mostran interese neste aspecto.
Cabe destacar que o informe comentado no autoinforme, esixido pola ACSUG denomínase "I6. Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas" e nel calcúlase a porcentaxe de PDI que realiza algún curso de actualización durante o curso analizado, sen considerar a posibilidade de que un mesmo profesor faga varios cursos no mesmo período.
A partir dos datos proporcionados polo ACMP correspondentes ao período do catro cursos académicos do 2014-15 ao 2017-18 pódese obter que unha porcentaxe significativa dos profesores acode a cursos de formación (na contorna do ≈60%) no período de 4 anos analizado. O feito de que esta porcentaxe sexa superior ao establecido no indicador comentado anteriormente xa pon de manifesto que dun curso a outro se produce unha variación significativa nos profesores que acoden a cursos de formación.
Si defínese un novo indicador que represente a repetitividade na realización de cursos, proponse obter o cociente de profesores que fan máis de seis cursos no período analizado en diferentes anos, obtéñense os resultados da táboa seguinte, que pon de manifesto que unha porcentaxe alta dos profesores con docencia no título manifestan o seu interese en actividades de formación e actualización, polo que non sería imprescindible manter un control moito máis exhaustivo sobre este aspecto, aínda que se debe insistir en fomentar a asistencia e participación nestes cursos a todo o profesorado do Máster en Enxeñaría Agronómica.
A mobilidade do profesorado está relacionada pola súa actividade investigadora e a participación en programas como IACOBUS e ERASMUS.

### 2.5.5 Actividade investigadora

- O persoal académico que participa no Máster é adecuado e suficiente para a súa impartición (en boa parte doutores, estables, con experiencia e con sexenios recoñecidos).
Os 32 profesores do MEA no curso 2017/18 achegaron 39 sexenios de investigación e 97 quinquenios de docencia.

### 2.5.6 Detección de necesidades de persoal académico

A dificultade da impartición de materias por parte dos departamentos da USC relacionadas ca produción leiteira levaba á necesidade de profesorado de Área Externa.
A partir do curso 2021-2022 esta dificultade superouse pola incorporación dun profesor do Departamento de Anatomía e Produción Animal da Facultade de Veterinaria.

## 2.7 Máster Universitario en Dirección de Proxectos

### 2.6.1Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación

No curso 21-21 participaron na docencia do máster ata 12 profesores, de 5 áreas de coñecemento diferentes. A variedade de áreas de coñecemento permite a adecuación do perfil dos profesores ás materias a impartir.
As necesidades docentes están ben cubertas, manténdose dun xeito similar a cando se aprobou a memoria do título. O número de alumnos do máster sitúase en torno a 18, polo que se considera suficiente para acadar a aprendixe das competencias a adquirir no título.

### 2.6.2. Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster

O persoal do MDP presenta unha cualificación académica adecuada para a impartición do título, contando con 2 Catedráticos de Universidade, 5 Profesores Titulares de Universidade, 1 Profesor de Escola Universitaria (con nivel MECES 3 acreditado por estar en posesión de Máster), 2 Profesores Contratados Doutores, 1 Profesores Asociados e varios docentes.

### 2.6.3. Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo
Non existen datos nos últimos anos sobre a satisfacción cos servizos, pero a ausencia de queixas fai pensar que os servizos son axeitados.

### 2.6.4. Formación do profesorado e mobilidade
O profesorado do máster con adicación exclusiva á universidade, asiste regularmente a cursos de formación, dentro do programa de formación e innovación docente da USC.

### 2.6.4 Actividade investigadora

- O persoal académico que participa no Máster é adecuado e suficiente para a súa impartición (en boa parte doutores, estables, con experiencia e con sexenios recoñecidos).
Tódolos docentes con adicación completa á docencia, teñen sexenios "vivos" recoñecidos.

### 2.6.5 Detección de necesidades de persoal académico

A dificultade da impartición de materias por parte dos departamentos da USC relacionadas ca produción leiteira leva á necesidade de profesorado de Área Externa. A financiación deste profesorado é un reto ao que ten que enfrontarse ano tras ano a comisión académica do máster.

## 2.8 Máster Universitario en Planificación e Xestión Territorial

### 2.7.1 Persoal académico
A actual páxina web da USC permite «reconstruír» o persoal académico con docencia no MPXT no curso 2020-21, considerando materia por materia (https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/ciencias-sociais-xuridicas/master-universitario-planificacion-xestion-territorial). Logo de facer ese exercicio, resultou a seguinte agregación, tendo en conta a situación en 2020 (que é distinta á de abril de 2022), naqueles casos nos que se coñece que se produciu variación de figura contractual/funcionarial do PDI:
- Catedrático/a: 1
- Profesor/a titular: 8
- Profesor/a contratado/a doutor/a: 5

- Profesor/a axudante doutor/a: 2
- Profesor/a interino/a de substitución: 1
- Investigador/a postdoutoral: 1
- Profesor/a colaborador/a: 2

En total, 20 PDI. Os indicadores que figuran na AASX para o MPXT (contabiliza 19 profesores/as en IN25M e IN26M) en relación con este profesorado son os seguintes:

| Código | Indicador | Data | Valor |
|---|---|---|---|
| IN24M | Porcentaxe de PDI con sexenios | 15/12/2021 | 72% |
| IN25M | Porcentaxe de PDI doutor | 15/12/2021 | 89% |
| IN26M | Porcentaxe de PDI funcionario | 15/12/2021 | 47% |

O comentario destes indicadores resulta rechamante. A USC adía a consolidación e promoción do profesorado implicado na docencia do MPXT e, ao mesmo tempo, e ironicamente, fai presentar na memoria «de calidade» do MPXT os datos dese mesmo profesorado para avaliar a porcentaxe que é funcionari@ ou ten sexenios. Así, hai constancia de cando menos 7 profesores/as do MPXT que están acreditad@s para figuras superiores ás que ocupaban no curso 2020-21 e as súas prazas en procesos de promoción están a verse adiadas en oito, nove ou dez anos. Isto non é un dato secundario, pois implica que daquela máis dunha terceira parte do profesorado do MPXT: a) non pode solicitar sexenios, non porque non estea acreditado para figuras (PCD ou titular de Universidade) que permitan solicitalos, senón porque a USC non leva a cabo os procesos de promoción ao respecto, o que redunda, á postre, na «calidade» do MPXT; e/ou b) o mesmo acontece en relación co PDI funcionario, que non chega ao 50% do colectivo docente porque a USC non promove aos/ás docentes que están no MPXT acreditad@s para prazas de funcionario (cando menos 3).

A AASX non ofrece datos para o MPXT no curso 2020-21 relativos á ratio profesorado/alumnado, nin tampouco á mobilidade do profesorado, co cal non poden ser comentados.

A AASX non ofrece cifras do número absoluto de sexenios obtidos polo PDI implicado no mestrado, alén do indicador IN24M, xa nomeado máis arriba.

Cualitativamente, pódese afirmar que o profesorado con docencia no MPXT investiga normalmente sobre a docencia sobre a que imparte as aulas, tal e como se pode inferir do exame dos seus CV dispoñíbeis no portal da investigación da USC (https://investigacion.usc.gal/).

### 2.7.2. Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo

Tal e como xa se referiu no punto 3.10 (directriz 3), a satisfacción do alumnado é superior á do profesorado (indicadores IN46M e IN47M). Porén, a satisfacción do profesorado coa docencia do mestrado é dun 7,69, isto é, notábel. Non se conta co detalle desta satisfacción, co cal non se pode avaliar a que responde esta puntuación.

### 2.7.3. Formación do profesorado e mobilidade

Tal e como se subliñou no punto 3.3 (directriz 3), resulta complexo introducir medidas de mobilidade nun mestrado deseñado para un só curso académico. En todo caso, a AASX non ofrece ningún indicador neste senso. De xeito cualitativo, podemos indicar que algún/algunha profesor/a con obrigas docentes no MPXT participou en mobilidades no curso 2020-21.

En relación coa formación do profesorado, indicouse no punto 3.4 (directriz 3) que o profesorado participa normalmente nas actividades do PFID da USC. Alén do PFID, o profesorado pode formarse en cursos alleos á USC. Porén, a AASX non ofrece ningún indicador de calidade nin para a participación do profesorado do MPXT no PFID nin, aínda menos, para a participación dese profesorado en actividades de formación/reciclaxe alleas á USC. De xeito cualitativo, podemos indicar que unha porcentaxe significativa do profesorado abranguido participou en actividades deste tipo.

### 2.7.4. Detección de necesidades de persoal académico

Os departamentos da USC con docencia no MPXT satisfán as necesidades docentes relacionadas coas temáticas cubertas polo propio MPXT.

Porén, cómpre subliñar que, para o correcto desenvolvemento do traballo do profesorado, sería moi axeitado que a USC permitise sempre a súa consolidación profesional (en particular, mecanismos de promoción interna aos niveis para os que están acreditad@s).

Non contamos con indicadores de persoal académico xestionados pola AASX. Porén, a idade media do profesorado é probabelmente media-alta, nomeadamente no curso 2020-21 (no curso 2021-22 esa media puido baixar algo). Haberá que ter en conta que o reemprazo do profesorado no curto-medio prazo por xubilación implicará que novo profesorado teña que asumir as materias existentes.

### 2.7.5. Persoal de apoio

Constátase unha dificultade en xestionar a actividade burocrático-administrativa ordinaria do mestrado debido á división entre dous campus/centros, o cal, como xa se foi insistindo no informe relativo ás directrices 2 e 3, complexiza en certo xeito os trámites, tanto cando afectan a organización docente como a xestión do alumnado. De forma normal, e dentro da división de tarefas existentes no persoal administrativo da FXH, a Secretaria administrativa do Departamento de Xeografía asume a xestión ordinaria do MPXT: carga de horarios en Xescampus, xestión de TFM (oficios, Secretaría virtual, etc.), consultas administrativas diversas, etc. Isto é así dado que a maior parte do alumnado está no campus de Compostela. Así, por exemplo, aínda non se tivo que xestionar ningún TFM no campus lugués (nin no curso 2020-21 nin no que levamos de curso 2021-22).

Durante o curso 2021-22 as actividades docentes no campus compostelán desenvolvéronse no IDEGA. O persoal administrativo do IDEGA foi especialmente colaborador e dilixente ao longo do curso, por exemplo, facilitando o acceso (a través da activación das TUI do profesorado e de determinado alumnado). Contouse coa cooperación da Oficina de Riscos a comezos de curso para avaliar a idoneidade da aula en relación coas medidas existentes en materia de xestión da pandemia da covid-19.

Finalmente, poderíase contar con persoal de apoio na xestión dun laboratorio de SIX, moi relevante na impartición deste MPXT.

**Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos**

**Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.**

Aspectos a contemplar:

2. Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:

2.6. Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.

2.7. Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.

2.8. Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencias e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.

2.9. Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.

3. Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento…) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.

4. Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado…) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.

5. Os programas de acollida e apoio ao alumnado oriéntano no funcionamento da institución.

6. No caso de que os títulos contemplen a realización de prácticas externas, as instalación onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

7. Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Igual que na sección anterior, analizaremos os indicadores requiridos nesta directriz a nivel de centro e tamén de titulación, sempre e cando queiran poñer de manifesto especificidades concretas que os afecten.

## 1.- Análise a nivel Centro

- **Actuacións máis relevantes**

Na EPS de Enxeñaría a docencia de aula desenvólvese diariamente en todos os títulos que se imparten na Escola, mediante ordenador, proxector e cámara multimedia (preparadas para a docencia on-line por mor da COVID). Por outra banda e derivado da natureza das titulacións que se imparten (campo da enxeñaría), toda a docencia interactiva require dunha serie de equipamento e infraestruturas de laboratorio, que precisa dun mantemento específico para a súa conservación e debe ser renovado cando a súa reparación resulta imposible ou non rendible. Tamén debemos destacar que unha gran parte da docencia interactiva lévase a cabo nas aulas informáticas, con software específico a cada disciplina (sistemas GIS, software de xestión de proxectos, CAD, etc.) ou simuladores. Pero este software necesita de equipos informáticos axeitados, polo que periodicamente deben actualizarse e nalgúns casos renovarse. A pesar da delicada situación económica que atravesamos impediu que nos últimos anos puidera renovarse gran parte destes recursos materiais. Non obstante, o Centro dedicou os escasos recursos, que xunto coa dotación especial para o novo grado de Robótica, se levaron a cabo as seguintes accións de mellora que consistiron en:

1. Equipamento para o laboratorio de Automatización,

2. Dotación de equipamento dos laboratorio de instrumentación,
3. Equipamento para o laboratorio de Proxectos Integrados II do grao de Robótica,
4. Nova aula de informatica con 30 postos (aula 5 de informática)
5. Renovación de material de proxección,
6. Reorganizacións e melloras de locais:
    - Dotación de enchufes nas naves, seminarios docentes e aulas
    - Eliminación de goteiras e humidades,
    - reparación de tellados, cornixas, filtracións de auga e repintado de estancias.

Seguir insistindo que un dos maiores problemas de infraestruturas do centro é a climatización tanto nas aulas como, en menos medida, nos despachos dos profesores. Este punto concentra a maioría das queixas. É un problema irresoluble para o centro porque non ten fondos para abordar a renovación dos equipamentos necesarios para un centro tan distribuído no espazo (4 edificios de aularios, 2 edificios de pavillón de despachos de profesores e laboratorios, un pavillón central de xestión, e un edificio de naves e despachos) sen unha dotación especial por parte da USC.

En canto a xestión de recursos materiais bibliográficos, no proceso de revisión de guías docentes, ponse énfase que toda a bibliografía básica recomendada foran fondos existentes na biblioteca Intercentros. O Centro, a través da comisión de Biblioteca, canaliza a compra de novos libros/aumento de exemplares para garantir este punto.

En canto aos servizos de atención aos estudantes, o persoal de apoio co que conta o Centro é suficiente para desenvolver satisfactoriamente as necesidades. Non obstante, seguimos precisando de ferramentas informáticas de xestión e unha falta de servizos na web que permitan axilizar os procedementos burocráticos.

Respecto ás prácticas externas, a Subdirección de Prácticas Externas e Orientación Laboral segue traballando para aumentar e diversificar a bolsa de prácticas e incrementar a porcentaxe de alumnos que realicen esta formación. Nas enquisas internas do centro, os alumnos fan unha alta valoración das prácticas realizadas.

Respecto a acollida dos alumnos, o centro dispón dun protocolo de acollida e orientación do novo alumnado. Na primeira semana de curso organízase unha xornada de benvida para alumnado de primeiro curso á que tamén se invita ao alumnado de intercambio que chega no primeiro semestre. Celébrase no Salón de Actos, situado no Pavillón III (Ampliación) da EPS de Enxeñaría (EPSE). O centro, tamén conta cun programa de alumnos titores para orientar e axudar ao novo alumnado da EPSE.

Os servizos de orientación académica, os coordinadores de título, teñen reunións orientativas para expoñer as saídas profesionais das distintas mencións/especialidades de grao/máster.

Para os estudantes de primeiro curso, se reserva nos horarios, unha xornadas sobre o Sistema de Garantía do Centro (SGC). Nestas sesións se lles expoñen aos alumnos, e aos profesores da titulación, o funcionamento do sistema, como se pode participar (representación nos órganos colexiados, enquisas, presentar queixas ou suxerencias, etc.) e tamén se presentan todos os indicadores de interese da titulación (taxas de éxito, rendemento, etc.). Nestas ocasión téntase fomentar a cultura de calidade do centro e aumentar o coñecemento de SGC entre os distintos colectivos do centro. Adicionalmente, todos os anos o Centro reserva tres días nos horarios, para os alumnos de 4º, nos que se celebran as xornadas de orientación e inserción laboral (validan 1 crédito ECTS aos alumnos asistente que aproveiten a actividade).

## 2. Análises a nivel Títulos

### 2.1. Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural

#### 2.1.1. Recursos materiais

A xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos non son competencia directa dos títulos, polo que a análise correspondería ó centro e incluso ó Campus e/ou á Universidade, xa que a maioría dos servizos son xerais: campus

virtual, ATIC, biblioteca...
Os recursos materiais dispoñibles no Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural mantéñense nos niveis establecidos na memoria de verificación, polo que son suficientes. Na titulación, a docencia na aula desenvólvese habitualmente co apoio de ordenador e proxector. Por outra banda, e derivado da natureza da titulación (campo da enxeñaría), a docencia interactiva require equipamento e infraestruturas de laboratorio, que precisan dun mantemento específico para a súa conservación e que deben ser renovados cando a súa reparación resulta imposible ou non rendible.
Tamén se debe destacar que parte da docencia interactiva lévase a cabo nas aulas de informática, con aplicacións informáticas específicas para cada disciplina (sistemas GIS, Matlab, programas de xestión de proxectos, CAD, etc.) ou simuladores. Estes programas necesitan de equipos informáticos axeitados, polo que periodicamente deben actualizarse e nalgúns casos renovarse.
Ademais, a compoñente práctica da titulación esixe a realización de prácticas de campo e visitas técnicas, que representan un custo adicional en concepto de transporte principalmente.
A delicada situación económica que atravesa a USC impediu que nos últimos anos puidera renovarse gran parte dos recursos informáticos e de laboratorio sinalados. Non obstante, o centro dedicou os escasos recursos cos que conta a manter os equipamentos comúns á maioría dos títulos. Así mesmo, coa dotación orzamentaria da EPSE se fixo fronte o custo dos viaxes de prácticas e visitas técnicas que só coa asignación da USC non era posible asumir.
Con respecto á aplicación das normativas de accesibilidade universal, seguridade, saúde e ambiente, a EPSE revisou o Plan de Autoprotección a finais de 2018 e realizouse a última avaliación de riscos por parte da empresa concesionaria. Ademais realizáronse simulacros do plan de emerxencias.
En canto ao tema da saúde e seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe no centro, o impacto da pandemia da COVID-19 nos dous últimos cursos deu lugar a importantes cambios, reflectidos nos documentos elaborados ó efecto pola USC (https://www.usc.gal/gl/usc/covid19) e mesmo nun protocolo propio dá EPSE.
En canto a xestión de recursos materiais bibliográficos, no proceso de revisión de guías docentes para o curso 2020/2021 tívose en conta que toda a bibliografía básica recomendada foran fondos existentes na Biblioteca Intercentros, que ademais realizou unha comprobación desta exixencia. O centro, a través da comisión de Biblioteca, canaliza a compra de novos libros e o aumento de exemplares para garantir este punto. A dotación orzamentaria foi aquí suficiente.

### 2.1.2. Servizos

En xeral os servizos de xestión académica son alleos ao título, sendo competencia da USC, aínda que estes compleméntanse a nivel de centro e de título coa realización de xornadas de benvida, a existencia de coordinadores de curso dentro das titulacións, a impartición de charlas informativas específicas do título, e a existencia dunha caixa de correo de suxerencias, entre outros servizos. Algúns destes servizos sufriron modificacións os pasados cursos por motivo das restricións excepcionais derivadas da pandemia.
En canto aos servizos de atención aos estudantes, o persoal de apoio co que conta o centro é suficiente para desenvolver satisfactoriamente as necesidades.
Respecto ás prácticas externas, tanto os datos sobre a satisfacción do alumnado como os dos titores profesionais no curso 2020-21 alcanzaron o máximo valor (5 sobre 5). A pesar diso, a Subdirección de Prácticas Externas e Orientación Laboral segue traballando para aumentar e diversificar as bolsas de prácticas e incrementar a porcentaxe de alumnos que realizan esta formación. Cómpre fixar como obxectivo garantir que os estudantes realicen nas súas prácticas externas actividades formativas propias de titulación, retribuídas e en condicións de seguridade e saúde laboral axeitadas.
O nivel de satisfacción dos egresados cos servizos dispoñibles mantense estable dende fai varios cursos, en torno o 3,7 (nunha escala de 1 a 5, e sen datos dos dous últimos cursos).
Durante o curso 2020-2021, a satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade foi elevada (4,2) para o conxunto do Centro, e foi algo maior (4,5) entre os estudantes saíntes no caso do Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural.

## 2.2. Grao en Enxeñaría Civil

### Recursos materiais

Os recursos materiais dispoñibles na Titulación mantéñense nos niveis establecidos na memoria de verificación, polo que son suficientes, aínda que sería preciso actualizar os mesmos como consecuencia da incorporación de novas actividades docentes nos laboratorios (Actividades ligadas o Selo EURACE).

O centro recibiu o informe do Estudo de accesibilidade universal dende a área de infraestruturas, polo que existe un coñecemento completo dos pequenos problemas que foi preciso resolver mediante pequenas reparacións, así como con melloras na sinalización. Cabe mencionar que en aspectos vencellados a Seguridade e saúde, o plan de melloras derivado da acreditación EURACE, levouse a cabo nos seguintes aspectos:

- mellora na sinalización
- identificación dos equipos
- plan de adecuación dos medios materiais
- formación do profesorado
- incorporación na docencia de información sobre normas de seguridade nos laboratorios, control de accesos aos laboratorios de prácticas, etc,

A xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos non son competencia directo do título polo que a análise corresponderia o centro e incluso a nivel do Campus e/ou da Universidade xa que a maioría dos servizos son xerais: campus virtual, TIC, biblioteca... Neste apartado cabe mencionar o incremento das necesidades de Persoal de Apoio específico para o mantemento dos Laboratorio, Software específico da titulación, tal e como se sinalou na Directriz previa.

Para manter a titulación nos máis altos niveis de calidade é preciso adquirir novos recursos que manteñan a mesma nas primeiras posicións dos Rankings, polo que pode xurdir a necesidade de novos equipos ou renovación dos mesmos nos laboratorios e aulas.

### Servizos

En xeral os Servizos son alleos ao título, sendo un servizo xeral da USC, aínda que este compleméntase a nivel de centro e de título, coa realización de xornadas de benvida, coa existencia de coordinadores de curso dentro das titulacións, a impartición de charlas informativas específicas do título, e coa existencia dun buzón de suxerencias, entre outros servizos.

Os Servizos de Xestión Académica están vencellados a USC e o Centro, e polo tanto son axeitados. Cabe destacar aqueles aspectos que son contemplados na Comisión de Coordinación do Título, a cal conta coa participación dos representantes dos alumnos, relativos as validacións entre outros aspectos, nas que a Comisión colabora activamente cos futuros alumnos da titulación tanto a nivel nacional como internacional.

Ademais das xornadas de benvida e a axuda da ORE cos estudantes de mobilidade, existe un programa de alumnos titores, así como a figura do Coordinador de Curso.

As prácticas externas que se realizaron no curso 2019/20 en grupos de investigación, os cales empregan laboratorios e/ou aulas da USC que cumpren toda a normativa ou en empresas alleas que teñen convenio coa USC as cales compren coa lexislación nacional e autonómica vixente. Destacar que a valoración por parte do alumnado foi moi elevada e que non se teñen recibido queixas.

En termos xerais o alumnado da titulación valora axeitadamente os recursos materiais e os servizos dispoñibles, ainda que destaca a necesidade incrementar os mesmos no sentido reflexado con anterioridade.

## 2.3. Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria

### 2.3.1. Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso

A Escola Politécnica Superior é un centro complexo onde de desenvolve a docencia de varios graos e varios másters, ademais da actividade investigadora, polo que hai unha gran variedade de espazos que na súa grande maioría son de uso compartido entre todas esas actividades. Actualmente o título ocupa regularmente 6 aulas para a docencia expositiva máis outras aulas ou seminarios máis pequenos para a docencia de seminario. Na escola hai aulas de informática utilizables para prácticas co software necesario para as prácticas de diferentes materias e que se utilizan regularmente. Tamén están dispoñibles numerosos laboratorios e naves de prácticas, algunhas das cales son de uso maioritario ou case exclusivo por esta titulación. Ademais para as prácticas de campo se dispón dunha finca de práctica con invernadoiro e ademais outros campos de prácticas e outro invernadoiro na valgada, atendidos por 3 persoas.

### 2.3.2. Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe

A EPSE é un centro de construción relativamente recente polo que xa foi tida en conta a necesidade de dotala de accesibilidade universal. Pola súa parte o Servizo de Prevención de Riscos da USC se encarga por velar pola seguridade de todas actividades levadas a cabo no centro e propoñer vías e mellora. Existen armarios para a almacenaxe de produtos químicos nos pavillóns onde se levan a cabo prácticas que os usan, complementando o almacenamento xa existente nunha instalación externa para mellorar a súa dispoñibilidade.

### 2.3.3. Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencias e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.

En función das súas dispoñibilidades orzamentarias a dirección do centro está continuamente realizar actuacións para o mantemento, mellora e actualización dos locais outros recursos materiais que benefician a todos as titulacións. Os cambios de necesidades dos títulos e a implantación de novas titulacións obriga a unha actualización continua e progresiva dos espazos ás necesidades máis aló do simple mantemento. Dende o cursos 18-19 vense dando prioridade á adecuación de espazos para a titulación de Robótica, pero mesmo algunhas das actuacións en laboratorios benefician a este e outros títulos ao seren espazos compartidos.
Os ordenadores, o software e todo o equipamento informático e TIC das aulas de informática, das aulas e de todo o centro é mantido pola Área TIC da USC, que ten un técnico localizado no centro para un servizo máis inmediato dado o tamaño do centro. A dirección do centro afronta a renovación progresiva dese material segundo vai quedando obsoleto e en función das dispoñibilidades orzamentarias.
O campus virtual na plataforma Moodle proporciona o entorno de apoio á docencia presencia e para a realización de actividades non presenciais. Todas as materias teñen por defecto unha aula virtual preparada para usar e tamén se crean por defecto aulas para a coordinación dos títulos e de cada un dos cursos. É xestionado polo CeTA (Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe), dependente da Vicerreitoría de Persoal Docente e Investigador da USC, que non só xestiona as aulas e os usuarios, senón que implementa ferramentas e da cursos de formación. O CAU (Centro de Atención a Usuarios ) vela polo seu correcto funcionamento atendendo as incidencias que xorden.
Aínda que o centro ten espazos para o traballo dos alumnos propiamente non ten biblioteca, senón que se sirve da Biblioteca Intercentros do Campus de Lugo, localizada moi preto e que oferta varias sas de lectura e de traballo en grupo, numerosos fondos bibliográficos con servizo de préstamo, e hemeroteca. Ademáis o persoal se encarga de revisar as bibliografías recomendadas polas materias e mercar os fondos necesarios, ademáis dos que poidan ser solicitados.

### 2.3.4. Detección de necesidades de novos recursos ou servizos

Dado o longo tempo que se ven impartindo no centro este título e os precedentes se teñen ido adquirindo e adaptando os recursos necesarios para a docencia. Por iso as necesidades de recursos están bastante ben cubertas e a atención se centra no mantemento e actualización dos mesmos. Iso non quita que no se vaian producindo novas necesidades, normalmente de menor entidade que se vaian priorizando para ser atendidas. Por outra parte o baixo número de alumnos fai que as principais aulas de docencia resulten en xeral excesivamente grandes e a súa disposición

fixa e inclinada non é a mellor para a as condicións actuais de docencia. Sen embargo a adaptación destes espazos é complicada.

### 2.3.5. Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento…) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas

A nivel de título e centro os alumnos están continuamente acompañados pola comisión de título, principalmente o coordinador de título e o coordinador do curso correspondente, pero tamén os representantes de alumnos e, para o tema específico do TFG o coordinador específico. Ademáis da dispoñibilidade para a atención individualizada, manteñen reunións cos alumnos e lles envían información de aspectos relevantes. Tamén o centro organiza reunións en aspectos de interese para varios títulos, como pode ser unha xornada de presentación das prácticas en empresa, a presentación dalgún programa de mobilidade como o Erasmus ou de programas de apoio ao emprendemento. No centro tamén hai un grupo de alumnos titores, que tras un período de formación poñen o seu coñecemento e experiencia a disposición do alumnado nun servizo de asesoramento individual.
A nivel máis xeral a USC ten varios servizos de orientación, o máis xenérico e amplo a Oficina de Información Universitaria que asesora a nivel de bolsas, aloxamento, transporte,... e todo tipo de xestións. No campus de Lugo hai un local no edificio da Biblioteca Intercentros para a atención presencial. Para temas máis concretos hai outros servizos que tamén teñen presenza física no campus de Lugo, como pode ser a Oficina de Relacións Exteriores para todo o relativo aos programas de mobilidade tanto entrante como saínte; ou a Área de Orientación Laboral e Emprego en todo o relativo á orientación profesional, a busca de emprego e o emprendemento, apoiada neste último aspecto pola Área de Valorización Transferencia e Emprendemento. En xeral a resposta destes servizos é boa, pero costa que os alumnos os coñezan e recorran a eles, polo que dende os centros e os títulos se trata de dalos a coñecer.

### 2.3.6. Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado…) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas

A UXA (Unidade de Xestión Académica) é onde se centralizan a maior parte das xestións administrativas do alumnado, dende a matrícula, a información e as certificacións relativas ao seu expediente e todo tipo de solicitudes no ámbito académico. A UXA resolve directamente os aspectos nos que ten capacidade e cando é necesario os traslada aos centros, os cales, á súa vez poden ter traslados ás comisións de título ou consultarlles. Cada vez máis trámites deixan de ser presenciais e pasan a facerse a través da secretaría virtual do alumnado.
En xeral a xestión académica é boa e hai un interese da UXA e dos centros en que sexan o máis áxiles posible, aínda que ás veces é difícil dado o número de pasos sucesivos que é necesario realizar cando os expedientes teñen que ser trasladados aos centros e ás comisións de título. O dinamismo que nos últimos anos teñen as titulacións universitarias en xeral e esta en particular, con implantación e extinción de títulos en cortos períodos, a mobilidade e outras circunstancias incrementaron os trámites administrativos e creou situacións máis complexas. Nalgúns destes casos se detecta unha certa inseguridade nos alumnos respecto da información que se lles da dende a UXA por recibir información non totalmente coincidente de distintas fontes.

### 2.3.7. Os programas de acollida e apoio ao alumnado oriéntano no funcionamento da institución

Especificamente para alumnos novos o centro fai unha xornada informativa de benvida, onde se da a coñecer o equipo directivo do centro, os coordinadores de título e 1º curso e o alumnado titor, así como as instalacións, os recursos e os mecanismos de participación. Ese acto se complementa ca publicación dunha guía para o alumnado que recolle por escrito esta e outra información.
A comisión de título completa este acto de benvida con distintas actividades ao longo do primeiro mes de curso para orientar ao alumnado na súa incorporación á universidade. No curso 20-21 entre estas actividades estivo a presentación do Centro de Linguas Modernas e a introdución á competencia en idiomas; a presentación dos programas de mobilidade a cargo da Oficina de Relacións Exteriores e xornadas de orientación laboral. Ademais a Biblioteca Intercentros organiza para eles unhas xornadas de presentación do servizo e instalacións e formación inicial no uso do catálogo.
O aproveitamento que os alumnos fan destas actividades é insuficiente, xa que a asistencia é bastante escasa.

### 2.3.8. No caso de que os títulos contemplen a realización de prácticas externas, as instalación onde se

**realizan son adecuadas para a adquisición das competencias**

As prácticas externas lévanse a cabo maioritariamente en empresas e só unha pequena parte en institucións ou na Administración. Por tanto o lugar de realización é equivalente ao entorno de traballo dos profesionais segundo o sector no que se localice. A realización das prácticas require o establecemento dun convenio previo entre a empresa ou institución e a USC, que implica un certo coñecemento da empresa. Cada alumno realiza as prácticas facendo un acordo individual no que se lle asigna un titor na empresa/institución e un titor académico da titulación, os cales se manteñen en contacto e fixan as condicións de realización, incluíndo os labores a realizar.

Finalizadas as prácticas o alumno presenta unha memoria e se fai a avaliación; pero ademais o centro lles pasa unhas enquisas sobre as condicións de realización das prácticas e o seu grao de satisfacción con diferentes aspectos. Deste xeito se vai tendo máis información sobre as condicións en que se realizan as prácticas en cada destino. As prácticas externas son aspectos da titulación ben valorados, sendo a corta duración o aspecto de menor satisfacción.

### 2.3.9. Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos

Nas enquisas realizadas ao alumnado mostran una satisfacción moderada respecto aos recursos materiais e servizos. Os recursos educativos dispoñibles axeitados valóranse con 2.38, aínda que sube nas satisfacción coas infraestructuras con 2.38. En canto aos trámites de matriculación, éstos valóranse con 3.63.

Respecto ao PDI a valoración media de estos aspectos increméntanse e 1-2 puntos. Así, os recursos educativos dispoñibles axeitados valóranse con 4.23, o estado do equipamento das aulas en 4.21, e a utilidade do campus virtual para a labor docente 4.56.

## 2.4. Grao en Robótica

O grao en robótica estase a implantar de forma incremental. Durante o curso 2019/20 executáronse as obras e adquisición de infraestrutura previstas no convenio asinado pola USC coa Secretaría Xeral de Universidades. Ao peche do exercicio orzamentario 2019, executouse e xustificouse a reforma e dotación da Aula 2 de Expresión Gráfica como Laboratorio de Robótica I, a unificación das Aulas de informática 4 e Aula 17, así como a dotación do laboratorio de Física I para a docencia do grado de robótica. A unificación das aulas 4 e 17 para xerar unha única aula de informática de maior tamaño, responde á necesidade de acomodar a un maior número de alumnos e equipos informáticos, ter unha zona diáfana para o despregamento dos robots, ou armarios no que poder almacenar pequeno equipamento electrónico/informático necesario para algunhas das prácticas. No ano 2020 acometeuse a dotación do laboratorio de robótica I, laboratorio de Física II e o laboratorio de instrumentación. Deste xeito incorporáronse robots que o alumnado pode empregar nas prácticas de diferentes materias: humanoide Pepper, 10 robots Turtlebot 2, robot Summit XL, Kits de robótica e de sensores, 5 brazos articulados Niryo, o can robótico A1 Explorer, equipos informáticos para o control dos robots, motores, etc. Tamén se adquiriu material para o laboratorio de instrumentación (impresora 3D, fresadora e cortadora láser, etc). Na decisión de dito equipamento participou profesorado do grado involucrado nas materias onde se empregará dito equipamento, e incluso se recorreu nalgún caso a asesoramento externo.

Con fin de poder responder a crecente demanda de grupos de prácticas debido as novas materias foi necesaria a creación dunha nova aula de informática para o curso 21/22, como resultado da fusión de dúas aulas máis pequenas. Crrear esta nova aula implicou acondicionamento dos espazos, adquisición de equipos informáticos, mobiliario, etc.

Finalmente, reforzouse o laboratorio de robótica coa adquisición dun brazo robótico colaborativo Omron TM5 para realización de prácticas na titulación de Robótica, e un brazo robótico UR3e. De feito grazas o convenio con Universal Robots e RobotPlus poderemos empregar tamén o programa RobotDK. Este programa permitirá ós alumnos do grado xerar e cargar programas no brazo UR3e e simular diferentes tarefas con eles (pintura, inspección, soldadura, mecanizado, etc.). Estes brazos serán indispensables na materia de robótica industrial, entre outras, ou no traballo de fin de grado. Dentro do contexto los laboratorios de robótica, tamén se adquiriu un manipulador móbil RB-KAIROS+ (de Robotnik), en particular consiste nun brazo UR5e (Universal Robots) instalado sobre unha plataforma móbil (KAIROS+) para realizar tarefas de manipulación en colaboración con persoas. Dado o elevado custo optouse por unha compra conxunta entre o centro de investigación CiTIUS e o grado, con fin de poder empregar este robot tanto en tarefas docentes como de investigación.

Tamén durante o ano 2021 foi necesaria a adquisición da infraestrutura e adecuación de espazos para o laboratorio de automatización. Este laboratorio conta con 10 ordenadores e 9 estacións de traballo FESTO que constan de PLC-S7

1500 de Siemens e distintos sensores, analóxicos e dixitais, e actuadores (motores, pinzas pneumáticas, etc.). O laboratorio conta ademais con un compresor silencioso e material vario para realizar automatismos pneumáticos con válvulas e cilindros pneumáticos. Este laboratorio será moi importante para materias como Fundamentos de Automática, Tecnoloxía Eléctrica, Teoría de Control, Proxectos Integrados, Visión artificial, mecanismos e sensores, Robótica industrial, servicios Web de sensores. Ademais será amplamente utilizado polo alumnado que realice os traballos fin de grado. Por outra banda, este laboratorio habilitouse no que eran locais do laboratorio de Mecanización, polo que houbo que facer adaptacións previas, facer adaptacións das instalacións eléctricas, etc.

Tamén se levou a cabo unha remodelación do antigo local de alumnos para acondicionalo como "Laboratorio de Robótica"

Tamén se debe destacar que parte da docencia interactiva lévase a cabo nas aulas de informática, con aplicacións informáticas específicas para cada disciplina, máquinas virtuais, ou simuladores. Estes programas necesitan de equipos informáticos de elevadas prestacións e axeitados para as demandas computacionais das materias do grado.
Ademais, a compoñente práctica da titulación poder esixir nalgún caso a realización de prácticas de campo e visitas técnicas, que poden representar un custo adicional en concepto de transporte principalmente. Durante o curso 2019/20 non tivo lugar ningunha destas visitas, pero sí que has houbo xa no curso 2020/21 e 21/22.

En xeral os servizos son alleos ao título, sendo un servizo xeral da USC, aínda que este compleméntase a nivel de centro e de título, coa realización de xornadas de benvida, coa existencia de coordinadores de curso dentro das titulacións, a impartición de charlas informativas específicas do título, entre outros servizos.

Os Servizos de Xestión Académica están vencellados a USC e o Centro, e polo tanto considéranse axeitados.

### 2.5. Máster Universitario de Montes

A titulación utiliza os medios dos que dispón o Centro para realizar a docencia teórica e práctica, e na análise a nivel centro (punto 1) descríbese como estes medios son avaliados e xestionados. A Comisión do Máster e o profesorado contribúen a estes procesos de xestión comunicando ao centro os problemas, deficiencias ou suxestións de mellora que consideran oportunas. Como resultado disto, as valoracións da Enquisa de satisfacción do profesorado (4314244_INF.23_2020_2021.pdf) indican que consideran que os recursos educativos dispoñibles son axeitados (4,25), mellorando esta valoración con respecto ao curso anterior (3,85, non temos información de cursos anteriores). Tamén consideran que as aulas e o seu equipamento están en bo estado e son adecuadas para o seu labor docente (4,16; 4,10 c. a.). A valoración da ferramenta Campus virtual como facilitador da labor docente é alta (4,50; 4,30 c. a.), e tamén a da atención prestada polo persoal de administración e servizos (4.32; 4,05 c. a.).
En canto ás infraestruturas dispoñibles para a realización das prácticas externas, a valoración deste ítem na Enquisa de satisfacción do alumnado cos programas de prácticas externas (4314244_INF.06_EnquisaSatisfPExternas.pdf) é de 3,00, o que indica que sería desexable unha certa mellora neste aspecto. Isto é dependente das empresas ou institucións ás que acceden os alumnos, e no curso 2018/19 a valoración foi de 4,50. Non temos datos de máis cursos. A valoración da atención recibida polo titor profesional ou persoal da empresa foi semellante: 3,50 (5,00 – 18/19) e máxima no que se refire á do titor académico: 5,00. Dado que no curso 2018/19 a valoración foi a mesma, podemos concluír que a atención é boa e mantense así ao longo do tempo. Finalmente, a enquisa indica que a información previa sobre o procedemento non é considerada moi boa polo alumnado (3,00; 3,50 – 18/19), aínda que a normativa que a rexe está ao seu dispor na Web do Centro. É un aspecto a mellorar no futuro.

### 2.6. Máster Universitario en Enxeñaría Agronómica

En relación ás prácticas externas, o centro dispón dunha Subdirección de Prácticas Externas e Relacións Laborais, que é a encargada de xestionar o Practicum e buscar Convenios con empresas e institucións. Adicionalmente, encárgase da difusión desta posibilidade entre todos os alumnos do centro, que dispón dunha páxina web específica.
Por outra banda, o coordinador do título MEA e outros profesores dispoñen de contactos con empresas e institucións que permiten xestionar a mobilidade dos estudantes, como sucedeu recentemente con dúas alumnas egresadas do MEA ao NIAB EMR de Kent (atrasaron o seu desprazamento ao NIAB EMR a finalizar o MEA debido á esixencia do centro dunha estancia mínima de 3 meses).

No curso 2020/21, os alumnos matriculados no Practicum realizaron as súas estancias en empresas directamente relacionadas co MEA, entre outras:

Custom Drinks S.L.U.
PROESTE INGENIERÍA S.L.
CUMAS XALLAS E BARCALA SOC. COOP GALEGA
Leite RIO

Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.
Non se recibiu ningunha queixa por parte do alumnado.
Nas análises referentes á Directriz3 da memoria de calidade (sección específica MEA), dise:

- Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación (valoración media das preguntas relativas á satisfacción coa titulación da enquisa de egresados): 3,26.
- As enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (indicador IN46M-S01-PM-01) produciron un resultado global de 4,03 sobre 5, valor similar aos dos últimos cursos.
- A avaliación da satisfacción do profesorado (IN47M-S01-PM-01) mostra resultados semellantes aos do alumnado. O valor medio foi de 4,32 en 2020/2021, 4,37 en 2017/18, 4,27 en 2016/17 mentres que a do curso 2015/16 foi 4,13.
- En xeral os alumnos valoran ben a docencia recibida, cun máximo de 4,03.
- No que respecta aos egresados, os datos mostran unha valoración da titulación (IN42-S01-PM-01) de 3,26, mellorando as puntuacións de anos anteriores, 3,09 e 2,21. A taxa de éxito foi elevada, do 97,52 %, do orde de anos anteriores.
- A satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible (valoración media da enquisa de satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible) tamén mellorou cun 4 respecto ao 3,30 e 2,80 de anos anteriores.
- Grao de satisfacción dos egresados cos servizos (valoración media das preguntas relativas á satisfacción cos servizos da enquisa de egresados) foi dun 4,7, superior ao valor anterior 3,17.

### 2.7. Máster Universitario en Dirección de Proxectos

A xestión de servizos e recursos materiais son compartidos co centro ao que o máster está adscrito, a Escola Politécnica Superior de Enxeñaría. No referente a recursos para a docencia, o máster recibe unha asignación do centro para a adquisición do material funxible preciso, que consideramos que é suficiente.
No referente ás prácticas externas, obrigatorias no caso do máster, cada ano os alumnos desenvolven as súas prácticas en distintos centros. Carecemos de datos actualizados do grao de satisfacción dos alumnos, pero cada ano os alumnos deben de entregar, ao finalizar as súas prácticas, unha memoria na que se reflicte o grao de satisfacción coas prácticas realizadas. Así mesmo os titores realizan un informe no que reflicten o grao de satisfacción coa estancia do alumnado. En ámbolos casos a resposta en Xeral e moi favorable, sendo excepcional os casos de alumnos ou empresas que non aplican notas superiores a un 9,0 no grao Xeral de satisfacción

### 2.9 Máster Universitario en Planificación e Xestión Territorial

### 2.8.1. Recursos materiais

A xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos non son competencia directa dos títulos polo que a análise correspondería ao centro e mesmo ao campus e/ou á USC, xa que a maioría dos servizos son xerais: Campus Virtual, ATIC, Biblioteca, etc.
Na memoria do título incluíuse a necesidade de que houbese un equipamento de xestión da teledocencia, tendo en conta que habería tanto profesorado como alumnado nos dous campus/centros. No inicio do curso 2020-21 non houbo ese equipamento dispoñíbel, polo que se produciron numerosas disfuncións neste sentido (os altofalantes, por exemplo, non funcionaban, mais tampouco as equipas informáticas estaban preparadas). En moitas ocasións as aulas tiveron que ser seguidas por parte do alumnado mediante os seus ordenadores portátiles persoais, conectándose cos seus propios cascos para non xerar interferencias na aula. Algunhas actividades previstas de interacción entre os grupos dos dous campus non se puideron desenvolver por problemas de conexión.

Porén, ao longo que avanzou o curso 2020-21, foi mellorando a situación, non tanto porque se respondese ás necesidades específicas do MPXT senón porque foi preciso renovar as obsoletas infraestruturas da USC para adaptalas á docencia necesaria en relación coa pandemia da covid-19 (grupos espello, confinamentos, etc.). En particular cómpre ter en conta que o grupo do MPXT no campus compostelán no curso 2020-21 estivo no IDEGA ante a falla de aulas na FXH, onde se dotou a aula axeitadamente no segundo semestre, máis tarde do que no resto da USC ao asumirse que o IDEGA non ten funcións docentes. De feito, a dotación produciuse grazas ao proxecto de investigación dun dos profesores implicados no MPXT. Até ese momento os problemas foron constantes.
En todo caso, a infraestrutura básica de docencia constaría en teoría de ordenador, canón, altofaltante e detector de voz.
Tamén sería bo pensar na necesidade de dotar unha aula SIX para o mestrado, para poder desenvolver as actividades axeitadamente. A delicada situación económica que atravesa a USC fai complexo que se puidesen renovar axeitadamente gran parte dos recursos informáticos.
A dotación de licenzas de uso de SIX para o alumnado é as veces bastante problemática e podería estar ben centralizada nunha estrutura tipo laboratorio de SIX.
EDUROAM, e xa non digamos a rede por defecto de wi-fi da USC, funciona mal frecuentemente na FXH (e no IDEGA directamente non ía en moitas xornadas do curso 2020-21).
En canto ao tema da saúde e seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe no centro, o impacto da pandemia da covid-19 na segunda metade do pasado curso 2019-2020 deu lugar a importantes cambios, reflectidos nos documentos elaborados ao efecto pola USC (https://www.usc.gal/gl/usc/covid19), adaptados polos dous centros implicados. No caso do IDEGA, a coordinación do mestrado elaborou o seu propio Protocolo do IDEGA para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura no curso 2020-21, ultimado o 16/9/2021 e remitido á FXH, cun plano asociado de distribución do alumnado no espazo, respectando as distancias de seguridade interpersoal estabelecidas. A petición do persoal administrativo do IDEGA, a Oficina de Riscos Laborais da USC inspeccionou o IDEGA para comprobar se era posíbel o desenvolvemento da docencia no faiado e resolveu que era correcta a distribución de espazos que se fixera.
A Biblioteca da FXH ordinariamente comproba, no proceso de revisión de guías docentes, que toda a bibliografía básica recomendada estea nos fondos dispoñíbeis.
A AASX non ofrece datos de satisfacción dos medios materiais dispoñíbeis, co cal non é posíbel comentar indicadores neste senso.

### 2.8.2. Servizos

En xeral os servizos de xestión académica son alleos ao título, sendo competencia da USC. Algúns destes servizos sufriron modificacións o pasado curso 2020-21 por motivo das restricións excepcionais derivadas da pandemia.
